



RAIGAME

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIONS POPULARES

Novembro de 2011


nº 35



REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIONS POPULARES

DEPUTACION
OURENSE
CENTRO
DE CULTURA POPULAR
XAQUIN
LORENZO

índice



páx. 5

páx. 6

páx. 10

páx. 16

páx. 18

páx. 26


páx. 30

páx. 36

páx. 40

páx. 46

páx. 50



páx. 58

páx. 62

páx. 68

páx. 76

páx. 80

páx. 84

páx. 88

páx. 90

páx. 94

páx. 98

Editorial

CARTA A BALBINO

Xosé Neira Vilas

ENTREVISTA CON XOSÉ NEIRA VILAS

CARTA DE OTERO PEDRAYO A NEIRA VILAS

Ramon Otero Pedrayo

AS CATRO VIDAS DE NEIRA VILAS

Afonso Vázquez-Monxardín

O NOSO CATECISMO: NO CINCUENTENARIO DA PUBLICACIÓN DO LIBRO *MEMORIAS DUN NENO LABREGO*, DE NEIRA VILAS

X. L. Axeitos

A HUMILDADE DUN CLÁSICO. UNHA VISIÓN DE NEIRA VILAS DENDE A ESCOLA

Pilar Sampedro Martínez

NEIRA VILAS, SOCIÓLOGO E ANTROPÓLOGO DA GALICIA DA POSGUERRA

Avelino Muleiro

CATRO ILUSTRADORES PARA BALBINO (50 ANIVERSARIO DE *MEMORIAS DUN NENO LABREGO*)

Xabier Limia de Gardón

TRANGALLADAS

Cándido Pazó

PEPE VELO E ANISIA MIRANDA DÚAS HISTORIAS (APÓCRIFAS) CRUZADAS NUNHA FOTOGRAFÍA

Antonio Piñeiro Feijóo

HOMENAXE NEIRA VILAS

Rosa Aneiros

NEIRA VILAS. ESCENARIOS DUNHA HISTORIA GALEGA E LABREGA

Felipe-Senén López Gómez

O CURA E O XUDÍO, DOUS PERSOEIROS DE *MEMORIAS DUN NENO LABREGO* REPRESENTATIVOS DA RELIXIOSIDADE NO MUNDO RURAL DO SEU TEMPO

Victorino Pérez Prieto

BALBINO

Xosé L. Rivas Cruz. Mini

PEPE NEIRA, AMIGO

Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero

AS *MEMORIAS* PARA UN NENO DE CIDADE

Xosé María Dobarro Paz

MEMORIAS CON R DE REBELDIA

Marilar Aleixandre

ALÉN DO MAR E DE BALBINO

Belen Regueira

PALABRAS DENDE GRES. PALABRAS DE PANTRIGO E ACEIRO.


Marga do Val

DATOS PARA A HISTORIA

Portada:

RoFer (Roberto Fernández)

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES



Dirección **Mariló e Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Javier Álvarez Campos**

Colaboración especial **Fundación Xosé Neira Vilas**

Icono Raigame (contraportada) **Tomás Vega Pato**

Coordinan **Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo F.
Escola Provincial de Danzas
Colectivo Castro Floxo**

Edita



Deseño e Realización infográfica **disigna edenía**

Impresión **RODI Artes Gráficas, S.L., Ourense**

Dep. Legal **OU - 75/95**

I.S.S.N. **1136-3207**

Todas aquelas persoas que teñan

interese en publicar artigos ou traba-

llos nesta revista poden dirixirse a:

RAIGAME

Aptdo. 484

Tlf. e Fax 988 249493

32080 - Ourense

ccpraigamepublicacions@depourense.es

www.ccpxaquinlorenzo.es

Revista de distribución gratuita pre-

via subscrición no correo electrónico

anteriormente indicado.

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

Algunhas obras imprescindibles da nosa literatura naceron en América. Así, por exemplo, Follas Novas, de Rosalía, No desterro e Vento mareiro, de Cabanillas, Sempre en Galiza, de Castelao, A esmorga, de Blanco Amor, e Memorias dun neno labrego, de Xosé Neira Vilas. A este último libro e ó seu autor vai dedicada a presente edición de RAIGAME.

Labrego, contable, emigrante, dirixente administrativo, director de revistas, investigador, xornalista e escritor monolingüe, historiador da nosa emigración e activista incansable da cultura galega, foi e sigue sendo este home octoxenario que naceu na aldea pontevedresa de Gres, no Val do Ulla, andou por América 43 anos e volveu ó seu eido natal hai dúas décadas, para encamiñar e dirixir a Fundación que leva o seu nome e seguir deleitándonos cos seus escritos, na prensa e no libro, tendo sempre a Galicia como orientación e destino. (A súa muller, Anisia Miranda, cubana, escritora, filla de emigrantes ourensáns, que o acompañou, na vida e nas inquedanzas comúns ó longo de 52 anos, falecida o 22 de outubro de 2009).

Neira Vilas, que viviu doce anos na Arxentina e trinta e un en cuba, descubriu en Buenos Aires a significación histórica e a singularidade da lingua e a cultura de Galicia, e coma se fose unha nova relixión, un xeito de apostolado, abrazou de por vida, en toda a súa dimensión, a causa galega. Ama o seu país natal sen chauvinismo nin exclusións, preocupándose ó mesmo tempo polo acontecer do mundo e exercendo en todo momento –abonda con ler os seus traballos– un internacionalismo solidario. Dóenlle os “pobres da terra”, que por millóns padecen fame, enfermidades e non teñen auga nin saben ler. Dóenlle, sobre todo, os nenos e as nenas.

Neno tamén era Balbino, o protagonista de Memorias dun neno labrego, ese libro emblemático da nosa li-

teratura de todos os tempos, traducido a 17 idiomas, incluídos o chinés e o esperanto, cunha versión teatral en lingua maia e unha edición en braille para cegos; un libro co que nace a literatura infantil galega, e do que se publicaron ata hoxe arredor de 700.000 exemplares. Sobre el fixéronse estudos e tesinas en universidades de Europa e de América, así como dous documentais, e a dramatización de varios capítulos na Televisión Italiana.

A Universidade a Distancia e a Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago dedicáronlle a esta obra cadanseu curso nos que tomaron parte destacados profesores que analizaron diversos aspectos da mesma.

Unha exposición itinerante titulada “Querido Balbino”, sobre a traxectoria deste libro e do seu autor, está recorrendo cidades e vilas de Galicia. A editorial Galaxia creou a Biblioteca de Autor e fixo tres edicións da obra. O actor e escritor Cándido Pazó ven representando con moito éxito por toda Galicia –e tamén na Arxentina, en Brasil e en Suiza– o seu monólogo Memoria das Memorias dun neno labrego.

Por todo o que queda dito, de xeito resumido, ben se xustifica que RAIGAME rinda homenaxe a Xosé Neira Vilas polo cincuentenario de Memorias dun neno labrego.

Agradecemos a colaboración de homes e mulleres das nosas letras que acolleron con moita simpatía esta iniciativa e fixéronnos chegar as entrañables colaboracións que aquí publicamos.

Como dixo un gran poeta, “honrar, honra”, e os editores da revista sentímonos honrados e satisfeitos coa presente edición monográfica.



Neira na biblioteca da Fundación que leva o seu nome.

TRAXECTORIA DE MEMORIAS DUN NENO LABREGO

Este libro foi escrito en Buenos Aires en 1960. Publicouno alí a editorial Follas Novas, cunha cuberta de Luís Seoane. Saíu do prelo o 5-01-1961 (Imprenta Alfonso Ruíz). Tirada: 2.000 exemplares, dos que se distribuíron 300 en Galicia.

En 1968 deuno a coñecer nesta banda do mar Edicións do Castro, con cuberta e ilustracións de Díaz Pardo e un proemio de X. Alonso Montero. A mesma editora chegaría a facer 29 edicións. Fixo tamén unha edición numerosa *La voz de Galicia*.

Neste ano Galaxia publicou cinco edicións sucesivas. En castelán editouse en Madrid, Pontevedra e A Habana (nesta última con 125.000 exemplares).

Ademais do castelán foi traducido aos idiomas éuscara, catalán, asturiano, francés, portugués, inglés, alemán, italiano, sueco, romanés, ucraíno, búlgaro, chinés, checo, esperanto e ruso. Hai unha edición en braille. En total ata o día de hoxe publicáronse á beira de 700.000 exemplares.

Sobre a obra hai varios documentais e está prevista unha longametraxe. Dramatizou tres capítulos a Televisión Italiana. Escenificouse en múltiples colexios galegos. O actor Cándido Pazó creou un monólogo que vén representando en diversas salas de Galicia. Tamén o levou a teatros de Arxentina, Brasil e Suíza. Hai uns anos, unha adaptación teatral desta novela representouse durante sete meses en comunidades agrarias dos tres estados mexicanos da península de Iucatán, en lingua maía.

Carta a **BALBINO**

Xosé Neira Vilas

Querido Balbino:

Eramos da mesma idade. Con vinte anos eu marchei para América e ti ficaches na aldea, en calquera aldea das tantas aldeas galegas. Tamén ti eras un dos tantos Balbinos, pois daquela había moitos (non de nome pero si de condición). Nunca te esquecín, porque sería coma esquecerme do meu propio berce, do meu eido orixinario, de min mesmo, que en definitiva son ou fun, coma quen di, un Balbino máis. Un ninguén.

Funme da casa de meus pais, como ti te fuches, pero marchei moito máis lonxe, coma tantos daquela, e coma tantos asentei na cidade de Buenos Aires. Alí, un día e outro, un ano e outro traballei, estudei, deprendín moitas cousas, tratei homes e mulleres de diversas latitudes e diversos xeitos de pensar, coñecín o ancho do mundo, un amplo e novo horizonte, e rillei as codias resesas do pan que o demo amasou. E canto máis lonxe estaba da miña parroquia de orixe, máis me sentía dela e por iso me dediquei a defender o país onde nacera e faláballe del con emoción ós paisanos e aos de fóra. E un día boteime a escribir, na mesma lingua en que vai esta carta; a mesma que lle escoitei a meus pais e a meus avós e aos meus veciños; a mesma en que tatexei as primeiras falas por entre os palitroques do



Entrada na Arxentina, o 10 de febreiro de 1949; Neira ten vinte anos.

meu berce de freixo que fixera meu pai e que serviu tamén para arrolar, co agarimo de cancións que viñan de pais a fillos na lingua de cada día, a seis gromos que foron abrollando na casa despois de min.

Aquela lingua era no desterro un signo de identidade, un fío que me mantiña vinculado ao meu país e que me permitía seguir sendo eu. Era como unha bandeira ergueita, un faro para non perderme, para continuar o meu rumbo, para non me esluír.

E nesa teima da palabra escrita, tras dez anos de emigrado e con trinta no corpo, boteime a escribir sobre ti, e contei ao meu xeito a túa vida, a que che tocou vivir alá polos teus

**Con vinte anos eu
marchei para América e
ti ficaches na aldea.**

doce ou trece anos, cando ocorreu aquilo do *cantazo* na testa do señorito provocador que tanto te encirrou, e é de razón que algún día hai que arrepoñerse se non queda outro camiño. E o certo é que non o tiñas pois enriba teu pai humilloute coa tunda que che arreou diante do veciño rico, para compracelo. E fuxiches da casa denantes de que te botasen, que niso andaban. Resulta moi triste aquela frase paterna de que “é o fillo do señor e abonda”. Quería dicir que había que aturarlle todo. E iso era inxusto.

Doíache que aquela pedrada puidese ser a causa de que vos botasen das terras e tivésedes que ir polas

Funme da casa de meus pais, como ti te fuches, pero marchei moito máis lonxe, coma tantos daquela, e coma tantos asentei na cidade de Buenos Aires.

Neira Vilas con Alonso Ríos, Fernández del Riego, Suárez Picallo e varios membros das Mocedades Galeguistas en Buenos Aires en 1954.



portas do mundo. Eu son un home de paz, xúrocho, pero sigo pensando que fixeches moi ben arrepoñéndote, e tamén fixeches ben aquela madrugada baixando polo bacelo vello e liscando para Loxo; o certo é que fuches un emigrante, inda que o teu destino fose un lugar a onde podías chegar a pé.

Na casa do Landeiro, coma nun desafogo, escribiches a túa andaina de neno pobre, golpeado pola vida desde que naceras ata o día da tolena humillante. Fuches escribindo nun caderno todo aquilo, é dicir, escribino eu, en tardes sucesivas, nun café de Buenos Aires, pero escribino coma se o fixeses ti mesmo. Falei por ti. Púxenlle voz a aquel rapaz, a Balbino. E o caderno non llo dei a ningún Alberto, a ningún sobriño do Landeiro. Deillo a unha imprenta, hai cincuenta anos, e na imprenta fixeron un libro que se traduciu a moitos idiomas, e a túa vida, que é a vida de moitos coma ti, foi coñecida por medio mundo. O teu nome e a túa historia andan dende hai tempo en letra de imprenta, e tamén en pintura, escultura, cine, canción e teatro. Non é pouco. E saben de ti en moitos lugares milleiros de ra-

paces e rapazas que pasan as follas deste libro, saben da túa existencia e da túa xusta rebeldía, e querenche coma se foses o mellor amigo deles. E non só os rapaces. Persoas de todas as idades séntense achegadas a ti, solidarias contigo, e para que o saibas, ata se fala de erguerche un monumento. Non me negarás que todo isto é moi bonito.

Iso da pedra e da túa fuxida é o final da historia que escribín, pero no meu caderno feito libro conto moito máis. Falo de Pachín, aquel cadelíño amigo teu, listo, agarimoso, que un día morreu e choraches por el, enterráchelo na horta e plantaches unha cerdeira na súa memoria; e de cando te "perdiches", no agro, entre os rengues de millo, enrabechado porque te castigou teu pai cando soubo que lle enfeluxaras a cara ao túzaro de Manolito; e da túa conversa co xudeu, aquel veciño que falaba claro, ou sexa, que pensaba o que pensaban todos pero que só el se atrevía a dicilo e que por iso lle tiñan algo de tirria; e do loito que che encambaron cando morreu teu tío Braulio, un loito sen fin, polo que non che deixaban ir ás romarías nin diver-

tirte no Entroido cos xenerais e os correos e a *vellada*, nin correr tras dos foguetes; e de cómo os grandes se meten ás toas na vida dos rapaces, e inda máis, como era o caso do teu compañeiro Andrés, que o pai chegaba bébedo da taberna e mallaba nel e nos seus irmáns e algunhas noites de xeada tiveron que saír da casa; e de cando o teu irmán Miguel marchou para América e ti falaches de marchar tamén algún día, e teu pai e teu padriño armaron unha regueifa sobre se conviña ou non iso de emigrar; e do rebusque no campo da festa tras da romaría, e a caixiña feituca que atopaches e que escondiches entre a area na beira do río, e que unha enchente arramplou con ela e coa túa ilusión; e de Eladia, aquela mestra nova e agarimosa que te apreciaba, e namorácheste dela, e un día casou, foise da aldea e doeuche no corazón, e moito despois víchela na feira mercando louza e fúcheste do lugar; e de cando andabas con outros do teu tempo xuntando estalotes, codesos, flores de nabo e de romeu, trobiscos, herba de Santa María, herba cruzada e follas de bieiteiro,

e o ritual do lume na encrucillada, e a gaita, e as meigarías, e o sol bailando na mañanciña;

e da morte de teu padriño, e os choros, e os responsos, e os veciños axudando, e os parentes que chegan ao velorio, e os rezos, e aquel corpo inmóbil dentro do cadaleito, e a roupa negra, e o teu cavilar sobre o río da vida, e o soño misterioso que tiveches;

e de Lelo, o amigo que te salvou de afogar no río, e as ilusións dos dous, e os xogos compartidos, e o raposo que levastes casa por casa, e a despedida cando el marchou cos pais para o Brasil, e as vosas cartas por enriba do mar; e aquel ano que fuches sancristán, e o repenique das campás, e o traxe novo, e o túmulo, e o teu cavilar sobre os santos, e a parva na sancristía cando había enterro ou cabodano; e a túa conversa no atrio co enterrador, e os ósos dos mortos, e o sentido da vida, e a idea de facer xenerosamente algo de proveito para non morrer de todo, e o teu xuramento.

Falo de todo isto no caderno, ou sexa, no libro que titulei *Memorias dun neno labrego*. O neno es ti, o fillo de caseiros, insultado unha e outra vez por Manolito, un larchán fillo do dono das terras arrendadas por teus pais. O mesmo señorito que menciono no comezo desta carta, que falaba castelán na aldea porque se sentía por enriba de todos. Un rapaz de mala crianza a quen ti, canso dos seus aldraxes lle afitaches cunha pedra, e tras deso, a somanta que che deu teu pai, a fuxida da casa, o Landeiro, o caderno... Querido Balbino, estou en Gres, a onde volvíñ tras canear por América ao longo de corenta e tres anos. Esta é tamén a túa terra, o teu ámbito, aquí



Neira Vilas con Anisia en Gres en 1998.

están os teus camiños, o río, as árbores, o monte, os labradíos, as insuas, o campo da festa, as bolboretas e os paxaros. E tamén os xogos, a escola, o magosto de piñóns, a igrexa, o atrio cos mortos de cada veciño, as cántigas, os ditos e refráns, a lembranza dos que se foron polo mar.

Tantas e tantas cousas...

En medio século o mundo cambiou moito. E tamén cambiou o pequeno mundo teu e meu, sucedéronse as xeracións, hai outras modas e tamén outros modos, outras cancións, outras palabras que se foron mesturando coa nosa fala, outros medios

para saber o que acontece no mundo de lonxe, tan revoltado coma sempre. Pero o esencial está como estaba. Permanece. Por iso os Balbinos de hoxe, inda que en xeral teñen mellor mantenza e mellor escola,

Querido Balbino, estou en Gres, a onde volvíñ tras canear por América ao longo de corenta e tres anos. Esta é tamén a túa terra, o teu ámbito, aquí están os teus camiños, o río, as árbores, o monte...

visten mellor, non tripan lama, e os máis deles andan en coche, seguen lendo as túas "memorias", e cando se lles vai algo, falan co pai ou co avó e deseguida volven ao rego.

E nada máis por hoxe, compañeiro, amigo dende a infancia e para sempre, rapaz auténtico da Galicia eterna e auténtica. Xuntos estamos de por vida.

Os Balbinos de hoxe, inda que en xeral teñen mellor mantenza e mellor escola, visten mellor, non tripan lama, e os máis deles andan en coche, seguen lendo as túas "memorias", e cando se lles vai algo, falan co pai ou co avó e deseguida volven ao rego.

Unha aperta e un aturuxo do teu veciño, teu amigo, teu pai e teu biógrafo-fabulador.

Gres, marzo de 2011.



TRAXECTORIA DE MEMORIAS DUN NENO LABREGO

Memorias dun neno labrego como libro de lectura, vense utilizando en colexios de toda Galicia. En castelán, en institutos de Cantabria e de Cuba, e en alemán nas universidades de Leipzig e de Tréveris.

Foi tema de estudos e teses de licenciatura nas universidades de Grenoble e Borgoña (Francia), Fortaleza (Brasil), Roma,

Moscova, San Petersburgo, Compostela e Buenos Aires.

A UNED (Lalín) levou a cabo en 2010 un curso de tres días sobre esta obra, no que tomaron parte cualificados profesores, e en 2011, outro, de rango similar, celebrouse na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago.

Día tras día o autor vén tendo encontros con profesores e estudantes en centros de ensino de diferentes niveis. Este ano *Memorias dun neno labrego* cumpre medio século, o que motiva tales encontros e a entusiasta acollida que se lle ven dando á obra. Esta acollida masiva e os diversos actos de homenaxe ó autor é evidente que continuarán.

entrevista con

Xosé Neira Vilas

Raigame

Supoñemos que toda obra literaria ten unha motivación, un propósito, ¿que o levou a vostede a escribir *Memorias dun neno labrego*?

O meu propósito ou motivación neste caso consistía en que quería contar a verdade sobre a vida campesiña. Estaba farto de ler contos e novelas que falseaban a realidade, sobre todo, penso, por ignorancia sobre o mundo rural. Todo era bucólico, feliz, e o drama cotián da xente da aldea non aparecía. Cavilei sobre formas diferentes de enfocar o relato e acabei contando o que se conta por boca dun rapaz. Tampouco hai aquí un inventario de situacións extremas do ámbito labrego. Hai unha mostra, e ademais, como o protagonista é un neno aparecen tamén xogos e outras manifestacións da vida infantil. En *Memorias*, máis que o que se di hai que deducir o que hai detrás de todo. Que o lector adiviñe e saque conclusións do que existe só suxerido. Máis que unha novela ó uso, exhaustiva, aquí está aplicada a técnica do conto, segundo as teorías de Rafael Dieste, o cubano Onelio Jorge Cardoso, ou o riopratense Horacio Quiroga, que comparto e aplico, ou sexa, dicir seis e suxerir dez. Desto teño falado tamén con Julio Cortázar na Habana. Resumindo, o propósito radicaba en contar tal como era a vida da aldea nos anos corenta. Contalo por boca dun rapaz e máis alá do que Balbino nos di decatarnos como lectores do que era aquel mundo, aquela sociedade.



Rafael Dieste presenta a Neira Vilas nunha conferencia no Museo Carlos Maside.



Ilustración de Xaquín Marín para o capítulo "América".

Se non houbera emigrado ¿escribira este libro?

Non sei. Talvez non. A morriña creativa axuda. A distancia ofrécenos unha imaxe máis nidia do que deixamos atrás.

Vostede colaborou na prensa galega de Buenos Aires antes de dar a coñecer *Memorias dun neno labrego*. ¿Existen narracións que adianten o contido desta obra?

Algo poida que si. A profesora bonaerense Nora Longhini, autora do libro *Neira Vilas na Arxentina* (editorial Galaxia) seleccionou e deu a coñecer moitos contos publicados por min na prensa galega de Buenos Aires, e na súa análise vai mostrando certo esbozo dalgúns personaxes que máis tarde aparecerían non só en *Memorias*, senón tamén noutras narracións miñas.

¿Coñeceu en Buenos Aires outros *Balbinos*, outros emigrantes con vivencias semellantes ás de vostede?



Ilustración de Xaquín Marín para o capítulo "O meu amigo".

Moitos. O Balbino das *Memorias* non é un rapaz illado. É a suma de moitos coma el en toda a Galicia rural. E moitos emigraron, coma Lelo, ou coma Miguel o irmán do noso protagonista. En Buenos Aires hai cincuenta anos había *Balbinos* (non de nome pero si de condición) das catro provincias. E o "meu" Balbino tamén era un candidato a emigrar (véxase o capítulo "América").

¿Que diferenzas podería sinalar entre os rapaces das aldeas de hai cincuenta anos e os de agora?

Obviamente hai enormes diferenzas. Os de agora aliméntanse mellor, visten mellor, teñen mellores colexios, ven o mundo de xeito diferente, máis amplo e global porque dispoñen doutros medios (televisión, teléfono, internet). Daquela non había nin sequer enerxía eléctrica na maioría das aldeas. Mais debo sinalar que tal vez aqueles rapaces fosen máis vitais. Ían polos montes, pescaban e batuxaban no río, facían os seus propios xoguetes, armaban paxareiras e lazadas nos tobos dos coellos, camiñaban con zocos sobre a lama oito ou dez quilómetros como algo normal, cantaban, bailaban coas rapazas nas romarías, divertíanse no entroido... Contodo, os de hoxe len este libro e identifícanse con Balbino, e can-



Portada da edición alemá.



Ilustración de Alfonso Costa para a edición catalana.

do teñen algunha dúbida preguntanlle o pai ou o avó e volven ó rego sen a menor dificultade.

¿Existe algunha relación entre os personaxes de *Memorias dun neno labrego* e os de *Cartas a Lelo*?

Si. Lelo é o que salva a Balbino de morrer afogado cando este cae no río. Máis tarde, Lelo emigra cos pais ó Brasil e Balbino escíbese con el (tamén se escribe co rapaz emigrante, Toño, veciño da mesma aldea. Tal como aparece no meu libro *Cartas a Lelo*.

Ruliño, o neno de *O cabaliño de buxo* e o protagonista da novela *Aqueles anos do Moncho*, outros dous libros seus para nenos. ¿Poderían chegar a ser tamén outros *Balbinos*?

Ruliño ten uns cinco ou seis anos, e Moncho anda polos oito. Balbino ten arredor de trece. A vida na aldea é a mesma para todos eles, e cando Ruliño e Moncho medren, cando pasen uns cantos anos, tamén serán

Balbinos. Máis aínda, están destinados ou condenados a vivir peripecias semellantes ás do protagonista das *Memorias*.

¿Por que cree que o seu libro foi traducido a tantos idiomas e foi tan ben acollido en latitudes tan distantes como poden ser Canadá, Alemaña, Rusia ou China?

Teño cavilado moito neso e cheguei á conclusión de que o mesmo que os adultos, os rapaces dun ámbito determinado, teñen os mesmos problemas e as mesmas ou moi semellantes inxedanzas no mundo enteiro. Teño falado diso cun filólogo alemán, Klaus Bochmann, comparando un neno galego da aldea, dunha Galicia pobre, deprimida de posguerra, cun rapaz alemán de hoxe de Leipzig ou Berlín, e díxome que si, que era unha historia humana, máis alá do tempo e da condición social.

¿Tivo vostede algún modelo literario para darlle feitío a este relato?



Catálogo da exposición itinerante "Querido Balbino".

Non. E se o houberse tido diríao, pois iso non é desdouro ningún. Tampouco nego que, entre tantas lecturas e tan diversas, nalgún momento, sen eu mesmo percatarme, puidera chegar a min algún reflexo, inda que non me consta, pois xa se sabe que o lobo está feito de cordeiro asimilado.

¿Memorias dun neno labrego foi utilizado no ensino?

Utilizouse moito nos colexios, institutos e escolas de formación profesional de toda Galicia. En castelán utilizouse nos colexios de Cantabria e en Escolas de Secundaria Básica de Cuba. En ruso utilizarono en todas as escolas de idiomas da desaparecida Unión Soviética, e en alemán, nas Universidades de Leipzig e de Tréveris. Iso ata onde eu sei.

Dado que o mundo rural galego cambiou tanto, ¿cal é o motivo de que os rapaces de hoxe sigan interesándose por esta historia e siga atraéndolles a figura de Balbino?

O libro séguese reeditando e séguese lendo polos rapaces de hoxe, é certo. Penso que en parte ocorre porque o protagonista é tamén un rapaz que conta a súa vida en primeira persoa. Tamén porque hai xogos e costumes que son de sempre; e hai un canciño, Pachín, un escolar que se namora, unha rebeldía, certo enfrontamento cos criterios dos adultos, etc. Máis alá diso, os rapaces e as rapazas son solidarios e acaban poñéndose de parte de Balbino cando é humillado e ten que fuxir da casa paterna. Son ingredientes válidos para calquera neno de calquera tempo e país. (Tamén len este libro os adultos, pois moitos foron coetáneos de Balbino).



Capa da edición portuguesa.

¿Podería dicirnos en que Universidades foi tema de estudo Memorias dun neno Labrego?

Sobre *Memorias* publicáronse estudos diversos e, ademais, elaboráronse teses de licenciatura nas Universidades de Moscova, Grenoble, Borgoña, Fortaleza (Brasil), Santiago de Compostela, Roma e Buenos Aires. As cinco primeiras foron publicadas en libro.

Contando os diferentes idiomas e as sucesivas edicións deste libro, ¿sabe cantos exemplares se levan vendido ata hoxe?

Ata o 30 de decembro de 2009 publicáronse algo máis de 600.000 exemplares. Ó día de hoxe, talvez rebasen os 700.000.

Memorias dun neno labrego ¿foi levado a escena?

Representáronse fragmentos da obra en moitos colexios de Galicia. E o actor e escritor Cándido Pazó fixo unha adaptación teatral da novela e dende xaneiro de 2011

ven representándoa con moito éxito en cidades e vilas de Galicia, nun monólogo que titulou *Memoria das memorias dun neno labrego*. Ademais, presentouna no Teatro Valle Inclán de Buenos Aires e en dous teatros municipais de Río de Xaneiro. En México, Ramón Sierra fixo unha versión escénica que se representou dúascentas veces, en castelán, en comunidades rurais dos tres estados da península de Iucatán, e outras dúascentas o ano seguinte, en lingua maia.

A Consellería de Cultura patrocinou unha exposición itinerante titulada “Querido Balbino”. ¿En que lugares estivo e a que outros será levada?

É unha exposición que está tendo moito éxito. Inaugurouse o 1 de abril pasado na Biblioteca provincial da Coruña, pasou logo á de Pontevedra e máis tarde a de Lugo. Foi a Verín, Santiago... Percorrerá diversas cidades e vilas de Galicia. Coordina Pilar Corredoira e son comisarios da mostra, que montou o grupo Revisión, Valentín García e Luís Reimóndez.

O ano pasado, 2010, levouse a cabo un curso de tres días organizado pola Universidade a distancia, UNED, en Lalín, e esta ano outro na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago, ¿que lle pareceron as disertación dos distintos profesores participantes?

En ambos cursos tomaron parte cualificados profesores. Algúns nomes: Xosé Lois Axeitos, Dolores Vilavedra, Ramón Villares, Víctor F. Freixanes, Rafael Villar, Miguel Anxo Seixas, Luís Álvarez Pousa, Rosa Aneiros, Marilar Aleixandre, Henrique Monteagudo, Vitorino Pérez Prieto, Marcial Gondar e outros. Ambos desenvolveronse cun elevado nivel intelectual e con moita participación.

¿A que idiomas foi traducido *Memorias dun neno labrego* e quen es foron os seus tradutores?

Foron estes: catalán, Marc Ferrer i Cuixart; asturiano, Xandro Fernández; portugués, José Viale Moutinho; italiano, Patrizia Compagnoni; éuscaro, Andrés Urrutia Badiola; francés, Corinne Son; inglés, Camilo Ogando; ruso, Oleg Ostrovski; romanés, Ioan Faiciuc; ucraíno, Serguei Sizonenco; alemán, Gundrun Nohl; sueco, Kerstin Allrot; búlgaro, Dimíter Anguelov; checo, Miloslav Pluhar; chinés, Jan Chen Jao; esperanto, Suso Moinhos; ademais da versión espontánea dos actores

lucatecos en lingua maia, como xa dixeran. E a ONCE fixo unha edición no sistema Braille para cegos.

***Memoria dun neno labrego* ¿ten ou tivo presenza nos medios audiovisuais?**

Fixéronse dous documentais cinematográficos: un de Víctor F. Freixanes, en 1986 (cando o libro cumpría 25 anos) rodado en Gres para o programa *A trabe de ouro*, da Televisión de Galicia, e outro en 2002 (estreado no Festival de Cine de Ourense) dirixido por Xan Pérez Leira. Consiste en entrevistas a uns vinte e cinco intelectuais. Dramatizáronse varios capítulos na televisión italiana. E o director e produtor Ismael González, ten listo o guión para unha longametraxe.

Ademais de *Memorias dun neno labrego*, ¿que outros libros seus foron traducidos a outras linguas?

En castelán foron publicados tamén *Aqueles anos do Moncho*, *Camiño bretemoso*, *Querido Tomás*, *Galegos no Golfo de México*, *Castelao en Cuba* e *Espantallo amigo*; en catalán, *Espantallo amigo* e *Cartas a Lelo*; en éuscaro, *Espantallo amigo*; en francés, *Espantallo amigo* (a versión francesa deste libro para nenos inclúe unha adaptación teatral que se representou ó aire libre nun parque parisino e no teatro romano de Nimes o Día da Concordia, nun grandioso festival pola paz, e o Día da Poesía, coa mesma versión, representouse en cento nove colexios das aforas de París. En castelán tamén se publicou na Habana en 1982 unha antoloxía que contén narracións de *Xente no rodicio*, *Camiño bretemoso*, *Historias de emigrantes*, *A muller de ferro*, *Cartas a Lelo*, *Remuíño de sombras*, *Aqueles anos do Moncho*, *Galegos no Golfo de México*, *Querido Tomás* e *Nai*.

Trabalha 18 de Outubro de 1951 Sr. de José Vieira Vilas

Meu querido e lembrado: Chegou o papas com seus contos e
memórias. ¡Paris improprietário o que pode lembrar e contar um rapaz!
Collins da mãe e como estava nação de olhar quicão de noção
sentime co il o pi do cometicio branco onde hai um banqueiro
xeitos... É puzume a escuita... O papas falaba num galês tan
bue peneirado que mesmamente se esmitaban as peneiras da
Vosa Kata Laurando nas mans das Vais e os memetas do dia,
e da manian de comica que quidava como um reço no vrain pro
non perdeve chusca de aquita pala onde de coaria o vupir da alderite
os mehos e as lepiros e os chuscados que neno observados, e valente
los seus xantos de malençonica e hasta a namoradeira e sabendo de
simulane aqui amonico pola Elabie que outro, que anti comen
te houbera es pallele cu decessoras paxeias. Do isto neno e xcu
tiz e mehosas. Sabe as auspicias do campo e as doas e noas da ca
za... Seu relato é cu arditos de corte, de pume, de manian meillade
na fance de trabalhar... de caudo cu canto as folas do cometicio
no es pallele de seu e van es trauco o chan de velle puzume ve
ve vexada... E que noas estaban meitos amigos e xcutos, com a
vill fole de cidre, e hasta o rio, e os viciis e o paisane... Canto
de nupato desahore cu o neno... des mariado logo. Justo o tito
O libro falava nois meha ver. Volvria a il. Mas revera es cas cu a
confirmaçio daquelas folas o que tuam que um suas paxeias
e aqui de catanare tan logo de vida... Noxe, dia de santo de unida
Vais... Elabie, neno meito nos amigos e no relato de aqui rapaci.
no... Mas amo tita o pai. Era de 75 anos, tenia coisado a meitos re
ditos, puzos, e rios, pantanosos e furos, de alder... Poderia xurar que
culpura de ilis botaria dez sacos e reconheciera os touz repe
tes... Xa o touz xido de neno... Vai munda novada e neno apalaci.
mento. Lembraçio o libro saiu bu apañado, xcutil, e puzoso o albuco
de coane... Por aqui de trabalho o que pado pro co neno eto no depen
to de arden meitos cosas amebado los anos non chaga nada a re
to. Santos bu apañados que Maria - S. D. N. C. Tarcia de fita puz
os touz. E aqui o fozco vai foz e apañado. Os touz no em.
pantane proibido, ademean como cambrios puzentes. Santos
os amigos. Mas amente a novada e as paxeias.
Sampre o velle amigo e imian
Ramon Otero Pedrayo

Carta de Otero Pedrayo a Neira Vilas

Ramon Otero Pedrayo

Trasalba 18 de Antroido do 1961

Sr. D. Xosé Neira Vilas

Meu querido e lembrado: Chegou o rapaz cos seus contos e memorias. ¡Parés imposibele o que pode lembrar e contar un rapaz! Collino da man e como estaba mañán de ollar griseiro de mociña senteime co il ó pé do camelieiro branco onde hai un banquiño xeitoso. E púxenme a escuitar. O rapaz falaba nun galego tan ben peneirado que mesmamente se espreitaban as peneiras da Nosa Fala danzando nas mans das Nais e os minutos do día e da mañán decorrían priguizosos como un rego no vrán pra non perdere chisco de aquila fala onde decorría o vivir da aldea, e os medos e as legrías e as chuscadas dun neno ouservador, e valente cos seus rautos de malenconía e hastra namoradoiro e sabendo disimulare aquil amoriño pola Eladía que outro, romanticamente houbera espallado en demoradas páxinas. Pro iste neno é xentil e moderno. Sabe as augueiras do campo e as doores e noxos da casa. Seu relato tén ulidos de corte, de fume, de mañán mollada sin ganas de traballar. De cando en cando as froles do camelieiro esfollanse de seu e van estrando o chan de unha fermosa neve vexetal. E con-nosco estaban moitos amigos e xentes, con aquil Lelo de Cidre, e hastra o rio, e os viciños e o paisaxe. Cando de súpeto desapareceu o neno. Desmasiado logo. Quedou o libro. O libro falou soio unha vez. Volverei a il. Han seren os écos ou a confirmación daquilas falas o que tiñan pra min súas páxinas e aquil decatarese tan logo da vida. Hoxe, día do Santo da miña Nai, S. Eladio, penso moito nos amigos e no relato de aquil rapaciño. Mal amo tiña o pai. Eu, de 73 anos, teño coñecido a moitos señoritos, probes e ricos, pantasiosos e burros, da aldea. Podería xurar que calquera de iles botaría dez tacos e reconciliaría os dos rapaces.



Anisia e Neira Vilas no seu fogar de Buenos Aires (Sede de Follas Novas) con Otero Pedrayo en 1959.

Xa o teño visto de neno. Vai miña noraboa e meu agradecimento. Endemais o libro saíu ben apañadiño, xentil e prezoso o debuxo de Seoane. Por eiqui eu traballo o que podo pro co meu eterno defeuto de arelar moitas cousas amedrado cos anos non chega nada a rego. Saudosos ben afervoados pra Anisia – b.s.m. - e tamén de Fita pra os dous. Eiquí o febreiro vai doce e agasalleiro. Os toxos no empardecer, frolidos, alumean como candieiros ourentais. Saudos os amigos. Novamente a noraboa e as graziñas.

Sempre o vello amigo e irmán.



Neira visto por Seoane.

AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN

Catedrático de Língua e Literatura Galega.
Secretario do Arquivo Sonoro de Galicia do
Consello da Cultura Galega.

As catro vidas de Neira Vilas

Afonso Vázquez-Monxardín

Na crítica á emigración de finais do século XIX e comezos vinte ás veces dicíase que unha das maiores sortes que lle podían cadrar a unha persoa era nacer, vivir e morrer no mesmo lugar. Neste caso, o percurso da historia particular e íntima cinguiríase á evolución da persoa en relación ao medio social no que aparece mergullada. Se este é dinámico a vida terá cambios importantes, se é estático tenderá a ser repetitiva e gris situándose, dalgún xeito, á marxe da historia.

Pero se unha persoa se move por circunstancias de emigración ou exilio entre varios lugares tenderá a ter vivencias moi distintas entre as que se poden establecer ou non, fíos ou ríos de sensibilidades, sentimentos, compromisos, actividades, lembranzas. Dalgún xeito, a suma de experiencias vitais tan distintas fan que dunha persoa poidamos dicir que viviu varias vidas.

E Xosé Neira Vilas ten a inmensa sorte de ter engando ao tempo, ao mundo, á xeografía e á historia facéndose acreedor e vividor de catro vidas distintas, sucesivas, complementarias. Todas eles vividas con frutífera intensidade, lembradas con grande claridade e detallismo e con dous sólidos elos de enlace permanente entre todas: o compromiso co progreso do xénero humano e o compromiso coa cultura galega.

E, indubidablemente, se é sorte nacer, vivir e morrer sen ter que saír do lugar

onde un ve a luz, máis aínda o é ter vivido catro vidas, ter visto a luz de catro ceos, respirado o aire de catro mundos, escoitado o cachón do riso dos nenos en catro países.

A aldea da Galicia tradicional (1928-1949)

Cando Xosé Neira Vilas nace, o tres de novembro de 1928, en plena ditadura de Primo de Rivera, en Galicia había tempo que os intelectuais sensíbles empezaran a tomar conciencia de país e a esperguizarlo dun sono e dunha postración secular. O lanzamento das *Irmandades da Fala*, en 1916, coincidindo coa metade da I Guerra Mundial, a actividade das sociedades agraristas, pero tamén as achegas sociais e económicas producidas pola emigración e a integración na moderna economía de mercado han transformar, pouco e pouco, un lugar no que a a cultura material e non material no medio rural estaba estancada desde os séculos medievais. Hoxe case nos é imposible imaxinar aquel tempo no que non existían luz eléctrica, coches, plástico, e no que o único medio de comunicación de masas era unha escasa e gris prensa escrita.

Pero Xosé Neira Vilas non é Balbino. Non é el un simple neno labrego dunha aldea aillada calquera, aínda que ese mundo lle resultase, claro, vivencialmente próximo. O seu lugar de na-

cemento, a Casa do Romano, no lugar de Gres, sitúase preto da Ponte Ledesma, a uns vinte e cinco quilómetros de Compostela, nunha zona de agricultura vizosa e sociedade relativamente dinámica. E non era a súa tampouco unha familia de labregos míseros e analfabetos. Un dos seus avós, clarinetista, ensinoulle solfexo de pequeno, mesmo antes que as letras. Seu pai, home de oficios, rexentaba a estafeta de correos da localidade e traballaba a carpintería. Súa nai era filla de caseiros idos a máis. Así, xunto coas cousas propias do campo nas que tamén botaba unha man, había outras moitas que lle abrían os ollos e o corazón. Os tempos da Guerra Civil cólleno moi noviño –ten entre oito e once– e pasounos como calquera outro neno pequeno, sufrindo as súas consecuencias pero sen vivirlas directamente. Xosé, asistiu logo á clases particulares e seguiu cursos de comercio por correspondencia. Despois, entre os quince e vinte anos, sen queixa da paga, traballou na contabilidade, nos pagamentos e nos números que cumpría botar nun aserradeiro do lugar. Xa daquela soñaba coa importancia vizosa de América, pois seus pais fixeran unha casa nova cunha herdanza chegada dun parente da Arxentina.

E neses anos de mocidade, nos tempos avoltos dos finais da II Guerra Mundial e seguintes, Xosé Neira Vilas vaise formando de forma autodidacta coa lectura de libros comprados por



*Xosé Neira Vilas
aos dezasete anos en Santiago.*

*Xosé e Manuela,
pais de Neira Vilas no ano 1951.*



correspondencia e ao tempo participa nun grupo de teatro afeccionado de mozos que representaban obras costumistas en galego e incluso escribe textos para o tradicional entroido dos *xenerais* do Ulla.

Pero aqueles tempos, aínda que un fose librando da fame, cousa máis fácil no rural que en moitos sectores das cidades, eran moi malos para progresar. E un mozo desacougado con ansias de estudar e traballar, de prepararse e triunfar nunha vida de horizontes amplos e intuídos nas conversas dos emigrantes que volven e nos libros que le, séntese atraído non polo reducido imán desa Compostela que visita en contadas ocasións en días de feira, senón polo grande espello das terras americanas. Aos vinte anos convértese, pois, nun elo máis das cadeas emigratoria entre a Ulla e Bos Aires.

Eduardo Blanco Amor, tamén emigrante en Arxentina, amigo de Neira citaba constantemente ao poeta austríaco Rainer María Rilke para sinalar que “a verdadeira patria do home é a súa infancia”, e por iso, situou as súas

obras, en galego e castelán, desde *A Esmorga* a *Los Miedos*, sempre, obsesivamente, en Ourense.

Xosé Neira Vilas, porén, reparte a súa obra de creación, e sobre todo a de investigación, entre os mundos que lle cadrou vivir. Xosé Manuel Enríquez, centra nesa diversidade o magnífico ensaio contido no libro *Contos de tres mundos* (1995).

Aínda así, o conxunto que lle deu maior recoñecemento público é o que ten que ver con esa patria da infancia. As obras inspiradas nos tempos da súa nenez, forman un conxunto dúplice. Por unha parte, as obras cuxo protagonista é un neno. Entre elas destaca a que lle deu máis transcendencia dentro do sistema literario galego, e importantísima proxección, tamén exterior: as *Memorias dun neno labrego* (1961). Tamén, cómpre incluír aquí as *Cartas a Lelo* (1970) ou a novela *Aqueles anos do Moncho* (1977). Por outra banda, outro conxunto serían as obras de protagonista maioritariamente adulto pero dentro do mesmo contexto social e cronolóxico das aldeas da súa nenez:

Xente no rodicio (1965), *A muller de ferro* (1969) e *Querido Tomás* (1980).

Bos Aires, mundo urbano e Galicia consciente (1949-1961)

O mozo Xosé Neira Vilas, ávido de formación e experiencias, chega á cidade onde máis galegos viven do mundo poucos meses antes da morte de Castelao. Alí encóntrase cun mundo novo: unha cidade inmensa, centro dun país de aluvión, con xente de todas as procedencias, todas as linguas e todas as relixións, un país enriquecido pola súa posición de neutralidade na II Guerra Mundial e no que todos os avances da sociedade moderna estaban á orde do día. E alí, no medio, a maior concentración de cidadáns galegos do orbe. Disque 400.000. E con avinzas e desencontros entre os vellos exiliados e os emigrantes. Con escaso contacto entre os emigrantes ricos do Club Español da Avenida 9 de Julio e os das pequenas sociedades populares de base local. Con ducias de sociedades esgazadas polos ecos da Guerra Civil. Cunha pugna entre tendencias unificadoras en centros provinciais e o mantemento das identidades das pequenas agrupacións locais ou parroquiais federadas. Nun contexto no que o Centro Galego funciona como punto de encontro mutual e asistencial nun país no que a sanidade pública non existe. Cun esforzo cultural en favor do mantemento e progreso das raíces galegas tanto dos referentes das posturas políticas galeguistas (Castelao, Centro Ourenán, Irmandade Galega, Consello de Galiza) como de progresistas moitas veces en desacordo con eles pero mellor relacionados coa vida cultural arxentina (Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Eduardo

Blanco Amor...) e, tamén, se cadra, coa reemerxencia cultural da Terra. Todos moi orfos pola morte de Castelao, o "presidente dun país que non existe".

Neira Vilas relata como a repercusión pública do enterro de Castelao en xaneiro de 1950 supuxo un despertar súpeto da súa conciencia. Desde ese momento, decátase da pluralidade de sensibilidades e historias da comunidade galega, da existencia de exiliados ao lado dos emigrantes e irá combinando as súas ocupacións laborais e formativas con visitas aos centros da colectividade. Alí, sobre todo á calor das actividades culturais galegas promovidas na galeguísima Avenida Belgrano, no Centro Ourenán, no Centro Galego e no Centro Lucense, irá encontrándose coa palabra e maxisterio de xentes moi formadas, entre os que destacaba pola súa fácil conexión coa mocidade, Eduardo Blanco Amor. Alí le, con outros mozos, afevoadamente, o *Sempre en Galiza* e participa, o 23 de agosto de 1953 no local do *Centro Orensano*, na refundación das *Mocedades Galeguistas* ao abeiro da *Irmandade Galega* trasunto porteño do Partido Galeguista. Alí, nas *Mocedades*, conflúen tanto emigrantes como fillos de galegos: Antón Santamarina, Ricardo López García, Carlos Abreira, Pilar Jeremías, Denis Conles, Clotilde Iglesias "Tacholas", Antón Moreda, entre outros. Ostentará sempre cargos de máxima responsabilidade e codixirá o seu xornal *Adiante* do que saíran 4 números.

Neste ambiente de efervescencia que trata de superar o desacougo paralizante que produciu a morte de Castelao xorden outras dúas asociacións. Unha delas a *Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas* (AGUEA, xuño de 1956) estará

integrada por profesionais galeguistas como Antonio Baltar, Seoane, Dieste, Blanco Amor, Vilanova... outra por xente nova, a *Asociación Argentina de Fillos de galegos* (outubro 1959). Ambas conflúen nas xeiras culturais de conferencias das Cátedras de Cultura que serán a verdadeira universidade popular onde se forma a xeración galega que puido ter tomado o relevo pero que nunca o chegou a facer. As causas foron moitas, e entre elas non é pequena a dispersión de moitos daqueles mozos a principios dos sesenta e a progresiva volta á terra de moitos intelectuais a medida que as circunstancias ían permitindo o traballo na Galicia territorial. Abreira, marcha a Chicago, Ricardo Palmás a Londres, Neira Vilas a Cuba, Denis Conles, a Córdoba de Arxentina, Moreda a Galicia... Tamén voltrán nos sesenta Laxeiro, Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Ramón Valenzuela, Isaac Díaz Pardo... A Galicia dos sesenta co compromiso de novas xeracións universitarias, reasume de novo o facho da cultura.

Nunha das actividades nas que participan, de teatro e declamación tan en voga na colectividade daquela baixo o maxisterio de Eduardo Blanco Amor, en 1954, coincide con Anisia Miranda, filla de emigrantes de Celanova e chegada había un ano desde a súa Cuba natal e que axiña se integra no grupo dos "novos". En 1956 aplica a súa grande capacidade organizativa como secretario da comisión organizadora do primeiro Congreso da Emigración Galega en América, promovido polo Consello de Galiza coa xustificación do centenario do Banquete de Conxo, e no que será el un dos oradores do banquete de clausura.

O ano 1957 será clave. Casa con Anisia e unen as súas vidas tamén en



Neira Vilas e Anisia en Buenos Aires nos xardíns da Facultade de Agronomía no ano 1955.

proxectos culturais e políticos nos que actúan co máximo dos esforzos e eficacias durante o resto das súas vidas. Neste mesmo ano fundan *Follas Novas*, feira do libro galego que se convertirá no enlace que facilitará a importación a América dos libros que se ían publicando en Galicia por parte das editoriais que rexurdían (*Galaxia*, *Monterrey* ou *Bibliófilos Gallegos*) e tamén a exportación dos libros que se ían publicando en Bos Aires. Ao tempo *Follas Novas* era un punto de encontro e viveiro de novas iniciativas socio-culturais, como os ciclos de conferencias sobre lingua e cultura de Galicia, as exposicións de libros, a *Asociación Argentina de Fillos de Galegos*, etc. O altruísmo e afán de colaboración con canta institución galega ou arxentina o permitise, eran a súa razón de ser. No ano 1959, un ano despois de asumir tamén o papel de editorial, organiza *Follas Novas* unha emotiva homenaxe a Ramón Otero Pedrayo con motivo da súa segunda viaxe a Bos Aires. O acto suscitará unha enxurrada de adhesións de toda a galeguidade que nos dá idea do universo de contactos que fora tecendo Neira Vilas desde o seu



En "Galicia Emigrante" colaboraba Neira Vilas na súa etapa arxentina.

domicilio porteño. Ente eles é de destacar, o grupo Brais Pinto de Madrid, por seren dúas mocidades emigrantes e concienciadas, en contacto.

Nestes fins dos anos 50 o fervor revolucionario á calor da loita cubana espallábase por todo o continente americano. O inicio da loita guerrilleira en Cuba, en decembro de 1956, só uns meses despois do *Congreso da Emigración Galega*, vai ser o pano de fondo internacional onde se desenvolva a actividade de Neira Vilas, Anisia e os mozos da súa xeración. Moitos son os revolucionarios que visitan Arxentina daquela e cos que terán distinto grao de contactos. O celanovés residente en Venezuela Xosé Velo foi afervoador orador no Congreso de Emigración; o capitán portugués Hernique Galvão, que logo sería compañeiro do anterior no secuestro do *Santa María* participa como comensal na cea homenaxe do centro ourensán a Otero Pedrayo en xullo de 1959 entrementes reside en Bos Aires, na agarda do permiso para entrar en Venezuela como exiliado Venezuela. Tamén visita o propio Fidel Castro a

cidade de Buenos Aires en maio de 1959, cinco meses despois da entrada vitoriosa na Habana. Sobre a visita de Fidel a Buenos Aires, Neira Vilas publica na revista *Opinión gallega* un artigo titulado "Retoño gallego" e mesmo antes do triunfo da revolución, en 1958 lle dedicara un poema en galego na revista *Lugo* que comeza "Fidel, teu Nome é por si un destino...".

Engaiolados pola experiencia dunha nova sociedade en construción e co camiño achanzado pola participación destacada na revolución cubana do médico arxentino Ernesto Guevara, deciden dar o paso. Así, Anisia, nove anos despois de ter saído da illa e Neira Vilas, súmanse ao proceso en marcha e trasládanse a vivir a Cuba en 1961. Acontece isto xusto despois de pechar a súa fase arxentina coa publicación na súa, agora tamén editorial, *Follas novas* de dous libros seus. Un de poesía *Dende lonxe*, (1960) que leva prólogo de Rafael Dieste e capa de Luís Seoane, outro, as súas *Memorias dun neno labrego* con data de impresión declarada de 5 de xaneiro de 1961 e cuxa capa é da autoría tamén de Luís Seoane. Esta obra, a partir da súa segunda edición, que xa realizan as Edicións do Castro, en 1968 contén prólogo presentación de Xesús Alonso Montero e ilustracións de Isaac Díaz Pardo. Precisamente este vello amigo desde Bos Aires, conta que tamén resultou fascinado pola imaxe da nova Cuba e que estivo a punto de marchar con Anisia e Xosé, pero finalmente, non puido ser.

Ao labor de promoción cultural sinalado en Buenos Aires ou da escrita de obras de poesía ou narrativa baseada na vida rural galega da súa infancia debemos sumar o das obras de creación con temática emigrante nes-

te cono sur, tamén, con claras achegas tamén da súa experiencia biográfica. Estas obras, *Camiño bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968) e *Remuíño de sombras* (1973), serían publicadas por tres editoriais, respectivamente Galaxia, Patronato da Cultura Galega de Montevideo e Monterrei, o que nos volve falar do seu universo de relacións coa galegitude universal e o seu papel como elo entre elas.

Tamén comezou daquela o seu labor de tradutor, pois en 1958 publica o *Itinerario galego* de Victor Luís Molinari. Moitos anos despois, cando as vivencias de mozo se convirten en obxecto de interese histórico, publicou libros artigos sobre as amizades do círculo galego na Arxentina.

Co traslado a Cuba inician ambos, Xosé inicia unha terceira vida. A vida na aldea galega duráralle a el a vinte anos, trece pasáraos na megápolis de Buenos Aires, e aínda mozo de trinta e tres anos e con ampla experiencia vital, incorpórase á Cuba da revolución.

Compromiso coa revolución e traballo por Galicia (1961-1992)

A derrota da invasión de Bahía Cochinos en abril de 1961 produciu unha onda de simpatía con Cuba en todo o mundo hispano ao entendela, maiormente, como a defensa do David fronte ao Goliath imperial. Será pouco despois, en xuño, cando se trasladen á Habana Xosé e Anisia.

A comunidade galega en Cuba estaba daquela nun solpor que se comezara a iniciar co crack de 1929 e que a revolución, co seu cambio de sistema socioeconómico, precipitou. Porén,

a memoria da colectividade era enorme, empezando polo grandioso e emblemático edificio do Centro Gallego que acababa de ser disolto e pasado ao control da chamada Sociedad de Amistad Cubano-Española (SACE).

Anisa e Xosé intégranse de inmediato na estrutura da revolución. Ela, no Consello Nacional de Cultura como redactora da revista *Pueblo y cultura*, xunto con Alejo Carpentier, ao tempo que escribe noutros medios e escribe programas de radio. Coordinou as edicións de libros para nenos e adolescentes e, entre eles escribiu coa colaboración dos pais do protagonista, unha biografía para nenos titulada *Cuando Che era Ernestito* da que seica foron editados máis dun millón de exemplares. Foi xefa de redacción do semanario *Pionero*; logo funda e é xefa de redacción desde 1980 da revista para nenos *Zunzún* e desde 1986 da revista para os máis pequenos *Bijirita*. (“Zunzún” é como lle chaman alá ao colibrí e “bijirita” é outro paxariño caribeño).

Pola súa banda, Xosé Neira traballou ata o ano 1983 no Ministerio da Industria Básica, como director do Departamento de Colaboración Científico-técnica Internacional e a partir dese momento e ata que se xubilou foi redactor xefe da revista *Zunzún*.

Esta sensibilidade especial de Anisa e Xosé polo formación lectora pero tamén humanística e social da infancia e xuventude, o único camiño para cambiar de verdade ao ser humano, é algo que teñen ambos sempre moi presente na súa produción literaria. Eles, non teñen fillos directos, pero proxectan o seu interese e amor pola infancia nunha grande cantidade de libros a eles dirixidos e nunha especial de-

dicación ao contacto cos máis novos a través das súas xeneros visitas aos centros escolares de Galicia desde onde son requiridos con asiduidade. Sobranceemos, *O cabaliño de buxo*, *Espantallo amigo*, (ambos de 1971) e *A marela taravela*, (1973).

Neira Vilas desde a súa chegada a Cuba entra, en trato directo coa SACE para intentar salvar a biblioteca e fondos documentais acumulados polo Centro Galego desde a fundación en 1884, ante as novas funcións do edificio e a súpeta desaparición do control dunha devecida colectividade. Non é un proceso fácil pero acaba por conseguilo. Así, o quince de decembro de 1969 logra crear a “Sección Gallega”, dentro do *Instituto de Literatura y Lingüística* –dependente daquela da Academia de Ciencias de Cuba– que fundara catro anos antes o escritor cubano José Antonio Portuondo Valdor. Durante vinte e dous anos, ata a súa volta a Galicia, dirixe esa Sección dedicada ao rescate da memoria, a investigación e divulgación da presenza galega en Cuba. A “Sección” foi reconvertida despois da volta de Neira en “Fondo gallego”, ao tempo que nacía a “Cátedra de Lingua e Cultura Galegas” na Facultade de Artes e Letras da Universidad da Habana que inauguran, en 1992, o propio Neira Vilas e Torrente Ballester.

Este posto de impulsor da Sección Galega do *Instituto de Literatura y Lingüística* converteu a Neira no prin-

Capa da primeira edición do poemario “Dende Lonxe” editado por “Follas Novas” en 1960.

Capa de “A Prensa Galega de Cuba”. Edicións do Castro, 1985.

Capa de “Galegos que loitaron pola Independencia de Cuba”. Edicións do Castro, 1998.





Díaz Pardo, Anisia e Neira Vilas en Sargadelos, 1972.



Entrega de documentos traídos de Cuba á Academia Galega. A Coruña 1984.

principal coñecedor e rescatador da memoria galega en Cuba e facilitoulle unha importantísima serie de obras de investigación entre os que sinalamos *Galegos no golfo de México* (1980), *Castelao e Cuba* (1983), *Rosalía de Castro e Cuba* (1993), *A lingua galega en Cuba* (1995), *Galegos que loitaron pola independencia de Cuba* (1998), *Manuel Murguía e os galegos da Habana* (2000), *Presenza galega en Cuba* (2010) e un longo etcétera.

Neira tamén exerceu de tradutor ao galego de obras de autores literarios cubanos e de revolucionarios admirados. Neste apartado, sinalamos *Trinta e nove poemas*, de Nicolás Guillén (1977), *O camiño de Santiago*, de Alejo Carpentier (1993), *A Idade de ouro*, de José Martí (1991), *Mitos e lendas da vella Grecia*, de Anisia Miranda (1983) e o *Xornal de prisión*, de Ho Chi Minh, (1983), e *A historia absolverame*, de Fidel Castro (1990).

Xosé Neira Vilas concentra nun libro de relatos *Tempos novos* (1987) dezanove contos que se centran na actitude dos galegos perante a nova sociedade en marcha e o seu proceso de adaptación e participación na mesma.

Vinte anos retornando 1972-1992

Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda viaxan a Galicia en 1972. Para ela é o descubrimento dunha terra mitificada e coa que se encontraba fundamentalmente comprometida pola actividade en Bos Aires pero á que nunca viaxara. Para el, será o reencontro cunha terra e uns amigos que deixara había vinte e tres anos e, tamén, con moitos compañeiros que voltaran de Arxentina, como Isaac Díaz Pardo. Isaac a quen os tempos lle foran sorrindo, exerceu sempre a máxima das xenerosidades na acollida aos amigos que viñan da emigración americana e servía de punto de referencia obrigado na chegada. Cando retornan a Cuba, ao cabo dun par de meses, levan canda eles cunha inmensa bagaxe de contactos entre o tecido cultural que agromaba con forza e que recoñecía xa as *Memorias* como un fito histórico e singular nas nosas letras.

A partir daquela data as viaxes multiplícanse, as presenzas alórganse e irán acompañando aos tempos da transición e aos inicios do réxime autonómico. Nestas estadías, comeza a colleitar premios de recoñecemento popular. Se cadra un dos máis entra-

ñables é o de maio de 1989 en que asiste emocionado á inauguración dun Instituto en Oleiros que leva o seu nome. Pouco antes de empreder a viaxe de volta definitiva a Galicia pecha a triloxía do lirismo en prosa pequenos textos evocadores da súa nenez que comezara con *Lar* (1974), seguira con *Nai* (1980) e remata con *Pan* (1991).

En total viaxarán doce veces entre 1972 e 1992 ano en que se radican definitivamente en Galicia. Estas vivencias de reencontro progresivo coa sintetizaas no libro *Vinte anos retornando* (2006).

De novo en Gres, 1992

A decisión do traslado á Terra despois da xubilación de ambos, en 1992, cando el conta con sesenta e catro anos e ela sesenta, pode que se vise favorecida polas boas relacións institucionais e persoais que na altura mantiña o presidente da Xunta de Galicia coas autoridades cubanas, desde a súa viaxe de setembro de 1991. A inauguración da restaurada casa natal como centro da Fundación Neira Vilas, biblioteca pública e vivenda do escritor, produciuse en 1993 grazas á contribución da

Consellería de Cultura. A inmensa actividade despregada por Neira e Anisia desde Gres convertiuna nun foco de actividade único no rural galego.

En calquera caso, a radicación en Galicia non supuxo tampoco a interrupción da relación con Cuba, nin sequera física. Entre o ano 1992 e 2008, fixeron outras doce viaxes á illa caribeña. Unhas veces de xeito privado, outras varias a celebración de actividades institucionais como a apertura da Cátedra de lingua e cultura en 1992, a recepción do título de Honoris Causa pola Universidade da Habana en 2002 ou a participación na decimo oitava Feira internacional do libro en 2008.

Pero o asentamento definitivo de ambos en terras galegas, non será, en absoluto, o incio dun tempo de retiro e xubilación. Pola contra a enxurrada de actividade de investigación, opinión, participación na que se verán inmersos, farán da parella Neira Vilas-Anisia Miranda unha presenza continua na actividade cultural do país, cun contacto especialmente intenso cos lectores máis novos a través da súa presenza continua en ducias de centros escolares que querían ter preto ao autor máis querido.


Xosé Neira Vilas, continúa o seu traballo de creación con obras como *O home de pau* (1999) relatos sobre o desacougo da vida na cidade, ou *Relatos mariñeiros* (2003) inspirados nos pescadores da mariña galega asentados en Cuba na primeira metade do s. XX, ou recupera a actividade poética *Poesía recadada* (1994), *Cantarolas* (1995), *Dende Gres* (2004).

Pero a actividade máis intensa, nestes tempos, ten que ver coa devolución ao

país da súa memoria do alén mar. Co título, *Memoria da emigración* publicou tres volumes, en 1994, 95 e 96; logo, continuará con outras tres *Crónicas galegas de América* divididas en tres "roldas", primeira, segunda e terceira, (1999, 2000, 2001) e xa pola primeira das tres, como recoñecemento ao seu traballo obtén o premio do Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega no seu ano de edición. Seis volumes, pois de investigacións, e lembranzas aos que cómpre engadirlle libros específicos como *Eduardo Blanco Amor dende Buenos Aires* (1995) ou de correspondencia como *Cartas de vellos amigos* (2010). *Presenza galega en Cuba* (2010). Incansable comunicador na prensa, vai debullando nos seus artigos distintas xeiras sobre lembranzas do pasado en conexión coa actualidade ou de pura reflexión sobre o presente que adoita recoller en títulos homónimos ás seccións., Así *O sarillo do tempo* (2004), *Xentes e camiños* (2005), *Arredor do mundo* (2007), *Lóstregos* (2009).

No seu último libro editado, *Penúltimo dietario* (2011), fai memoria dos deza-sete anos transcorridos en Galicia entre a chegada en 1992 e a morte de Anisia en 2009 "*Des que nos radicamos en Gres, en 1992, atendemos toda sorte de peticións para contar as nosas experiencias, o que nos permitiu percorrer todo o país, coñecer o seu territorio, achegarnos amorosamente a vilas e cidades, ós seus ríos e montañas, dende Ortigueira a Entrimo e de Fisterra a Becerreá. Alguén dixo que tamén se ama cos pés, camiñando, tripando a terra que queremos*".

E en xusta correspondencia a amor xeneroso co país e as súas xentes, o goberno galego lle outorgou a Neira Vilas a Medalla Castelao en 1988.



Capa de "Penúltimo dietario".
Edicións Xerais de Galicia, 2011.

Esta distinción xúntase a outras de universidades, como as da Coruña ou Habana que o nomearon no seu día Honoris Causa, ao premio do Pedrón de Honra a unha vida de traballo, ao Premio da Crítica de ensaio, ao Celanova Casa dos poetas, ao Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo e un longuísimo etcétera.

Pero, o principal galardón, cremos, é o cariño que lle profesan as xentes do país, novos e vellos, que o recoñecen de xeito natural como o seu máis importante escritor vivo.

Cando a Asociación Val de Láncara lle outorgou en 2006 o premio Ramón Piñeiro "Facer país", actuaba como a voz de Galicia no seu conxunto, pois poucas persoas na historia levan contribuído tanto a través da creación, investigación e difusión á formación da nosa cultura contemporánea. É un luxo, unha sorte para Galicia, termos a Xosé Neira Vilas, activo, vital e creador, á fronte da Fundación que leva o seu nome e que convertiu a Gres nun entrañable lugar de peregrinación cultural.

XOSÉ NEIRA VILAS

Memorias dun neno labrego



narrativa pra nenos

EDICIÓS DO CASTRO

Portada de "Memorias dun neno labrego". Edición do Castro. Narrativa para nenos.

Ata as Memorias dun neno galego de Neira Vilas, a literatura galega, Galicia, non tiña nenos nin escolas, os homes emigraban e os nenos sempre eran adultos. Non facían falla mestres... os Estados decatáronse de que a escola podía ensinar aos nenos a ser bós cidadáns... Pero Galicia non tiña Estado, nin mestres nin nenos. Os nenos traballaban. Ata que chegou Neira Vilas e inventa un rapaz que pensa, un rapaz que quere aprender, que ten vontade de ser persoa...

X. L. AXEITOS

Asados - Rianxo, 1945

É o actual secretario da Real Academia Galega. Responsable de numerosas edicións de autores do século XVIII –Sarmiento, Sobreira e Cornide– e de outros escritores como Ma-

nuel Antonio, Rafael Dieste, Luís Seoane ou Lorenzo Varela. Colabora en distintas revistas galegas con artigos sobre a literatura de vanguardia e sobre o exilio de 1939.

O noso catecismo:

no cincuentenerio da publicación do libro *Memorias dun neno labrego*, de Neira Vilas

X. L. Axeitos

Estase a cumprir este ano de 2011 cincuenta anos da publicación do libro de Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego* publicado en Bos Aires en 1961. Esta data non é unha data calquera para a nosa cultura se nos decatamos da importancia que tivo esta obra, a máis reeditada da historia da edición en Galicia e traducida actualmente a máis de vinte idiomas. Pois ben, tan sinalada efeméride, orgullo para calquera cultura do mundo, está a pasar desapercibida no noso país. Unha exposición itinerante, que se inaugurou na Coruña hai uns meses e algunhas conferencias impartidas nas Universidades e algún outro centro docente é todo...

Balbino, o protagonista da obra de Neira Vilas, deunos a moitos rapaces cando a lemos unha lección das que non se esquencen nunca: aprendeunos a ser galegos, a sentirnos orgullosos das nosas cousas e a non ter vergoña da nosa pobreza e da nosa ignorancia. Para un país coma o noso, tan dado ó autoodio, a refugar das cousas nosas e mesmo da nosa propia lingua, Balbino foi un mestre de galeguidade e autoestima. Por aprendernos, ata nos aprendeu que existía a loita de clases, e sen ler a Marx.

Neira Vilas, ten contado moitas veces, que gran parte da novela escribeuna nun café do barrio de Núñez que estaba medio baldeiro

á hora que chegaba o escritor. Un día, o camareiro, emigrante galego chamado Evencio, preguntoulle qué escribía...

Neira Vilas, coa amabilidade de sempre, leulle unha boa parte da novela a Evencio, que tivo o privilexio de ser a primeira persoa que coñeceu a aquel rapaz da aldea chamado Balbino.

Se é que aínda viven ¿que sería de Evencio e de Balbino...? O camareiro tería máis de cen anos según o cálculo de Neira Vilas pero Balbino podería estar a continuar as memorias da súa vida. Cada un dos lectores da novela, mirando para nós mes-



Cando no ano 2005 a Academia lle dedicou o Día das Letras Galegas a Lorenzo Varela publiquei nun xornal a magnífica presentación en Madrid que o poeta de Monterroso fixera das *Memorias dun neno galego* de Neira Vilas. Falaba o texto das moitas cousas que compartían o autor da novela e o presentador.

Lorenzo Varela Presenta a Neira Vilas en Madrid.

direita, banda esquerda e centro. Compartían tamén –e seguía a ironía e o humor– un magnífico prologoista porque Dieste fixéralle a ambolosdous un prólogo. Tamén compartían admiración por Fidel Castro e por Cuba. Lembremos que Lorenzo Varela nacera nun barco tendo a illa á vista e Neira Vilas estaba naqueles anos de 1976 a vivir con Anisia na Habana. Pero de súpeto a presentación, sen perder o humor, comeza a poñerse trascendente: tamén comparten o amor aos nenos e á lingua galega. Os nenos son o porvir dun país e Galicia por fin ten a Balbino.

Ata as *Memorias dun neno galego* de Neira Vilas, a literatura galega, Galicia, non tiña nenos nin escolas, os homes emigraban e os nenos sempre eran adultos. Eran adultos porque sempre traballaban, non iban á escola e marchaban. Non facían falla mestres.

Moitos países inventaron o neno durante o século XIX e os Estados decatáronse de que a escola podía ensinar aos nenos a ser bós cida-

dáns. Foi para moitos países europeos a era da escola primaria e a educación foi a forza que deu un pulo definitivo ós idiomas nacionais. Pero Galicia non tiña Estado, nin mestres nin nenos. Os nenos traballaban.

Ata que chegou Neira Vilas e inventa un rapaz que pensa, un rapaz que quere aprender, que ten vontade de ser persoa, como diría Dieste.

Eu, coma Lorenzo Varela, confío en que Balbino non se perdeu nin se perderá. Porque as *Memorias dun neno labrego* foi a cartilla que axudou a moita xente a decatarse das desigualdades e da inxustiza. Foi o noso catecismo, o noso Astete.

Para poder aventurar o que sería de Balbino, aínda sendo consciente de que a obra non é autobiográfica, podemos trazar un perfil do seu autor, que tamén foi neno nunha aldea galega.

Por este motivo ten razón Neira Vilas cando lle quere negar carácter biográfico á súa primeira novela. Estaríamos ante o que Philippe Lejeune chamou pacto autobiográfico: a diferenza do novelista o autobiógrafo non ten concedido o permiso para inventar, está comprometido a ubicarse nunha distancia determinada entre o texto e o referente extralingüístico (coincidencia entre personaxe, autor e narrador).

Este desdoblamento entre Balbino e Neira Vilas ocorre dunha maneira inadvertida, silandeiamente durante a travesía –sem-

mos, temos a resposta da vida de Balbino... o remate da obra, aberta a todas as posibilidades.

Cando no ano 2005 a Academia lle dedicou o Día das Letras Galegas a Lorenzo Varela publiquei nun xornal a magnífica presentación en Madrid que o poeta de Monterroso fixera das *Memorias dun neno galego* de Neira Vilas. Falaba o texto –porque os textos falan– das moitas cousas que compartían o autor da novela e o presentador: tiñan en común un río –o Ulla– que é, segundo dicía Lorenzo Varela – un río político porque ten banda

pre os barcos- do atlántico. Era o 10 de febreiro de 1949, desembarcan en Bos Aires centos de emigrantes galegos e, entre eles, un mozo de Grés que nacera o 3 de novembro de 1928.

Neste mesmo momento é consciente, como nos contará despois, que Balbino quedaba lonxe:

*Acabáronse os niños,
a estornela,
a largueza das eiras e dos souts.
Todo é alleo e limitado.
Nos ollos malencónicos
teiman as imaxes do alén mar.¹*

As imaxes de alén mar serán, en efecto, importantísimas no futuro para Neira Vilas, que cando desembarca no inverno de 1949 en Bos Aires, levaba moi aprendida a lección ética do labrego honrado e leal pero non sumiso. Do mesmo xeito que os exiliados de 1939 chegan a México e a Chile e a Bos Aires coa lección ética da España republicana, Neira Vilas reconécese nos valores da humildade, do esforzo e do inconformismo, tal como lle conta a Rafael Dieste nunha carta de 1967:

Alédame que lle teña gostado “Xente no rodicio”. Un parecer seu sempre aleda...e compromete. Procurarei non defraudalo; ser mellor cada vez. Darlle a Galicia canto podo dar de min. Manterei sempre o mesmo ritmo de esforzo, a mesma inconformidade. E a homildade ou modestia por norma, aitude e principio, que moitos escribas escuecen. Encamiñado xa neste vieiro, veremos o que podo



Era o 10 de febreiro de 1949, desembarcan en Bos Aires centos de emigrantes galegos e, entre eles, un mozo de Grés que nacera o 3 de novembro de 1928. Neste mesmo momento é consciente, como nos contará despois, que Balbino quedaba lonxe.

Foto de Neira Vilas en Buenos Aires, 1952.

ir dando. Porque Galicia para min é irrenunciabile.

Por este motivo, polo seu compromiso humano e solidario se entrega de cheo á revolución cubana na procura da dignidade do pobo como lle volve decir anos máis tarde ó escritor rianxeiro:

Nós estamos moi ben, traballando canto podemos por po-

va moral colectiva, dun povo até fai poucos anos envilecido até o límite.

Nestes fragmentos epistolares podemos ver o perfil intelectual e humano de Neira Vilas, que ben pode ser tamén o perfil ético daquel rapaz da aldea que se chamaba Balbino e que se fixo home na emigración.

O perfil intelectual e humano de Neira Vilas ben pode ser tamén o perfil ético daquel rapaz da aldea que se chamaba Balbino e que se fixo home na emigración.

ñar o noso grau de area, o noso homeiro modesto nesta obra colosal da revolución cubana, dina de valorarse e onde tan importante como o feito dos cambios estroituraes é a transformación do home, a no-

Xa non é tampouco un emigrante que ve América como lugar de fortuna para regresar ao seu país. Non, este Balbino está empeñado na construción de Galicia e cre na xustiza universal. Un rapaz insumiso que loita poa liberdade.

1. “Neno Emigrante” en *Inquedo latexar*, colección Val de Lemos, 3, Monforte de Lemos, 1969.

Xosé Neira Vilas

MEMORIAS dun neno labrego



Edicións do Castro
narrativa

"Memorias dun neno labrego"
Edicións do Castro.

PILAR SAMPEDRO MARTÍNEZ

Mestra e pedagoga.

Estudosa da literatura infantil, formou parte de xurados de certames deste xénero e do consello de redacción da revista *Fadamorgana*. Ten colaborado na elaboración de antoloxías de literatura infantil e xuvenil galega (*Tropel de*

marmolubios, Los habitantes de la cabaña, Os ecos do bilurico) así como na *Guía didáctica para a posta en escena de "As laranxas máis laranxas de todas as laranxas"*. Ten publicado libros de texto e traballos sobre Avilés de Taramancos e Francisco Añón.

A HUMILDADE DUN CLÁSICO

UNHA VISIÓN DE NEIRA VILAS DENDE A ESCOLA

Pilar Sampedro Martínez

A modo de *patchwork*, quixera achegar unha serie de anotacións relacionadas coa obra e a vida de Neira Vilas. Coma os anacos que, puntada tras puntada, constrúen a colcha, así quero eu deixar que as ideas se pousen no papel e vaian esculpindo a imaxe do escritor, nun retrato máis ético que estético, nuns apuntamentos que queren deterse nos valores que lle son consubstanciais.

Moito se ten estudado xa a obra do autor e ninguén dubida da súa calidade, tanto da escrita para adultos como para nenos, tanto a poesía como a prosa, a crónica, o ensaio, o libro de memorias, a novela ou o relato, o resultado da investigación ou da creación, a tradución ou recompilación... Todo o conxunto forma parte do patrimonio cultural deste país e fai do escritor un clásico asumido pola sociedade. O feito de que un dos seus libros, *Memorias dun neno labrego*, sexa o máis lido da nosa literatura, o máis vendido e o máis traducido converten

o seu autor nun home popular e recoñecido por pequenos e grandes. Unha vida chea de avatares e plena en si mesma, polas opcións adoptadas ao longo dun tempo demorado, fan del un ilustre prócer que se move coa humildade dun labrego.

Unha imaxe volve a min unha e outra vez: o día no que os trescentos setenta e catro responsables das bibliotecas escolares máis activas de Galicia reciben a Neira Vilas no Palacio de Congresos. Nas mans de boa parte do profesorado había unha cámara ou un móbil que quería recoller o instante, coma os flashes que –naquel momento cito– iluminaran a toma de posesión do presidente Obama, daquela, cando as esperanzas aínda estaban intactas. Os ensinantes eran conscientes de que estaban ante un clásico vivo que, ademais, representaba o momento inaugural da literatura xuvenil galega. De aí que este artigo queira recoller os valores que dende a cidadanía, pero espe-

cialmente dende a escola, apreciamos, e no nome desa escola, quixera mostralos e recoñecelos para que saiba o que supuxo para nós.

Coma aqueles flashes ou coma os retallos, deixarei que acudan a min imaxes e ideas...

O primeiro que destacaría é o feito de estarmos ante un autodidacta. El é froito do seu tempo e da situación social; pertence a unha familia que non pode mantelo na escola por moito tempo, polo que se ve obrigado a deixala aos catorce anos e comezar a traballar fóra da casa aos quince. Non obstante, este feito



Neira Vilas acompañado de seus pais e irmáns María, Xesús, Mercedes, Santiago, Manuel e Carme.

nin motiva o abandono das inclinacións culturais dun mozo asinado e reflexivo, como Balbino, que por estes anos escribe os seus primeiros versos e realiza teatro; nin impide que continúe a súa preparación, primeiro por correspondencia e posteriormente por libre ou acudindo á universidade, levado, sempre, por ese afán de saber que lle é consubstancial.

Tamén é temperá a súa afección á lectura que o acompañará ao longo do tempo. Sabe do importante que ela é na formación dos cidadáns e, ademais de ler con verdadeira fruición, traballa na construción de lectores desde as primeiras idades: escribindo, agasallando libros e mesmo mobles que sexan cimentos das bibliotecas persoais, cedendo libros ás asociacións ou creando lectores na biblioteca da súa Fundación. Neira Vilas é consciente da necesidade de que os nenos lean e o fagan en galego, tal e como llo fai saber a Fernández del Riego desde a Arxentina para que Galaxia o teña en conta. Nesa labor continúa, como pode verse na convocatoria dos premios de literatura para a infancia: *Arume* (poesía) e *Estornela* (teatro), nun intento de apoiar aqueles xéneros menos vi-

sibles pero fundamentais na formación dos pequenos lectores.

Estamos ante un activista do libro en xeral, pois non podemos esquecer que xa na Arxentina e xunto con Anisia Miranda, creou a promotora, distribuidora e editora do libro galego *Follas Novas*.

O compromiso coa lectura e co libro lévano a recoller o papel dos mestres como mediadores nas súas obras. Así, en *De cando o Suso foi carteiro*, podemos citar: "Toma, para que te ententeñas –dixo o mestre, ó tempo que poñía nas mans do rapaz un libro moi feituco. ¡Éran os contos dos

Estamos ante un autodidacta. El é froito do seu tempo e da situación social; pertence a unha familia que non pode mantelo na escola por moito tempo, polo que se ve obrigado a deixala aos catorce anos.

irmáns Grimm!". Cando volven atoparse, mestre e neno falan deses contos de maneira informal, empregando os libros como tema de conversa. O protagonista de *Aqueles anos do Moncho*, tamén descobre ese tesouro das mans da mestra "(...) e doña Rosa faloulle, non digas nada, vén, aquí hai algúns libros que...; e abreu a lacena de pau a pau. Había moitos, do trinque, postos en ringla e de lombo coma ladrillos nunha parede, anos enteiros alí, no escuro, sin que ninguén os lese. Quedouse aloleado. Doña Rosa púxolle nas mans *Corazón* e *Cuentos de Andersen*. Tería que coidalos e devolverllos

Neira Vilas ha de emigrar, igual que moitos outros galegos, tal e como se reflicte decote nos seus libros; semella que só marchando, fuxindo da realidade desta terra escura dos anos corenta, se poderá ampliar o horizonte vital. Chega a Bos Aires en 1949 e compaxina diferentes traballos cos estudos. É un mozo que garda a lembran-

za da aldea que aquí deixa e que converterá en materia literaria, igual que fará ficción e investigación sobre a emigración e a pegada de Galicia en América. Estes dous ámbitos: o labrego da Galicia rural e a emigración en América son o núcleo da súa obra, pois el, igual que Alejo Carpentier, escribe do que coñece, nun exercicio de autenticidade constante.

Na emigración, no Centro Galego de Bos Aires, xunto cos intelectuais exiliados (Seoane, Dieste, Blanco Amor, Lorenzo Varela, ...) descobre a Galicia silenciada, toma conciencia da realidade e convértese nun activista da dignidade humana e da identidade galega: participa nas *Mocedades Galegas*; escribe no seu voceiro, *Adiante*; colabora na organización do *Congreso da Emigración Galega*; crea *Follas Novas*... Posteriormente, pasa a residir en Cuba onde apoia a revolución; funda a Sección Galega do Instituto de Literatura y Lingüística de la Academia de Artes de Cuba e continúa traballando pola cultura galega e a súa relación con este país... Desa maneira, Neira Vilas intégrase no grupo que formaron os exiliados e os mellores emigrantes, aqueles que construíron escolas, bibliotecas, himnos e bandeiras; os que non foron ananos, na voz de Celso Emilio Ferreiro, e os que fan grande o país creando riqueza, como Seoane e Díaz Pardo.

Non nega o lugar de onde procede senón que – polo contrario – recoñéceo continuamente, como podemos ver en toda a obra que sitúa en Galicia, especialmente nas *Charamuscas*: *Lar*, *Nai* e *Pan*. Neses pequenos textos, case líricos, evoca o mundo que lle é propio: o rural, labrego e da Galicia interior. A esta paisaxe remata volvendo, á súa aldea, *Gres*, para crear na casa familiar a fundación que leva o seu nome. Ademais de compenetrarse cos lugares faino coas clases populares, pois é delas das que escribe e é a súa óptica a que asume.

Identifícase co país, Galicia, e coa súa lingua, o galego; nela escribirá toda a obra, e nela verterá obras doutras linguas. Escribe en galego fóra de Galicia, na emigración, e nese idioma publica o maior *best seller* desta literatura. O emprego, voluntario, da lingua que lembra sérvelle para retratar o mundo que deixou; unha lingua sinxela e popular, de doada comprensión para aqueles que non están acostumados a ler nela a pesar de falala. Unha lingua ligada á tradición fronte aos movementos de experimentalistas que chegan a unha parte moi pequena da so-



Neira Vilas é consciente da necesidade de que os nenos lean e o fagan en galego, tal e como llo fai saber a Fernández del Riego desde a Argentina para que Galaxia o teña en conta.

cidade. Así é a súa maneira de dirixirse á colectividade, mediante unha escrita que semella carecer de grandes pretensións de estilo e que se apoia nas profundidades do sentir e o pensar, na sinxeleza e a humildade, para entregarse como auga para sedentos.

A existencia da realidade diglósica queda reflectida tamén nas obras de literatura infantil e xuvenil: Ruliño, en *O cabaliño de buxo*, remata o libro coa pregunta: “¿Por que o mestre non fala coma nós?”, da mesma maneira que o protagonista de *Aqueles anos do Moncho* opina: “na fala de cada día debера ser todo... O castelán é para nós como un chaleque ou unha bufanda, unha roupa chusca, pero roupa non corpo; algo de por fóra”. En *Memorias dun neno labrego* o xudío enfróntase ao mestre andaluz dicíndolle: “Se non entende váiase para o seu país. Nós non imos trocar de lingua” e Balbino apunta na descrición da nova mestra: “E fala galego connosco”, un xesto merecente de gratitude.



Anisia e Neira Vilas nunha mostra bibliográfica de Otero Pedrayo organizada pola editorial "Follas Novas".



Neira lee o seu "brindis" na clausura do Primeiro Congreso da Emigración Galega.

Na emigración, no Centro Galego de Bos Aires, xunto cos intelectuais exiliados (Seoane, Dieste, Blanco Amor, Lorenzo Varela,...) descobre a Galicia silenciada, toma conciencia da realidade e convértese nun activista da dignidade humana e da identidade galega: participa nas Mocedades Galegistas; escribe no seu voceiro, *Adiante*; colabora na organización do Congreso da Emigración Galega; crea *Follas Novas*...

Ao igual que Balbino, Neira Vilas escribe. O neno fai-no para baleirar –no caderno– todo o que sente, todo o que non pode compartir cos demais, porque non o com-

exemplo de literatura fantástica no que a amizade, a convivencia e a solidariedade son protagonistas. A importancia que lle concede a estes motivos queda patente cando

Non podemos esquecer que xa na Argentina e xunto con Anisia Miranda, creou a promotora, distribuidora e editora do libro galego *Follas Novas*.

prenden. O autor plasma a vida deses rapaces que traballan como se fosen adultos e seguen a xogar esquecendo as penurias; eles son vítimas dunha dobre explotación: por pobres e por pequenos. Recupera o neno que foi para facelo universal, para que nel se poidan ler os rapaces de calquera lugar do mundo, nos seus pensamentos e nos seus pesares, na ilusión e na relación cos maiores. Se ben nun primeiro momento son os cativos os que acollen a súa obra, escrita para adultos, e a converten nun clásico xuvenil (tal como acontece cos canons literarios), máis tarde escribe pensando neses destinatarios. Faino da man de Anisia, aprendendo dela e asumindo que escribir para a infancia ten maneiras propias e non ha de facerse de calquera xeito. A dedicación aos máis novos é un sinal de identidade deste autor: dedicación na escrita, nos encontros, no traballo na revista *Zunzun...*; en definitiva, na atención que sempre lles presta.

Por outra banda, cómpre subliñar a presenza dos valores nas súas obras. *O espantallo amigo* é un

A existencia da realidade diglósica queda reflectida tamén nas obras de literatura infantil e xuvenil: Ruliño, en *O cabaliño de buxo*, remata o libro coa pregunta: "¿Por que o mestre non fala coma nós?".



Portada de "*O cabaliño de buxo*".
Edición do Castro 1971.



Portada de "*Espantallo Amigo*".
Edicións Celta 1971.


o propio boneco se presta a desaparecer para que uns pobres rapaces poidan abrigarse coas súas roupas. Os demais libros están inmersos nun realismo cru, no que o autor mostra un mundo duro e toma unha opción que se fai evidente en *Memorias dun nenos labrego*: a da rebelión. Esa pedra, que sae da man de Balbino para golpear a fronte do fillo so señor, semella que vai no aire a través do tempo igual que facía o óso que lanza o mono ao comezo do filme *2001 Odisea no espazo*, de Kubrick; unha pedra que nos lembra a do pequeno David fronte ao xigante Goliat ou á que empuñan aos nenos palestinos defendéndose do exército israelí. Nesa rebeldía vai á busca da dignidade, mesmo pasando por riba da xente á que máis se lle quere, como fai Balbino con seu pai.

Outro dos valores que cómpre destacar nestas obras é a memoria que se garda dos costumes, o folclore, as festas cíclicas, os labores da aldea,... a modo de espello do tempo, o autor –por veces etnógrafo– recolle o que se pode perder para ser conservado. El é quen de manifestar o que sentimos ante a descuberta das inxustizas que doen sobre todas as cousas; os loitos que nos puxeron na roupa mentres se escoitaban as festas ao lonxe; a escola noutra lingua; a sensación de que o noso carecía de valor... Emocións que se mesturan ao presentar os xoguetes e os contos que nos alegraban os días, o afecto dos avós, os animais acompañándonos e formando parte do noso mundo, a natureza sorprendéndonos cos seus cambios...

***O espantallo amigo* é un exemplo de literatura fantástica no que a amizade, a convivencia e a solidariedade son protagonistas.**

En resumo, os valores, acompañando vida e obra, constatando o compromiso do autor coa humanidade e a sociedade en xeral, con Galicia e co galego, coa parte máis débil desa Galicia –a rural–, coa máis desprotexida naqueles tempos de posguerra –a infancia–, cos galegos fóra do país –a emigración–...

Ao igual que os pequenos retallos de tea nos van quedando na caixa da costura, tamén nos quedan por enfiar moitos comentarios. Demasiados. Quixeramos seguir falando da coherencia deste autor e de como engrandece este país ao agradecer os recoñecementos á súa obra porque o son á nosa lingua, pero debemos rematar. Para facelo, quixera devolverlle aquela caixiña que Balbino atopara no *rebusque* e lle levou a riada. Nese pequeno tesouro está o que sentimos os lectores das súas obras, como nos reconfortaron e nos fixeron crer en nós mesmos, como nos permitiron identificarnos, como converteron o común no propio e o local no universal. Estes motivos son os que xustifican que sigamos pasando eses libros de man en man; a nosa pretensión consiste en que este "home da súa terra e do seu tempo" continúe sendo un referente para as xeracións da nosa e outras terras e outros tempos.



Triloxía: "O ciclo do Neno".

As vivencias infantís do escritor de Gres son a base dunha magnífica triloxía relacionada coa emigración e coa vida da aldea dos anos corenta, cincuenta e sesenta. *Memorias dun neno labrego, Cartas a Lelo e Aqueles anos de Moncho* constitúen o cadro máis realista e o informe máis veraz dos que dispón a historia deste país.

AVELINO MULEIRO

Licenciado en Filosofía pola Universidade de Barcelona. Catedrático de Filosofía do Instituto Alexandre Bóveda de Vigo. Colabora habitualmente en Diarios e Revistas Culturais e ten publicado traballos da súa especialidade en libros e revistas filosóficas.

NEIRA VILAS, SOCIÓLOGO E ANTROPÓLOGO DA GALICIA DA POSGUERRA

Avelino Muleiro

Non foi a través de ningún manual nin sequera a través de ensaios publicados en revistas especializadas o método que utilizou Neira Vilas para describir a socioloxía e a antropoloxía de Galicia da etapa inmediatamente posterior á Guerra Civil Española. As súas publicacións son narracións noveladas nun estilo literario de acentuado e crítico realismo social. A súa produción en prosa móvese ó redor dun dos fenómenos máis relevantes, pero tamén máis tráxicos e penosos, da Galicia franquista: a emigración. As vivencias infantís do escritor de Gres son a base dunha magnífica triloxía relacionada coa emigración e coa vida da aldea dos anos corenta, cincuenta e sesenta. *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo* e *Aqueles anos de Moncho* constitúen o cadro máis realista e o informe máis veraz dos que dispoñen a historia deste país. Nesa triloxía, Xosé Neira aborda o estudo da vida rural galega en clave obxectiva e minuciosa tecendo cada aventura dos seus protagonistas cunha linguaxe pulida e con esa transparencia narrativa que enganchan ó lector con entusiasmo e fascinación.

O primeiro libro desa triloxía foi *Memorias dun neno labrego*, sen dúbida o máis famoso e popular non só da citada triloxía, senón de toda a obra do escritor galego, obra do que o seu amigo Salvador Espriu escribiu que “nada sobra y nada falta en ese libro”. É unha novela, case autobiográfica, onde o autor profundiza na realidade da vida da aldea galega. O seu protagonista é Balbino, un rapaz duns doce anos, que vai narrando a súa experiencia en forma de vi-

vencias nunha aldea do interior de Galicia. Balbino desvélanos como as tradicións se impoñen inexorablemente nesa aldea; describe a represión que preside a educación; expresa a pronunciada diferenza de clases (“xente de dúas castas”, como se observa entre a familia de Balbino e a de Manolito); dinos que as persoas que teñen ideas propias, como “o xudío” ou “o padriño”, están mal vistas. Grazas a Balbino coñecemos que comían na aldea, o proceder da xente ante a morte, a emigración, o destino... que son auténticas leccións antropolóxicas e sociolóxicas da época.

Os aleccionamentos de Balbino continúan nas *Cartas a Lelo*, onde Toño se encarga de contarlle ó seu amigo, que emigrara a Brasil, as informacións que se producen na aldea. Descríbelle como viven os veciños ó longo das estacións do ano, con anécdotas tan curiosas e auténticas como a chegada do circo á aldea, o baño dos mozos no río, a pesca, as pelears dos nenos cos da aldea veciña, as obras de teatro que fan as mozas e mozos, o mozo que chega da mili contando as súas historias, o incendio producido por un descoido seu...

Completa esa triloxía *Aqueles anos de Moncho*, onde Neira revive a finais dos setenta os medos da Guerra Civil que atenazaban a homes e mulleres da aldea, e faino a través dese neno, Moncho. Pero esa aldea xa non existe no ano setenta e sete, polo que a obra reflicte uns acontecementos que o autor recupera do fondo da súa imaxinación.

Grazas a Neira Vilas, leal co seu destino, podemos aproximarnos á socioloxía galega da posguerra baixo esa visión poética e narrativa na que proxecta o seu estado de ánimo cando interpreta o microcosmos galego.

As súas novelas son relatos ecuánimes que nos chegan tamizados por un lirismo tecido con absoluta naturalidade onde o ético se impón sempre sobre o estético. Sen necesidade de perfilar a realidade no marco das ideas, describe as vivencias do pasado de modo detallado e minucioso, amándoas como pasado, non como un nostálxico pretérito. Estou convencido de que Neira Vilas ama ese pasado, aínda que non se congratule de que efectivamente pasara, e por esa razón na súa obra as cousas van perdendo esa aspereza coa que rabuñan os ollos cando están presentes e van ascendendo elegantemente á vida máis esencial e auténtica que levan na súa reminiscencia.

Os seus libros son recordos, pero recordar é un modo de poñer orde, de dar coherencia á sombra das lembranzas, de recuperar as expresións das caras dos protagonistas

Sorprendemos a unha Galicia que acubillaba o infortunio dos seus habitantes, porque é incuestionable que a persoa que desexa abandonar o lugar onde vive non é feliz.

Á marxe desta triloxía, a obra de Xosé Neira Vilas alóngase ata horizontes exorbitantes e grandiosos. Cabe citar obras como *Xente no rodicio* (1965), *Camiño bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968), *Remuíño de sombras* (1973), *Nai* (1980), *De cando Suso foi carteiro*, (1988), etc.

AUTOR DE VIVENCIAS

Xosé Neira é un cronista sobrio e obxectivo, un escritor de vivencias personais, de expresión espontánea e de referencias ver-

aces. As súas novelas son relatos ecuánimes que nos chegan tamizados por un lirismo tecido con absoluta naturalidade onde o ético se impón sempre sobre o estético. Sen necesidade de perfilar a realidade no marco das ideas, describe as vivencias do pasado de modo detallado e minucioso, amándoas como pasado, non como un nostálxico pretérito. Estou convencido de que Neira Vilas ama ese pasado, aínda que non se congratule de que efectivamente pasara, e por esa razón na súa obra as cousas van perdendo esa aspereza coa que rabuñan os ollos cando están presentes e van ascendendo elegantemente á vida máis esencial e auténtica que levan na súa reminiscencia.

e de esclarecer a degradación que ateigou a folla de servizos dunha aciaga época histórica. A construción desa memoria dirixida pola súa peculiar Mnemosyne dános forza moral para revisar e comprender a nosa propia historia. Como autor que martela sobre as súas propias obsesións e sobre o seu tempo, carga co peso da responsabilidade histórica, cun acolchado de maxia e unha dose de nostalxia, resurxindo os fantasmas do pasado tras

moito tempo de estar soterrados, facéndoo acreedor de inmediato dunha benevolencia incondicional.

ANTROPÓLOGO E SOCIOLOGO

Nas décadas inmediatamente posteriores á Guerra Civil, en España o sector agrario daba traballo ó 51% da sociedade produtiva e en Galicia continuaba vixente o histórico minifundio coa súa realidade económica e social como unha agricultura familiar insuficiente, con carencias moi serias. Nesa encrucillada entre o medo e o desexo, o noso escritor non tivo máis remedio que buscar unha especie de compromiso. Convén decatarse de que a acción humana se explica non só pola deliberación intelectual, senón tamén pola paixón, da que Neira exhibiu unha alta cuota tal como comprobamos en toda a súa escrita. As súas obras describen polo miúdo e con detalle a socioloxía, a etnografía, a psicoloxía e todo o abano antropolóxico desa época histórica que viviu Galicia, sen permitir que o olvido se apoderase do noso imaxinario, o que sería nefasto para o proxecto de vida colectiva que floreceu despois. Por esa razón, e por outras moitas, os galegos estamos debedores co creador de Balbino porque cando lemos as *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo*, *Remuíño de sombras*, etc. volvemos a nosa mirada á profunda alameda do noso pasado que desemboca nun estuario construído polas xeracións seguintes a través do que circula agora a intensa plenitude da vida galega. O escritor do val do Ulla vai tocando os aspectos sociolóxicos cos que tropeza en cada situación tratando de restablecer literariamente a harmonía nas sime-trías rotas daquela sociedade, e sucumbe así á fascinación dunhas ideas trasgresoras que son trasunto da exteriorización gallarda de verdades daquela prohibidas.

Grazas a Neira Vilas, leal co seu destino, podemos aproximarnos á socioloxía galega da posguerra baixo esa visión poética e narrativa na que proxecta o seu estado de ánimo, posiblemente sen el mesmo sospeitalo, cando interpreta o microcosmos galego. Ben sabemos, porén, que aínda que o horizonte da súa percepción, como o de calquera outra persoa, non é o horizonte da realidade, si é certo que nas súas novelas se palpa o contrapunto entre personalidade e acontecemento, que se valora sempre desde a circunstancia atenuante da súa fugacidade.

Toda a fascinación e respecto, polo demais ben merecidos, que de forma reiterada provoca a figura de Xosé

Os aleccionamentos de Balbino continúan nas *Cartas a Lelo*, onde Toño se encarga de contarlle ó seu amigo, que emigrara a Brasil, as informacións que se producen na aldea.



Portada de "Cartas a Lelo".
Edicións do Castro.



Portada de "Aqueles anos do Moncho".
Editorial Arealonga.

Completa esa triloxía *Aqueles anos de Moncho*, onde Neira reviviu a finais dos setenta os medos da Guerra Civil que atenzaban a homes e mulleres da aldea, e faino a través dese neno, Moncho.

Neira Vilas, especialmente neste ano no que se cumpre medio século da primeira edición de *Memorias dun neno labrego*, non son máis que unha invitación constante á admiración. A forma de tratar os personaxes, con tanto cariño e discreción; a maneira de exteriorizar esa orfandade da soidade de toda unha colectividade; esa pátina de melancolía que zumega a monotónia aldeá ó intentar descubrir a natureza das cousas; ese xogo de esperanzas e desencantos que practican os seus protagonistas... revelan unha Galicia en situación de fuga. Contemplamos a Galicia emigrante que dilata e contrae o corazón, esa Galicia para a que o futuro se convertía en segredo nun estraño encantamento melancólico. Sorprendemos a unha Galicia que acubillaba o infortunio dos seus habitantes, porque é incuestionable que a persoa que desexa abandonar o lugar onde vive non é feliz. E a estas conclusións chegamos grazas á obra de Neira Vilas.


Pero este autor tan prolífico non só fixo unha descrición exhaustiva e nos deixou escenas irrepitibles da vida rural, senón que tamén nos aporta un inmenso legado da situación da cultura galega a partir da década dos anos cincuenta do pasado século. *Cartas de vellos amigos 1959-1998* (Galaxia 2010) é unha sorprendente fonte de información sobre os activistas da nosa cultura (escritores, editores, políticos, empresarios...) que a través dunha fluída e entrañable correspondencia epistolar deixaron información—incluso críticas a algúns colegas seus—, opinións, queixas, proxectos e ideas sobre a situación de Galicia e da súa cultura. Figuras da talla de Ramón Otero Pedrayo, Ramón

Piñeiro, Salvador Espriu, Rafael Dieste, Emilio Celso Ferreiro, Valentín Paz Andrade, Antón Beiras, Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane... intercambian puntos de vista con Neira Vilas sobre a emigración, a dificultade para publicar obras en galego, o intercambio de libros con emigrantes arxentinos, cubanos, colombianos... e incluso sobre vivencias persoais. Un excelente e indispensable vademécum para coñecer en profundidade como se tecen os alicerces da cultura.

Creo, pois, que todos estes detalles adquiren tal relevo e precisión na obra de Xosé Neira Vilas que o conxunto de trazos parece inesgotable.

Como home cargado co peso do pasado, pero sen perseguir a súa propia realidade nin renunciar a ela, ó tempo que vai lembrando ese pasado está inspirando e deseñando o futuro. O seu particular estilo de abranguer a existencia en todas as súas dimensións, a súa lucidez para atinar na selección das heteroxéneas intuicións e o seu toque de cribar os matices no prisma social onde actúan os diferentes actores, fainos ós seus lectores cómplices das súas reflexións que nos fan sentir un estoico estremeamento nas nosas raíces.

Non só fixo unha descrición exhaustiva e nos deixou escenas irrepitibles da vida rural, senón que tamén nos aporta un inmenso legado da situación da cultura galega a partir da década dos anos cincuenta do pasado século.



Luis Seoane, gran factótum cultural (e plástico) na diáspora galega bonaerense deixou a súa pegada na edición prínceps de 1961 deseñando a portada.

"Memorias dun neno labrego", Editorial Follas Novas.

XABIER LIMIA DE GARDÓN

Dr. en Historia da Arte, autor do libro *Antonio Failde, el escultor que escuchó la música de las piedras*, Caixanova, Ourense, 2001; e dos capítulos da escultura e pintura en Ourense (1899-1999), no libro colectivo *100 años de historia con Ourense*, Cámara de Industria y Comercio de Ourense, Ourense, 2001.

Catro ilustradores para Balbino

(50 ANIVERSARIO DE "MEMORIAS DUN NENO LABREGO")

Xabier Limia de Gardón

Graciñas Manana, polo libro no que descubrín a un gran narrador.

Son as "Memorias dun neno labrego" un libro para nenos, ou, en realidade un libro con nenos? Eis un anaco da vida dun homiño de pouco máis de dez anos no interior daquela Galiza dos anos corenta feita por un narrador/ creador novo daquela (tiña ó redor dos trinta anos), fabulada e recreada dende o seu maxín entre a primavera e o verán austral de 1960 en Buenos Aires.

Estamos ante un relato que reproduce un tempo da vida do seu autor? Segundo ten dito quixo contar a historia dun rapaz campesiño. Logo estaba "a carraxe [que] tamén foi, para el, motor da escrita (...) porque a aldea non era a paisaxe, o lugar do riso, que pintaba certa literatura... eu quería protestar contra iso". Para o artista Antón Pulido a paisaxe que

mirou dende a fiestra casa do escritor se lle asemellou o do libro.

CATRO ILUSTRADORES PARA NEIRA VILAS

A escolla desta escolma de ilustradores ten unha simetría espacial pois segue practicamente un mesmo paralelo xeográfico. Comprende tres creadores galegos e outro que si ben era asturiano levaba por alcume "el Gallego".

Ante todo Isaac Díaz Pardo, quen está dende a primeira hora en Edicións do Castro, 1968. Xaquín Marín Formoso, é o máis recente logo de ser escollido para a edic. conmemorativa da Editorial Galaxia este ano que andamos. Logo está José Luís Posada Medio, asturiano de Villaviciosa que vivía en Cuba, en San Antonio de los Baños (hoxe provincia de Artemisa, ata o pasado ano de La Habana), quen ilustra en 1977 a obra que nos ocupa. Finalmente, Alfonso Costa Beiro, galego de Noia (A Coruña)

quen traballa en Barcelona, onde vive, no curso da súa migración interior. Son, en suma, leste e oeste, mais co centro en Galiza. Ademais deles, debe ser mencionado o artista e escritor, Luís Seoane, gran factótum cultural (e plástico) na diáspora galega bonaerense, que deixou a súa pegada na edición prínceps de 1961 deseñando a portada.

Díaz Pardo (1920), pintor dos máis lonxeos vivos da arte galega, mais deixou a pintura logo dos anos setenta (uns trinta lle adicou, segundo ten confesado), mais non o debuxo medio dende o que cultivou a súa expresión de ilustrador, tanto na cerámica industrial do Castro (Sada, A Coruña) como no Laboratorio de Formas de Sargadelos (Cervo, Lugo), poñendo en marcha actividades editoriais como Edic. do Castro (dende 1963) ou o Museo Carlos Maside. Tense dedicado á actividade da escritura, como ensaísta, tanto en libros como dando a súa opinión crítica dende La Voz de Galicia.

Díaz Pardo deixou a pintura logo dos anos setenta mais non o debuxo, medio dende o que cultivou a súa expresión de ilustrador. Representanos a Balbino levando unha xugada de bois coa vara co aguillón, descalzo e co pantalón remendado.



Debuxo orixinal de Díaz Pardo para a portada de Ediciós do Castro.

O “gallego Posada” chega á illa caribeña con once anos, vía Francia cos seus pais dende a diáspora política antifranquista da Guerra Civil. José Luís Posada naceu en Villaviciosa O 10 de febreiro de 1929. Como artista expuxo dende 1942, mostras persoais, mais tamén en colectivas (os Salóns anuais de pintura e escultura do Círculo de Bellas Artes), máis dende 1958 colabora activamente nos diarios La Calle e La Tarde con caricaturas e ilustracións. En 1952 viaxa a New York onde vai á Art Students League, o que supuxo un cambio na súa autodidáctica técnica encamiñándose fundamentalmente para o debuxo e a caricatura. Mais a a súa actividade plástica abrangue o campo do teatro, tendo realizado escenografía para o Teatro Musical e o Teatro Nacional de Guíñol (tamén monecos). Muralista, ceramista, gra-

vador e deseñador gráfico son outros campos onde desenrolou a súa vasta actividade. Morreu o 25 de xaneiro de 2002 logo dunha visita á súa Asturias natal. Cando é escollido para ilustrar a obra do galego Neiras na illa xa lle deran os premios Portinari, Casa das Américas en 1970 e unha mención de honor no festival de Avignon (Francia) en 1975. Logo recibiu outras distincións como a do Salón das Artes Plásticas en La Habana no ano 1985. Unha gran homenaxe en Villaviciosa no 2000 e outra póstuma en La Habana, na feira do libro de 2009 pechan esta breve reseña de presentación do home e artista ilustrador vencellado xa á historia e fortuna editorial e literaria do personaxe Balbino.

A edición que ilustra Alfonso Costa (n.1943), pintor e escultor noiés que

con dezasete anos vai para Barcelona, facendo a súa primeira exposición en 1967. E logo dunha beca da Fundación Joan March pola que vai a Firenze en 1972 cambia o seu estilo. Gravador, muralista, cartelista e ilustrador, unha grande mostra en 1988 no Kiosco Alfonso de A Coruña achégao á súa terra, onde fai unha escultura dedicada a Novoneyra en 2004. A comezos de 2010 fixo en Ourense (sala Caixa-nova, praza maior) una interesante retrospectiva.

Finalmente Xaquín Marín (Ferrol, 1943), recoñecido debuxante galego de banda deseñada, pasando por ser o fundador dela con Raimundo Patiño logo de editaren ámbolos en 1975 “2 Viaxes”, o primeiro álbum. Ten colaborado en moitas publicacións de prensa (El Ideal Gallego, Diario 16, La Voz de Galicia) e revistas (“La Codorniz”, “Hermano Lobo”). Un dos seus personaxes, ‘Gaspariño’, ten acadado un gran éxito (dous volumes en Edic. Rueiro e Xerais /1982 respectivamente) xurdindo na “época na que se reclamaba a oficialidade do galego e a dignificación da nosa cultura (...) nos primeiros anos da democracia”(ibidem). Outras obras salientables son “Dos pés na testa” (1986), “Feito a man” (1997) e “Maldito Bufón” (2003), por mais que a creación e posta en marcha do Museo do Humor en Fene en 1984, que segue a dirixir, o sexa aínda máis, iniciativa cultural pioneira en Galiza e no Estado.

CATRO EDICIÓS CON IMAXES

Para a primeira edición de “Memorias dun neno labrego” (Buenos Aires, 1961, Editorial Follas Novas) en Galiza na editora Ediciós do Castro

(Sada, 1967) de Isaac Díaz Pardo, Seoane cambia as capas e Díaz engade no interior catro ilustracións, co que se converte dende as imaxes nunha obra coral: coa primeira (capítulo 1: 'Eu son...') define a actividade de Balbino, que se dirixe cara nós levando unha xugada de bois coa vara co aguillón descalzo e co pantalón remendado. Este debuxo tense convertido en portada noutras edicións.

A seguinte son dúas mans entrelazadas, unha por tras da outra (cap.º 13, 'O meu amigo': "...unha tarde do mes de Nadal. Chovía moito e o río comezou a encher. A madiña mandoume ir buscalo lavadoiro, que estaba na presa do muíño (...) esbarroume [sic] un zoco e caín na auga avolta. O río levábame pola presa abaixo,... sentín que turraban por unha perna,... o meu salvador era Lelo de Cidre. Deille unha aperta de corazón". É a tradución do concepto da amizade pois o autor non refire que se desen a man (ou que se collesen dese xeito tan artificioso). A terceira é un debuxo con dúas figuras de elaborada composición: un home barbado escava coa picaraña, mentres o mira un rapaz deitado en posición indolente que vai descalzo. Entrambos hai un bodegón necrófilo: a osamenta dun morto coa caixa do peito, caveira e tibias. É o importante cap.º 15, 'O xuramento': "Aquí tés o que queda dun home. Mira -amosoume varios ósos alongados-, esto eran pernas e brazos; e velaquí a cabeza (...) Pero a fonte nova..., sigue deitando auga para regalía dos veciños. Por obra do esforzo de Manuel de Rendos, o dono deses osos que ves... vivirá mentres a fonte dure, anque apodrecese [sic] o seu corpo... Eu fun polo adro adiante... Xurei para min que cando che-



Ilustración do "Gallego Posada" para o capítulo tres, "O xudío".

gue a grande farei cousas de valimento para non morrer de todo cando morra".

Para a derradeira, Díaz pon a cara de Balbino mirando para nós con un sobre pechado e por trás unha fiestra con un paxariño. En paralelo co cap.º final ('Destino'): "Unha carta de Lelo! A primeira carta que recibía na miña vida". O debuxo se relaciona co de Luís Seoane quen na capa coloca un neno que nos mira detrás dunha fiestra, sendo a contracapa as costas del mirando para fóra, onde é noite pecha.

As ilustracións do "Gallego" Posada para a edición de Cuba (1977) son doce, ademais da portada, na que figuran varios debuxos do interior, superpostos. Analicemos as dos capítulos escollidos por Díaz Pardo. Unha

O "gallego Posada" chega á illa caribeña con once anos e dende 1958 colabora activamente nos diarios La Calle e La Tarde con caricaturas e ilustracións. Destacamos a do capítulo tres, O Xudío (aquí 'El Hereje') na que o cubano - español debuxa o busto dunha vella muller e, por riba, un Cristo con ampla faldra e cos brazos abertos.

árbore con ramas é o motivo escollido para o primeiro capítulo. E para 'Meu amigo' fai un home de perfil cun sombreiro napoleónico abrindo a boca, que leva un pau e un tambor. En canto ó 'Xuramento' fai un vello home con coroa e un pau longo; sendo o do 'Destino' dous bustos, o dunha muller grosa de mediana idade, e por riba a mesma cara do home cuberto por unha pucha escollido para 'América' (composición semellante, se ben a figura inferior é unha parella de perfil).

Entre as outras ilustracións ('Os Grandes', 'Sanctián', 'Loito', ...) destacamos a do capítulo tres, 'O Xudío' (aquí 'El Hereje') na que o cubano-español debuxa o busto dunha vella muller e, por riba, un Cristo con ampla faldra e cos brazos abertos, que conta con un precedente máis com-

Alfonso Costa, pintor e escultor noiés, con dezasete anos vai para Barcelona, e logo dunha beca da Fundación Joan March pola que vai a Firenze en 1972 cambia o seu estilo. Gravador, muralista, cartelista e ilustrador amosa o seu talento compositivo nas súas ilustracións como en 'Rebusque', onde Balbino soña "que fora a Santiago mercar un avión" polo que Costa pono pilotando unha avioneta sobre a cabeceira da catedral de Santiago nunha perspectiva aérea.



Ilustración de Alfonso Costa para o capítulo "Rebusque".

positivo que iconográfico en Goya, no gravado dos "Caprichos" (1799, nº 61) 'Volavérunt'. Débese anotar que o artista evitou incluír, de maneira significativa, a icona da cruz.

A terceira edición con ilustracións seleccionada é a realizada por Alfonso Costa. Publicada en 1985 en Catalunya contén seis debuxos. O primeiro é o do capítulo inicial facendo unha escena na que Balbino está con unha vaca no monte, sentado nunha pedra e adurmiñado contra unha árbore. Para 'Meu amigo' prefire a pasaxe de cando Balbino e Lelo levan o golpe morto de casa en casa para obter uns cartos: no patio dunha casa cuberto por un canizo, con representación descontinua e surrealis-

ta dunha vella muller que lles abre a porta (solución parecida en 'Perdido' cando o atopa o can Pachín entre o millo, representando o artista entre as gramíneas unhas caras como de fantasmas, da xente que o anda a buscar). Tamén amosa o seu talento compositivo en 'Rebusque', onde Balbino soña "que fora a Santiago mercar un avión" polo que Costa pono pilotando unha avioneta sobre a cabeceira da catedral de Santiago nunha perspectiva aérea, representando tamén a Porta Santa (que tamén escolle Posada por mais que a referencia ó sono sexan unhas ás de morcego na avioneta). Neste senso a de "América" ofrécelle ademais dese recurso —que aquí semella ser un préstamo do Cubismo por presentar un home

de perfil é, á vez, de fronte—, o dunha composición con varios puntos de interese: a despedida de Miguel, e nun segundo termo as mulleres chorando. O sistema aínda é máis elaborado en 'Fumazo' cos que bailan na noite de San Xoán ó carón do lume, e os diversos planos: o gaiteiro que toca, unha muller mirando para os que bailan e no primeiro termo Balbino sentado á beira. No ceo a lúa chea.

Finalmente, Xaquín Marín, que ven de ilustrar para Galaxia a edición especial conmemorativa do L aniversario da saída do prelo da obra en Buenos Aires. É a máis completa de todas neste senso polas dezaseis ilustracións a cores, ademais da portada, na que figura o motivo xa coñecido desde a primeira de Díaz co ne-

no Balbino guiando o carro de bois cargado de herba por unha congostra. Na de 'América' amósao despedíndose do irmán mentres uns homes lle poñen a maleta na parte derrriba do bus, e coas mulleres chorando. Todos en primeiro termo e o coche de liña no centro, coas casas ós lados da praza. Mais os seus debuxos son bastos, de forma leñosas e de expresión limitada. Así en 'Eladia', a mestra da que Balbino se namora é representada maior e pouco agraciada nun posto de louza un día de feira (que Posada interpreta como unha repoluda e musculosa muller con pantalóns (!) e gorro de lá tocando a gaita -sic!). A composición da atmosfera é o forte de Marín, da que é unha boa mostra a ilustración de 'A pedra' con Balbino



Xaquín Marín, recoñecido debuxante galego de banda deseñada, ten colaborado en moitas publicacións de prensa (El Ideal Gallego, Diario 16, La Voz de Galicia) e revistas (“La Codorniz”, “Hermano Lobo”). En 1984 Crea e pon en marcha o que se pode considerar unha iniciativa cultural pioneira en Galiza e no Estado: o Museo do Humor en Fene que segue a dirixir na actualidade. Na portada da Edición conmemorativa de Galaxia preséntanos o motivo xa coñecido dende a primeira portada de Díaz co neno Balbino guiando o carro de bois cargado de herba por unha congostra.

Ilustración de Xaquín Marín para a portada da edición conmemorativa de Galaxia.

[ABAIXO]: *Ilustración do “Gallego Posada” na edición cubana.*



levando un sacho e arrebolándolle unha pedra na fronte a Manolito, o fillo do Señor. Detrás engade a dous amigos con roupa de señoritos diante da fachada da súa morada, con soportal de columnas. Outras nesta mesma liña son ‘O Xudío’, ‘Os grandes’ ou ‘Rebusque’, en composicións moi dinámicas. Outro mérito seu é o coidado dos elementos etnográficos e artísticos; e así ‘A morte’ reproduce o velorio do defunto no que non falta a escena do augardente que se adoitaba ofrecer ós que acompañaban á familia na noite; e en ‘Loito’ Balbino mira para os ‘Xenerais do Ulla’ o martes de Entroido dende a fiestra. E para ‘Sancristán’ amósanos o interior dunha igrexa con o presbiterio e retablo no que se esforza por dar coa actitude iconográfica correcta a cadansúa imaxe. Mais os enmarques e planos enfáticos cinematográficos son recursos que desenvolve con soltura dun debuxante de banda deseñada.



Capa de "Memoria das Memorias dun neno labrego" de Cándido Pazó.

CÁNDIDO PAZÓ

Vigo, 1960.

Director, actor e autor con numerosas pezas representadas e publicadas: *O Melro Branco* (Premio Xeración Nós de Teatro Infantil 1989) *Commedia, un xoguete para Goldoni* (Premio Compostela 93 e Premio de la Crítica del País Valenciano 94), *Nano* (Premio María Casares 99), *O*

bululú do linier (Premio María Casares 2000), *Ñiqui-Ñaque* (Premio Max 2002), *Bicos con Lingua* (Premio María Casares 2004), *García* (Premio María Casares 2005), *Emigrados* (Premio Max 2008) ou *A piragua* (Premio María Casares 2008) son algunhas delas.

Desde hai quince anos traballa tamén no campo da narración oral escénica (contos

monólogos cómicos), estando presente en programacións e festivais de América Latina e Europa.

Ultimamente está a experimentar coa combinación da oralidade e a teatralidade. *Memoria das Memorias dun Neno Labrego* é froito desa combinación.

Trangalladas

Cándido Pazó

Buenos Aires, 26 de abril de 2011. Representación de *Memoria das MEMORIAS DUN NE-NO LABREGO*, espectáculo realizado a partir do libro de Neira Vilas dentro do cincuentenario da súa primeira publicación. Ao terminar a función un grupo de persoas están a esperar por min a pé do palco. En xeral son galegos de máis de sesenta anos que, alén de me dar os parabéns, queren dicirme iso tan típico, mais sempre tan entrañábel, de que eles tamén son Balbinos, ou Lelos emigrados a esoutra banda do océano galaico.

Entre eles hai un home que aínda non tería os cincuenta. Ao verme vir vén cara a min berrando entusiasmado, "Trangalladas! Trangalladas! Eso lo decía mi abuelita, che! No lo había vuelto a oír. Fue oírtelo a vos y venírseme encima todo un mundo de sensaciones que ya no recordaba..." Referíase a esa escena da peza, e pasaxe do libro, na que Balbino soña en voz alta coa caixiña que topou no rebusque, ao día seguinte da festa á que non puidera ir por causa do loito.



Ilustración de Xaquín Marín para o capítulo "Rebusque".

"Trangalladas! Trangalladas! Eso lo decía mi abuelita, che! No lo había vuelto a oír. Fue oírtelo a vos y venírseme encima todo un mundo de sensaciones que ya no recordaba..." Referíase a esa escena da peza, e pasaxe do libro, na que Balbino soña en voz alta coa caixiña que topou no rebusque, ao día seguinte da festa á que non puidera ir por causa do loito.



Ilustración de Xaquín Marín para o capítulo "Pachín".

O fluído emocional que establece o público adolescente co espectáculo, e é de supor que tamén co libro, non está baseado na memoria. Está baseado nos sentimentos máis simples e non menos nobres. O da percepción da inxustiza, o da dor pola perda dun ser querido (os episodios da morte de Pachín ou da partida de Lelo son dos que máis os enganchan), o da desolación e o desamparo, o da frustración... Sentimentos que non caducan no tempo nin teñen limitación no espazo.

sus costumbres. El sabor, y hasta el olor, de aquellas comidas que nos hacía cuando era un pibe. Huevos fritos con patatas, che. Y pan con chocolate, que decía que era un lujo y nosotros no lo entendíamos."

Referíase a esa escena da peza, e pasaxe do libro, na que Balbino soña en voz alta coa caixiña que topou no rebusque, ao día seguinte da festa á que non puidera ir por causa do loito. Esa na que o pai, que o sente falar durmido, lle pregunta "que estabas soñando?". "Non sei", responde o neno, "trangalladas".

Aquel home, técnico da tremoia do teatro e actor da compañía amadora que ten a sede nese local, era, segundo me dixo, neto dunha galega chegada a Buenos Aires nos anos vinte e falecida nos oitenta, sendo el un adolescente. Neto dunha Balbina. E a palabra "trangalladas" fora a chave que lle abriu un baúl que tiña esquecido nalgún recuncho do faiado da súa memoria.

Serían moitas as anécdotas que podería comentar nas máis de cincuenta representacións que levamos feitas deste espectáculo. O público ten o hábito, mesmo a necesidade, de me esperar na saída e contarme os seus "pois a min pasoume que..." ou "pois a min contáronme na casa que...". Todo material sensíbel e valioso. Mais esta, permítaseme o xogo, trangallada que relato, resulta para min do máis acáida para ilustrar ese fluído emocional que se establece co público adulto durante a función. Algo que sucede normalmente nos espectáculos que teñen a memoria como principal fío condutor, dos que levo feito varios, pero que neste caso se produce dunha maneira especialmente intensa, o que seguramente explique que a xente que estaba arredor aquel día e ouviu aquilo, como movida por un resorte, rompese a dicir cousas como berce, rebumbio, rabuñar, estornela, fochanca, esgarabella-do... palabras todas que saen no espectáculo, e no libro, e que cada un dos presentes propuña como chaves particulares de cadanseu baúl.

Efectivamente, *as Memorias dun neno labrego* é un deses libros cheos de chaves, de resortes que abren os baúis, gavetas e caixiñas da memoria, propia ou herdada, de cada quen. Esa é unha das razóns do seu éxito. Razón que, en grande medida, se reproduce no espectáculo.

Co público adulto, dixeran con moita intención unhas liñas máis arriba. Porque o público adolescente (falo sobre todo dos moitos alumnos de secundaria que viron a peza) non é aínda consciente da memoria que vai atesourando, polo vivido e polo escoitado, e non ten, ou non cre ter, necesidade de caixiñas ou gavetas, e moito menos de baúis para gardala. É por iso que o fluído emocional que establecen co espectáculo, e é de supor que tamén co libro, non está baseado na memoria. Nin sequer no humor, dependente en grande medida de esta. Está baseado nos sentimentos máis simples e non menos nobres. O da percepción da inxustiza, o da dor pola perda dun ser querido (os episodios da morte de Pachín ou da partida de Lelo son dos que máis os enganchan), o da desolación e o desamparo, o da frustración... Sentimentos que non caducan no tempo nin teñen limitación no espazo.

Mais andarán os anos, e non é necesario que sexan moitos, e eses rapaces e raparigas, xa mozos ou mozas, sentirán a necesidade, consciente ou non, das súas caixiñas e gavetas, finalmente baúis, para iren botando alí as trangalladas da memoria, os recordos acumulados desde tempo atrás, moito máis atrás do sospeitado. Trangalladas propias ou emprestadas, vividas ou herdadas, particulares ou colectivas, nacidas da realidade ou da ficción asumida como real. Trangalladas non tan distantes e distintas, quizais si na intensidade mais non na calidade, das que puideron topar na asistencia a un espectáculo ou na lectura dun libro, máis universal no tempo e no espazo do que se poida pensar, como *Memorias dun neno labrego*.



Foto da representación de *Cándido Pazó*.

***As Memorias dun neno labrego* é un deses libros cheos de claves, de resortes que abren os baúis, gavetas e caixiñas da memoria, propia ou herdada, de cada quen.**



Neira Vilas e Anisia
en Celanova.

Aquí, "onde o
mundo se chama Celanova", na
compañía de Dnista, cuílos
ancestros veñen desta comarca
Barensein, a miña (a nosa) aperta
e a miña (nosa) gratidade os que
integrades o Patronato Curros Enríquez,
en este Premio Celanova-Casa dos Poetas,
1989, co apoio dun vello fecundo na afi-
nación da identidade galega
31 de Agosto de 1989
Foto curros

ANTONIO PIÑEIRO FEIJÓO

1959

Técnico de Cultura do Concello de Celanova.

Colaborador asiduo do diario *La Región*

de Ourense e director da revista *Auria*.

Ten acadado varios premios xornalísticos

e publicado varios monográficos sobre

aspectos diversos da historia de Celanova.

É Secretario da Fundación Curros Enríquez.



Clausura do I Congreso da Emigración Galega. Lois Tobío, Antón Alonso Ríos, Manuel Puente, Xesús Canabal, Daniel Calzado, Emilio González López, Xosé Velo, Xosé Neira Vilas e outros. Anisia vestida de galega.

O que se dispón a ler non é un relato histórico en propio senso. É certo que hai apuntamentos verídicos, tanto de un coma do outro protagonista, pero ó mesturalos a resultante non é, senón, unha especie de xogo literario no que se reproduce hipoteticamente unha conversa que nunca existiu (ou, se cadra si, quen sabe?) e que se espertou en min ó ver a foto da cea de clausura do Primeiro Congreso da Emigración Galega na que están tan preto ámbolos dous, sobre unha teima que Anisia arrastraba con ela dende que a conciencia lle permitiu sa-

ber que a súa torgueira non estaba enraizada en Ciego de Ávila (Cuba), senón nas aldeas de Portela e Ansemil (Galicia). Teima que Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas puideron saldar, se non me traizo a memoria, o día 31 de agosto de 1989, cando dende o Patronato Curros Enríquez lle entregamos o premio "Celanova, Casa dos Poetas" e con tal motivo Neira Vilas deixou plasmada, no libro de firmas do premio, a emoción sentida por ámbolos dous co gallo da súa presenza nestas terras primixenias e raianas "onde o mundo se chama Celanova".

Pepe Velo e Anisia Miranda

Dúas historias (apócrifas) cruzadas nunha fotografía

Antonio Piñeiro Feijóo

A mañá fora intensa en emocións. Ía frío, moito frío naquela –para ela– aínda non acostumada invernia austral. Era o 24 de xullo de 1956 e había tan só tres anos que, na compañía dos seus pais, se trasladara

á acrópole bonaerense –daquela a verdadeira capital galega– logo de ter superado unha malograda sorte xeracional de segunda ou terceira emigración. Non en van o seu pai xa se asentara por dúas veces –e en

tres lugares diferentes– en Cuba, fuxindo da espida montaña arraiana de Portela, primeiro, e antes de decidir ir á procura da calor da outra parte da familia emigrada en Buenos Aires, despois.

Cando chegou á cidade porteña xa levaba iniciados os estudos de xornalismo na Habana e, polo tanto, o primeiro que fixo foi procurar continuálos. Entrou na primeira escola de xornalismo do país, o Instituto Grafo-técnico, e alí mesmo encontrou a primeira circunstancia feliz (e tamén a máis importante) das moitas que acabarían provocando que os seus pasos empezaran a desandar un camiño cultural cara as súas orixes, que os seus pais andaran –coa mellor intención, pero profundamente equivocados– en sentido contrario.

A curiosidade natural dunha moza que sen saber o que aquilo significaba xa se rebelara –aínda nena– contra a ignorancia, ó reivindicar unha formación á que cría ter dereito e non lle estaban ofrecendo (“es que me van a deixar bruta?”, reclamou-lle ós seus proxenitores cando vivían lonxe da capital cubana), sumábase á que lle foran inculcando na escola xornalística da Habana e ó practicar de descubrir unha cidade nova. O resultado foi un emerxente interese por todo aquilo que tivera que ver co lugar de procedencia dos seus pais. Sobre todo, tendo en conta que a galegitude abrollaba por cada poro urbano da capital bonaerense e que eles –os seus pais– recubriran todo o seu pasado dunha néboa de misterio, xa que logo, cando facían algunha referencia a aquelas terras do outro lado do hemisferio, adoitaban velarse sempre de que ela non estivese diante.

Iso foi o que a acabou levando ás portas do Centro Gallego e, con motivo dunha conferencia ofrecida polo ilustre galeguista Ramón Suárez Picallo no seu local social, a ter a oportunidade de coñecer a outro estudante

de xornalismo, tamén galego –e, polo tanto, fillo tamén da emigración– chamado Xosé, co que empezaría a afondar no coñecemento daquela Galicia ignorada por seus pais e da que, sen embargo, ela se ía namorando máis intensamente a medida que máis ía sabendo da súa historia, da súa cultura e, sobre todo, da súa lingua.

Pronto, a amizade con Xosé deixou de ser amizade para converterse noutra cousa. Algo máis emocional e intenso, ata o punto de que abandonou as aulas do Instituto Grafo-técnico para matricularse no Instituto Nacional de Buenos Aires, que era onde cursaba a carreira Xosé, e así poderen pasar máis horas xuntos.

Da súa man, Galicia, aquel ínfimo recadriño situado no recanto superior do país máis meridional de Europa, ía gañando en matices ó tempo que lle ían dando a coñecer detalles sobre as súas xentes, recantos da súa xeografía marítima e terrestre, feitos históricos que se perdían no túnel do tempo, cando América era aínda un lugar ignoto, e personaxes de toda caste e condición, pero sempre tremendamente interesantes e cheos de cousas que contar, cos que se ía topando.

Da man de Xosé, Galicia íase abrindo ó seu saber. Pero, canto máis ía aprendendo, máis se ían agrandando os seus devezos por coñecer cómo podían seren os lugares de procedencia dos seus pais. Aqueles sobre os que eles sempre evitaran falar e nos que sen embargo lles tiñan que quedar –non podía ser doutro xeito– moitos seres queridos.

Polo pouco que lles tiña conseguido sacar cando os escoitaba falar, lo-

grara saber que non estaban ó pé do mar, senón nalgún lugar de interior, nunha provincia á que lle chamaban “Orense”, curiosamente igual ca unha pequena localidade balnearia situada ó sur de Mar de Plata.

O que si sabía con certeza era que onde nacera seu pai chamábase “Portela” –que se asemellaba ó xentilicio “porteña”–, e que onde alumeara ó mundo a súa nai chamábase “Ansemil”, que era un topónimo que non fora quen de descifrar por máis que o investigara. Sabía iso e tamén sabía que ámbolos dous eran lugares moi pequeños situados a non máis de cinco quilómetros un do outro e, ámbolos dous, moi preto tamén da fronteira con Portugal, o outro país co que España formaba a Península Ibérica.

Xosé tratara de explicarlle máis ou menos, onde podían estar, pero tampouco lle podía dicir moito máis porque el nunca saíra do seu Gres natal, senón para coller o barco en Vigo e viaxar a Buenos Aires. Os nenos labregos non facían viaxes pola terra, senón era para despedir a algún familiar a Vigo ou á Coruña ou para despedírense eles mesmos de tódolos demais.

Xosé podería describirlle a súa aldea con todo luxo de detalles, coma se lle proxectase unha película, pois andáballe rondando na cachola a idea de escribir unha novela que falase precisamente da vida dun neno labrego. Pero a ela non lle abundaba. Quería saber, non só onde podían estar situadas no mapa aquelas dúas aldeas, senón cómo debían seren as xentes que as habitaban, porque a metade –ou máis– habían seren parentes seus e se cadra parecíanse a ela ou tiñan os mesmos problemas ca

ela. Seguro que tiña primas da súa idade coas que, de telas coñecido, acabaría intimando. Ou se cadra non. Se cadra xa non quedaba ninguén e por iso os seus pais decidiran non regresar a España e viaxar, sen embargo, a Arxentina. Como nunca lle querían contar nada...!

Calquera galego bebería os ventos do Atlántico por coñecer Buenos Aires ou La Habana e ela, sen embargo, bebería tódolos que entran en aluvián polo Mar de Plata por saber un chisco de Ansemil e Portela.

Como consecuencia de tantas e tantas eivas, na compañía de Xosé matriculouse nas clases de galego que impartían na Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas e alí coñeceu a Eduardo Blanco Amor, que era o seu profesor e co que empezou a saldar en parte aquela ansia por saber, pois ó ter coñecemento de que el era natural de Ourense, faltoulle tempo para preguntarlle se estivera algunha vez en Portela ou Ansemil:

- Non, miña nena. Que eu lembre, nunca estiven. Pero si que pasei preto de alí cada vez que funde Ourense cara Portugal, pois as dúas aldeas quedan ó pé de Celanova. Oíches falar de Celanova, algunha vez?

- Pues no. Qué es, la capital del distrito?

- Non, a capital chámase Ourense (eu, cando escribo, chámolle Auria...). Pero podía selo, perfectamente, porque Celanova éche un lugar moi fermoso, cunha longa historia que algún día tes que coñecer. Foi fundada por un señor feudal emparentado coa realeza, que se chamaba Rosendo e que despois de chegar a ser bispo e gobernador de Galicia e de andar loitando cos mouros e cos

normandos, un día decidiu abandonalo todo e retirouse a un mosteiro que mandou levantar alí. Daquela época –estamos falando de hai mil anos– consérvase aínda unha pequeniña capela que lle chaman de San Miguel e na que non caben máis de media ducia de fregueses. Disque a mandou construír como oratorio para el, pero certamente a súa orixenaria razón de ser é un misterio. Tamén din que cando fixo o testamento deixou escrito algo así como que lles deixaba “unha obra marabillosamente edificada”. E non mentía. Alí nacería, nove séculos despois, Manuel Curros Enríquez, de quen seguro terás oído falar a teus pais porque tamén era de Celanova e tamén foi parar á Habana, onde morreu hai case medio século.

- Mis padres no hablan nunca de sus orígenes. Y tampoco es que tengan muchos libros en casa. Algunos hay, pero muy pocos. Sin embargo, es cierto que mi padre guarda uno en su habitación que se titula “Aires da miña terra” y que tiene una dedicatoria. Pone algo así como “para o meu veciño, o contrabandista do sal ó que tanto aprecio”. Es de ese Curros Enríquez.

- Tes lido algo del?

- Si, cada vez lo consulto con más frecuencia, pero por ahora no logro entender muchas cosas. Por eso decidí venir a estas aulas.

- Pois dille ó teu pai que cho empreste e o próximo día leremos un fermoso poema que se titula “As cartas” e xa verás qué quere dicir “contrabandista de sal”.

Así, de descuberta en descuberta, descubriendo os segredos de Galicia e os “intrínquilis” do amor, e empezando a entender tamén –diciáno “As cartas” de Curros Enriquez– por

qué seu pai decidira fuxir de Portela. Así, decatándose de que a vida –é dicir, o destino de cada un– non é máis ca unha sucesión encadeada de circunstancias, non só propias senón tamén daqueles que nos preceden, era como tiñan transcrito os días de xuventude universitaria naquel “Buenos Aires querido” ó que con tanto agarimo e tan ben lle cantara Gardel.

Así..., ata que chegou aquela fría mañá de inverno austral na que se celebrou o acto inaugural do Primeiro Congreso da Emigración Galega, onde estaba previsto que ó longo dunha semana se deran cita en Buenos Aires representantes da emigración galega de toda Iberoamérica e que acabaría sendo, co tempo, o máis importante encontro que logrou convocar á colectividade galega intelectual na longa historia da emigración desta terra e no que ela tivera a fortuna de ser convidada a participar como axudante do presidente da comisión organizadora do Congreso, don Manuel Puente.

Cen anos antes, o día 2 de marzo de 1856, unha chea de universitarios composteláns protagonizaran na carballeira de Conxo, moi preto de Santiago, un senlleiro banquete que acabou sendo interpretado como un dos primeiros actos de identificación galeguista. Aqueles estudantes decidiron homenaxear á clase traballadora e para simbolizar a homenaxe acordaron seren eles os que, vestidos de frac, servisen a tódolos representantes da clase obreira que foran convocados alí. E alí deuse a coñecer, entre outros, un estudante de medicina que pronunciou un excelente “brinde” de exaltación nacional. Era Eduardo Pondal, ó cabo, o redactor do noso



Aldea de Portela.

himno. O evento pasou á historia coma “O banquete de Conxo” e cen anos despois, a colectividade galega no mundo quería conmemoralo cun gran evento que servira para facer unha posta en común da problemática que sufrían na diáspora os centos de milleiros de galegos emigrados nas dúas Américas. E así naceu aquel Primeiro Congreso da Emigración Galega, que ela ía vivir dende unha posición privilexiada.

Non sabía onde quedaba Conxo e por non coñecer, malamente coñecía a catedral de Santiago a través das fotografías que vira tanto no Centro Galego da Habana coma no de Buenos Aires, pero, o que si sabía –a cada intre que pasaba crecíalle a conciencia– era que estaba asistindo, con tan só 24 anos, a un evento histórico.

Aínda resoaban os ecos estremeceadores do discurso que pola mañá, logo das intervencións protocolarias inaugurais, pronunciara un home enxuto de afiada cara, xesto serio e trans-

cedente e verbas aínda máis afiadas, falando sobre Galicia e os emigrados, cando don Manuel Puente lle dixo que ó día seguinte debía acompañalo ó aeroporto de Ezeiza para recibir ó seu paisano, o “cubano” Xerardo Álvarez Gallego.

Agardárono con bandeiriñas galegas e cando subiron ó taxi, don Manuel e máis o seu compatriota cubano empezaron a falar:

- A inauguración do Congreso foi certamente emocionante. Os discursos resultaron afervoantes. Pero, entre tódolos oradores houbo un que destacou por riba dos demais. Foi un tal Velo, que veu en representación da emigración de Caracas.

- E quen é? Nunca oín falar del...

- É delgado como un vimbio. Con xeito de Don Quixote. Fixo chorar á xente. Ergueuna dos seus asentos. Sacudiuna, coma se, en lugar dun discurso zorregase unha tralla.

- E coidadiño, eh! Que o noso púbrico non se entrega virxinalmente a calisquer. Fica curado de espantos. Eiquí viviu Castelao. Por eiquí cru-

zou Otero Pedrayo. Entre nós fíxose gran ourador Suárez Picallo. Temos escoitado de mozo e de vello a Alonso Ríos. Ouvimos derradeiramente a García Sabell, Del Riego e Paz Andrade. Estamos afeitos á verba elegante de Blanco Amor, á quente de Núñez Búa e á fonda de Rafael Dieste...

- Quen será o tal Velo, entón?

- Dis que é natural de Celanova e que os que o lembran, xa destacaron a súa oratoria de mozo nun mitin das Mocedades Galeguistas na súa vila, diante da casa de Curros Enríquez, onde tamén falaran, entre outros, Castelao, Bóveda e Víctor Casas.

- Vaia, vaia! Quen ía ser!

Anisia ía distraída, ollando pola xanela do fermoso Ford Fairlane que o taxista –tamén galego– acaba de estrear e que os levaba ata o Centro Galego. Pero cando escoitou dicir Celanova, de súpeto espabilou coma se lle zorregaran nas entrañas. Lembrou as palabras de Blanco Amor sobre aquel bispo-gobernador que se volveira monxe e sobre todo a aquel

home do abrigo negro que o día anterior tan contundentemente describira os problemas da emigración e case a fixera chorar coas súas palabras, porque aquel discurso –afervoante, como o calificara don Manuel– cobraba unha nova dimensión para ela.

Celanova, Ansemil, Portela, Curros Enríquez, o contrabandista... De súpeto aqueles topónimos aqueles apelidos e aquel cualificativo aínda non ben entendido salferíronlle en treboada –coma nunha ferverza– as conversas que dende meniña –tanto na “bodega” de Ciego de Ávila, coma na finca dos arredores da Habana, e finalmente na propia capital bonaerense– mantiñan ás agachadas os seus pais e traíanlle á memoria aqueles sobres de “air mail” que moi de cando en vez chegaban á súa casa cun selo que puña “cartería de Ansemil, Celanova, Orense (España)”.

Entón prometeuse procurar un intre para falar con el. E a ocasión pintáronlla calva. Foi o día da clausura, no transcurso do multitudinario xantar que viña arremedar ó “Banquete de Conxo”, tamén con discursos e brindes –incluso Xosé estaba convidado a facer un no nome dos universitarios galego-bonaerenses– e que tivo lugar no Pazo Galicia, do Centro Lucense.

Dada a transcendencia do evento e despois de ter vivido durante toda a semana multitude de actos, escoitado numerosos discursos “afervoantes” (a definición de don Manuel quedáralle gravada na súa aberta memoria) e experimentado innúmeras sensacións humanas que notaba que lle estaban mudando a súa perspectiva vital, decidiu vestirse para a ocasión con tra-



Santa Baia de Portela.

xe de galega. Disimulada diadema, blusa branca, dengue, saia e refaixo dábanlle un aspecto certamente encantador a xa de súa fermosura clásica e que case a facían confundir cos compoñentes da coral que actuou para rematar os discursos, malia que non tivera nada que ver con eles, pois o traxe regaláranllo no acto que lle organizaran no Centro Galego da Habana os seus amigos para a despedida.

Xosé estaba convidado a falar no nome dos estudantes galego-bonaerenses facendo un brinde ó estilo do que fixera Eduardo Pondal en Conxo. Iso, e a súa condición de axudante do presidente da organización do Congreso, don Manuel Puente, resultaron determinantes para que puideran participar no banquete en lugar preferencial, ó pé da mesa presidencial, onde estaban situados, entre outros persoeiros, o propio don Manuel, Daniel Calzado e Alonso Ríos, así como aquel Xosé Velo co que ela tiña que falar, como fose, de Portela e Ansemil antes de que rematara o congreso.

- Que guapa vas, vestida de galega. (Díxolle Velo, antes de que serviran o primeiro prato)

- Moitas gracias. La ocasión no merecía menos. Me lo regalaron en La Habana y quise que mis amigos cubano-gallegos estuviesen de alguna forma conmigo en este acto tan importante. (Quixo falar galego, pero as clases de Blanco Amor aínda non deran os froitos que habían daren co tempo).

- Tan nova e xa representas á colectividade da Habana?

- No. Yo vivo aquí. Hace tres años que nos vinimos para Buenos Aires, pero yo nací en Cuba. Mis padres son gallegos (agora era a ocasión para establecer a conversa), de Celanova.

- De Celanova? Non me digas!. O mundo é un pano da man... Pero, se de Celanova son eu... Como te apelas? Non me estrañaría que coñecese a algúns dos teus parentes.

- Mi nombre es Anisia y me apellido Miranda Fernández. Pero mi padre nació en Portela y mi madre en Ansemil.



Rectoral de Ansemil.

- Portela... Santa Baia de Portela, concello de Verea. Non me vas crer, pero alí estiven eu de mestre. Foron uns meses, nada máis, pero gardo un gran recordo das súas xentes. Pouco despois de acabar a guerra, miña nai pediu por min e destináronme alí. Estiven un curso só, pero aprendín moito dos seus veciños. Se non lle tes medo ó monte e pola tarde buscas a posta do sol, case es quen de chegar a Portugal sen to parte con ninguén. Un día chegou un correo do gobernador civil comunicándome que o meu traballo alí rematara, que tódolos informes dicían que as miñas explicacións eran con-

trarias á formación do espírito nacional. E como non ían ser..., se alí todo o que había era miseria. Miseria, iso si, soportada por homes e vellos, mulleres e nenos cunha dignidade que abraía.

Naquel intre os seus ollos debíanse ver coma dous faros dos barcos que atracaban no peirao de Palermo e os seus oídos tan abertos coma se tiveran dous inmensos funís encaixados para non perder detalle, cara a boca daquel home que falaba tan ben e dicía cousas tan interesantes. Todo canto lle ocultaran seus pais ó longo de 24 anos estábao descubrindo de

repente, coma quen descubre o interior dun cofre que sempre tivo diante sen atreverse a abri-lo.

- Y Ansemil? Que me dice de Ansemil? De allí era mi madre...

- Ansemil está máis preto de Celanova. E realmente pertence ó termo municipal de Celanova. A Caseta de Ansemil está na estrada que vai de Celanova a Portugal e pola que tamén se vai a Portela. Alí mataron a un amigo meu. Era tamén mestre e, cando o avisaron de que os falanxistas andaban a por el, quixo fuxir para Portugal, precisamente polos montes de Portela, pero xa non lle deu tempo. Eu, daquela, xa andaba fuxido... Ti aínda eras unha nena. Hai xa daquilo quince anos. Pola expresión que tes, intúo que nunca viaxaches alí.

- No solo no viaxé, sino que mis padres rehuyen de mí cada vez que les pregunto algo sobre sus lugares de procedencia.

- As súas razóns han de ter, miña nena. Ninguén dos que estamos neste banquete decidimos saír das nosas casas e abandonar o noso ambiente familiar porque estiveramos aburridos delas. Sempre hai unha causa (e nunca é pequena) que nos leva a poñer o mundo por monteira e procurar a liberdade, o pan ou o futuro para os nosos fillos, no outro lado da terra. Algúns non temos problema para falar delas. Outros, sen embargo, impóñense o silencio como penitencia. Se cadra teus pais están nesta. Pero tan lícita é unha postura coma a outra, porque os que máis sofren, podes crerme de veras, son eles...

... Sabes quen foi Curros Enríquez?

- Sí, un poeta que tamén era de Celanova.

- Pois Curros, o gran Curros, escribiu un tan fermoso como certoiro

poema que se titula "A emigración" e que di:

Cando nas noites de luar caladas
vía unha estrela polo ceo correr,
decía miña nai, cas maus dereitas:
"¡Dios te guíe con ben!"

Dende entón, cando vexo que un gallego
a terra deixa onde infelís naceu,
i achego busca noutras praias, digo:
"¡Guíete dios!", tamén.

Non o culpo, ¡coitado!, non o axo,
non pido pragas nin castigos pra el,
nin de que é dono de coller me esquezo
pra onde lle conviñer.

Que aquel que deixa o seu natal curruncho
e fóra dos seus eidos pon os pés,
cando troca o seguro polo incerto,
¡motivos ha de ter! (...)

- No sé cómo, ni cuándo, pero
no pararé hasta descubrir por qué no
quieren hablar de sus raíces. Y, sobre
todo, no descansaré hasta "regresar"
allí, porque si algo he aprendido es-
tos días en el Congreso es que, cuan-
do tengamos la oportunidad de via-
jar a Galicia aunque sea por prime-
ra vez, los hijos de los emigrantes no
viajamos, si no que regresamos, por-
que por más que tratemos de evitarlo,
de allí es de donde procedemos.

Naquel intre, Xosé Velo meteu a man
no peto e sacou unha medalliña de
prata que reproducía a imaxe dunha
virxe. Pousouna na delicada man de
Anisia e díxolle:

- Cando poidas viaxar a Celanova
e vaias cara Portela e Ansemil, an-
tes de saír da vila poderás ver dúas
pequenas igrexas que nada teñen
que ver co maxestoso mosteiro que
hai no centro da vila. Unha está ó pe-
da estrada. A outra, sobre o outeiro,



Cemiterio de San Verísimo.

presidindo o camposanto de San Ver-
rísimo. Alí é onde descansa toda a
memoria miña. O que tes na man é
unha medalla da Nosa Señora da En-
carnación, que está na primeira de-
las e que me entregou miña nai can-
do me liberou por primeira vez. Logo,
as circunstancias enterraríame, con
ela, en vida. Botei oito meses aga-
chado, coa súa única compañía, nun-
ha bodega a pouco máis de un qui-
lómetro de alí, na aldea de Moreiras.
Eu sei que non volverei. Pero ti si, que
es moi nova e has ter tempo de coñe-
cer a España democrática que a nós
nos foi roubada. Vexo que tes moi-
tas razóns para ir. Gárdaa, igual que
gardan teus pais o seu segredo e can-
do chegues a Celanova, pregunta no
San Verísimo pola campa de Lino Ve-
lo e pídelo ó cura que a deposite ne-
la. Dille que aquel que a portou creu
na humanidade, pero renegou do po-
der do home. Velaí tes outra razón
para ir a Portela, a Ansemil..., e ago-
ra tamén a Celanova.

Anisia non daba creto ó que lle es-
taba acontecendo, pero nun acto re-
flexo pechou a man con tal forza que
cando a volveu abrir case fixera san-
gue na palma.

O xantar continuou cos discursos de
despedida. Xosé Neira Vilas, que así
se chamaba o seu mozo e que por
mor da lectura do seu discurso non
se decatou da conversa, ofreceu un
brinde grandemente aplaudido pola
concorrenza, mesmo ó estilo do que
colocara na historia a Pondal, había
cen anos. Pero ela case non o escoi-
tou termando con mimo daquela fer-
mosa medalliña e pensando no reto
vital que un descoñecido lle acaba
de colocar na palma da man, por ri-
ba da mesa.

Agora si que había ir a Portela e An-
semil. E..., ¡cómo non!, a Celanova.



Ilustración de Xaquín Marín para o primeiro capítulo da edición conmemorativa de Galaxia.

***Aínda que se me
ocurrise facer
un libro, como
fixo Smith, de
pouco valería
o que conte.
Smith estivo na
guerra, e eu
son apenas "o
nenos" como me
chaman na casa.
Son Balbino. Un
rapaz de aldea.
Un ninguén.***

ROSA ANEIROS

Meirás - Valdoviño, 1976.

É xornalista e investigadora da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega. Colaboradora habitual en distintos medios de comunicación impresos e dixitais. En 1999 presentou a súa primeira novela *Eu de maior quero ser* (Editorial Sotelo Blanco) á que seguiron *Corazóns amolecidos en salitre* (Laviovento, 2002), *Resistencia* (Xerais, 2003),

O xardín da media lúa (Galaxia, 2004), o volume recopilatorio de artigos literarios *Agardando as lagarteiras* (culturagalega.org, 2003) e *Veu visitarme o mar* (xerais, 2004). Ten publicado numerosos relatos en volumes colectivos e conta no seu haber con recoñecementos como o Modesto Rodríguez Figueiredo (Pedrón de Ouro, 1998); o Manuel Lueiro Rey (1996); o Manuel Murguía (2001), o Carvalho Calero (2001) e o Premio Arcebispo Juan de San Clemente (2003).

HOMENAXE

Neira Vilas

Rosa Aneiros

“Eu quixera andar mundo. Ir por mares e terras que non conozo. Nacín e crieime na aldea pero agora síntoa pequena, estreita. Coma se vivise nun cortizo. Teño pensamentos que non lle podo contar a ninguén. Algúns non me entenderían e outros chamaríanme tolo. Por eso escribo. E depois durmo como unha pedra. Quedo desatafegado, libre, coma se me quitasen de enriba un bocoi. Cousas miñas! E tamén de Smith, o capitán que estivo na guerra e cando voltou prá casa puxose a escribir todo o que lle acontecerá. Así está nun libro que me trouxo o Landeiro.

Se eu fixese un libro! Nin falar. Ogallá que non me atopen o caderno. Daríame vergoña. E non é para menos. Porque nel deborco todo o que sinto. Moi pouca xente o fai. Todos abren o peteiro para dúas cousas; pa-

ra dicir a verdade ou para arredarse dela.

Na miña casa non me comprendían. E outro tanto aconteceme na do Landeiro. Eso é o peor que lle pode suceder a un, pero a moita xente non se lle dá.

Eu non sei se esvarío. Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendela. Vexo sombras e luces, nubeiros que via-xan, lume, árbores. Que e todo eso? Ninguén me di, poño por caso, para que sirven as estrelas, nin onde morren os paxaros. Sei de certo que moitísimos anos antes de nacer eu xa había sol e penedos e fuxía a auga polo río. E estou seguro de que todo seguirá igual depois de que eu morra. Virá máis xente e máis tripan-do uns nos outros, esquecéndose adrede dos que morreron, coma se non houbesen vivido.

Escrebir no caderno -quen o diría!- é como baldeirar o co-

razón. Parece un milagre. Pois ó fin de contas non pasa de ser unha conversa comigo mesmo. Pero para min é milagre todo. Dende as pingueiras da chuvia bastra o canto do grilo. Aínda que se me ocorrise facer un libro, como fixo Smith, de pouco valería o que conte. Smith estivo na guerra, e eu son apenas “o nenno” como me chaman na casa. Son Balbino. Un rapaz de aldea. Un ninguén.”

Vai aló máis de medio século da creación destas palabras e aínda seguen a ourizar a epiderme. Velaquí a simpleza de por que escribimos. Non ten máis. Podemos buscar mil artificios, excusas, explicacións e sempre mentiríamos porque a verdade das nosas historias non está no que as xustifica senón na cerna mesmo da súa necesidade absoluta de seren contadas. De amosar a sorpresa do mun-

do que se abre a nós e rabuña no fondo dos pensamentos na procura dunha palabra. Por que nos cativa Balbino? Hai ducias, centos de artigos escritos sobre isto e non vou ser eu quen desentrañe a súa verdade última. Para iso estades as críticas e os críticos. Porén si o fixen moitas veces como lectora e como escritora. Por que nos seduce Balbino dese xeito, especialmente aos nenos e nenas? Por moitísimas razóns. Porque nos ape-la directamente. Porque emprega frases directas, verbos contundentes, sonoros, redondos. Porque fala de nós. Do que soñamos e do que tememos, os paus, os malos tratos, os abandonos, a emigración, a escravitude da terra, a dor polo desprezo dos poderosos, da fragilidade, da humillación. Porque os capítulos son ben curtos, directos e atravesan da alegría ferida do Entroido dun neno amarrado polo loito, á morte do padriño, á querencia dun amigo, a responsabilidade do traballo, a ausencia do irmán Miguel e o temor a un bo lapote. E fálanos diso cunha aparente simpleza, como que saíu así a borbollóns da cabeza de Pepe e foi tecéndose só, sen unha man que ganduxase os fíos, que move-se os monicreques ao antollo do ritmo, da sorpresa, do medo, da alegría, do consolo, da tristura. Da traición. Non hai nada máis difícil que esa naturalidade estraña que



Ilustración de Xaquín Marín para capítulo "O fumazo" da edición conmemorativa de Galaxia.

Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendelo. Vexo sombras e luces, nubeiros que viaxan, lume, árbores. Que e todo eso?

fai do artificio literario, da narración, unha verdade absoluta e incuestionable. É así porque ten que ser así. Porque non pode ser doutro xeito. Todo isto seino agora cando releo as memorias de Balbino. Non o souben daquela, cando o lin en idade escolar. Son do ano 1976, das primeiras xeracións que aprendemos que o galego que se falaba na casa camiñaba tamén polos libros. Nos primeiros, Carlos Casares e Neira Vilas. Desas memorias dun

fai do artificio literario, da narración, unha verdade absoluta e incuestionable. É así porque ten que ser así. Porque non pode ser doutro xeito.

chegar ben lonxe. Por iso Balbino falaba de nós e mais non. Porque houbo unha xeración que quixo que fosemos alguén. Que soñásemos, que pelexásemos, que lése-mos, que fósemos á escola primeiro e á universidade despois. Que saísemos dos cavorcos para gañar as autoestradas dos soños.

nenos labregos, o apego, a emoción de que nos falasen con tanta claridade cun mundo que non nos era alleo. Non. As historias xa non do meu padriño, as historias do meu pai non distan moito das do coitado de Balbino. Daquela cando lin "Eu son Balbino. Un rapaz de aldea. Coma quen di, un ninguén", mesmo me ofendeu porque eu era tamén da aldea. E claro que eu podía ser alguén. Non mudara tanto a miña aldea dende o mundo do meu pai ao meu. Daquela seguíamos sen alumeado público, sen beirarrúas, sen teléfono, o colexio a dez quilómetros, a segunda quenda de viaxe en autobús. Pero, en cambio, mudara todo. Esa xeración de tránsito entre os Balbinos e mais nós turrrou arreo porque nunca nos sentísemos uns ninguén, porque nós, tamén os da aldea, podíamos

chegar ben lonxe. Por iso Balbino falaba de nós e mais non. Porque houbo unha xeración que quixo que fosemos alguén. Que soñásemos, que pelexásemos, que lése-mos, que fósemos á escola primeiro e á universidade despois. Que saísemos dos cavorcos para gañar as autoestradas dos soños.

E porén, aquí estamos de volta, recoñecendo que Balbino ten moito máis de noso do que nunca cremos. Especialmente agora que sei que anda de boa saúde grazas a,

Balbino sedúcenos por moitísimas razóns... porque fala de nós. Do que soñamos e do que tememos, os paus, os malos tratos, os abandonos, a emigración, a escravitude da terra, a dor polo desprezo dos poderosos, da fragilidade, da humillación...

atención, o dente de allo, dúas culleradas de lecitina de soia, dúas noces, un vaso de leite semidesnatado con omega 3, unha presada de Allbran e unha culler de mel que almorza cada día.

- Para o colesterol, Pepe?
- Non que non teño. É para a hipertensión.
- E logo ten hipertensión?
- Non oh!
- E logo para que o toma?
- Para previr!

Pois para iso, para previrnos do máis íntimo e do máis universal fálanos Balbino. El acode así á esencia pura do ser humano. E diso soño con falarlles cando escribo. Cando constrúo historias que alguén logo dará corpo nas súas cabezas. Por iso: "Escribir no caderno -quen o diría!- é como baldeirar o corazón. Parece un milagre. Pois ó fin de contas non pasa de ser unha conversa comigo mesma. Pero para min é milagre todo. Dende as pingueiras da chuvia bastra o canto do grilo. Aínda que se me ocorrise facer un libro, como fixo Smith, de pouco valería o que conte. Smith estivo na guerra, e eu son ape-



Debuxo de Alfonso Costa para a edición catalana.

nas "a cativa" como me chaman na casa. Son Rosa. Unha rapaza de aldea. Unha ninguén."

Pero, quen quere ser alguén se eu podo partillar esa materia dos soños da que seica estamos feitos?

Esa xeración de tránsito entre os Balbinos e mais nós turrou arreo porque nunca nos sentisemos uns ninguén, porque nós, tamén os da aldea, podíamos chegar ben lonxe... Houbo unha xeración que quixo que fosemos alguén. Que soñasemos, que pelexásemos, que lésemos, que fósemos á escola primeiro e á universidade despois. Que saiseiros dos cavorcos para gañar as autoestradas do soños.



Placa da Fundación Xosé Neira Vilas.

FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ

Carballiñés, estudia Historia da Arte na universidade Compostelán, colaborador con Manuel Chamoso Lamas ate o seu pasamento.

Dende 1975 ate 1996 Director-Conservador do Museo Arqueolóxico de A Coruña. Na actualidade Museólogo e Técnico de Xestión

Cultural da Deputación da Coruña. Membro do Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento" (1977). Numerario da Real Academia Galega de Belas Artes (1987), numerario do "Instituto Xosé Cornide de Estudos Coruñeses" (1988).

Autor de innumerables traballos sobre temas de etnoarqueoloxía, simbolismo e museoloxía.

Neira Vilas

Escenarios dunha historia galega e labrega

Felipe-Senén López Gómez

GRES, PAISAXE E PAISANAXE DA ITACA DE NEIRA VILAS

Non hai que darlle reviravoltas, Pepe Neira Vilas ten espírito de historiador e éo. Pero é dos que teñen os pes na terra, na lama, e non no estrados enmoquetados das cátedras. Escribe o que vive e sinte, como fixo o guieiro Castelao, coa ansia de dignificar canto se refuxiou na aldea: “*facer da arte dos canteiros o Pórtico da Gloria*”. Fai memoria, historia novelada da súa nación, que é a súa xente, a súa terra e o seu tempo, con importantes aportes para a etnografía, esa ciencia, con tanto aporte na Galiza, valiosa fonte documental da Historia. Historia labrega, de xentes do común, que outros historiadores esquecen. A historia dos sentimentos e do traballo dos nenos “*yunteros*”, dos mozos que deixan pasar seu mellores días cunha aguillada na man ou entre o serrín dun serradoiro, de mozas a lavar no río e atender o lume e a casa... A historia dunha aldea na que andan a velas vir os que un día deciden deixar tras si aquelas paredes erguidas con ilusión, o igrexario co camposanto, o carro e o arado, o gando, os lameiros, os serradoiros ou as canteiras, as feiras... collen a maleta e o fardel das incertezas, cruzan océanos e furan para perderse noutros mundos. E quizais retornar, ó fin, a súa Ítaca, á casa da Nai, xa pardiñeiro, cuberto de edra. Aldea con sepulturas endexamais esquecidas. A Nai é un símbolo, e así se representa nos cruceiros, como observou Castelao, como unha espiral dando acougo ó fillo, sempre pequeno no oco do seu colo, o embigo, o principio, o centro do labirinto.

Neira Vilas conta a súa historia e a dos seus, a que parte dunha Galiza rural da primeira metade do século XX, cando despois das guerras se cocían tantas

cousas en Europa e no mundo. Historias que acontecen nunha casa, na parroquia de Santiago de Gres. Aquí naceu un 3 do mes de Santos e Defuntos, cando comezan a prenderse as lumeiradas dos Magostos en hora do santo cabaleiro e xeneroso San Martiño. No curso medio do Ulla que por aquí recibe as augas do Deza, baixo a vixilancia do Castromouzo, gardador de tesouros de mouros, segundo se sigue a contar, cada vez xa menos... de mouras, as que de cando en vez aparecen na fonte peiteando os seus cabelos de ouro e repiten “si souberades dos tesouros que tendes baixo os pes non emigrariades”.

PARAXES VIXIADAS POLOS ENIGMAS DO INSPIRADOR PICO SAGRO

Gres está na ribeira dese río que conforme nace vai creando cultivos, cultura e bisbarras: a Ulloa, o Ulla e o Ullán, dicía o profesor-poeta de xeografía e humanística Otero Pedrayo. A parroquia estende as súas casiñas labregas mesmo despois de pasar a medieval Ponte de Ledesma, testemuño de esperanzados ritos de pasaxe e fecundidade, tamén das batallas entre os exércitos franceses e as guerrillas da independencia, camiño de Vila de Cruces. Ponte que limita as provincias da Coruña e Pontevedra, á que da entrada ou saída a capeliña do Carme, coa imaxe que a tradición di foi traída nunha arroiada do río. Ribeiras nas que as augas do Ulla chancean entre inuas unidas por pasais de pedra. Amieiral que cada 31 de agosto serve de concorrido campo de romaría para celebrar ó catalán san Ramón, protector das preñadas e dos partos, que é dicir de futuro. Ulla, río grande, vea nutricia dun fértil val ó que tanto asoman casas humildes como solemnes pazos, ber-



Casa da Fundación rehabilitada baixo a dirección de César Portela.

A ponte Ledesma, sobre o río Ulla.

ce de fidalgos e lecer de ilustrados: os Sánchez de Gres, os López de Neya, os Herce, estes señores marqueses de Algara de Gres, con capeliña dedicada ó paciente conformista santo Pai Putativo, tocaio de Pepe Neira e á que mira a súa casa.

Paraxes vixiadas polo Pico Sagro, e preferimos dicilo así, “Sagro”, como dicían os vellos de noutrora co seu acento compostelán, pousón e estirado, esvaecido en brétemas. Topónimo “Sagro” quizais por aproximarnos a súa raiceira etimolóxica de “*saxum*”, seixo ó fin. Crista á que asoma a osamenta branca e dura da Terra para campar e señorear sobre o territorio xacobeo. É o que é o Pico Sagro, un farallón de seixo, de coio branco. Hoxe territorio de cotizado e esfaragullado “ouro branco”, silicio solar que chaman para as novas tecnoloxías. Ameaza das minas de Serrabal que carcomen lentamente o monte, os horizontes limpos, segredos aínda non sabidos e tanta historia. Pero tamén o monte e pico “sacro”, altar nas lendas que alí poñen minas de ouro e covas que contan foron palacios da Raiña Lupa. Cos vestixios da Torre de Pico Sacro, erguida por Xelmírez, a estrutura da cisterna, o foxo que fende en dúas a croa da cima e chaman “paseo da Raiña Lupa”... a capeliña con vestixios románicos dedicada ó soldado romano mártir das catacumbas, “Apolo cristiano”, San Sebastián... As antigas sobreiras que aínda quedan do que puido ser o bosque Ilicino e ó que chegaron os discípulos do Apóstolo, Teodoro e Atanasio para amansar touros bravos e conducir ó Libredón e á Arca Mámorica” as reliquias do Apóstolo “Fillo do Trono”...E ó falar de todo isto sempre lembramos a novela do arqueólogo

e xeólogo compostelán que acabará seus días estudando as covas prehistóricas de Cantabria, o profesor e sacerdote Xesús Carballo. Autor de “*Fida la hija del último druída Galaico*”, novela ambientada nestas terras que abren portas a Compostela. Trata da historia da translación dos restos do intimo amigo do Mestre, Santiago Apóstolo. Obra escrita na metade do século XX, con base arqueolóxica encadrada coas lendas, a intuición e un fondo sentimento. Tamén asuma nesta paisaxe, merecente de todas as proteccións, o intervencionista feista, pegada da anomia cultural que esperpentiza a cultura: a estrutura de cemento dunha edificación paralizada nos anos oitenta, o depósito da auga...e algún outro innecesario gasto de afeamento.

VELLOS CAMIÑOS DE COMPOSTELA: ARRIEIROS RIBEIRAOS, FEIRANTES, FRADES, TITIRITEIROS, GAVILLAS...

Camiños reais os de Ponte de Ledesma polos que pasan peregrinos que dende Ourense, seguen a romana ruta da Prata, ou ruta mozárabe, a que quizais seguiu Almanzor levando e traendo as pesadas campás de Compostela ás costas de cristiáns e logo de mouros. Foi a máis vella e frecuentada estrada aquela que dende os ribeiros ourensáns daba paso a arrieiros, a carromatos e cabalgaduras de feirantes e fidalgos, como a titiriteiros ou a exércitos.... Pero esa xa é outra decimonónica historia, máis lonxana, a da que tamén da fe o escritor romántico estradense Marcial de Valladares Nuñez, que por aquí, nos arredores do

Placa instalada nas Insuas nunha homenaxe en 1999.

[DEREITA]:
Museo Etnográfico instalado na Fundación Neira Vilas.



Pico Sagro tamén ambienta o folletín lacrimóxico *“Maxina ou a filla espúrea”*. Ou o mesmo cóengo, arqueólogo López Ferreiro, que viviu e recolleuse para a súa inspiración na casona de San Pedro de Vilanova en Vedra, entre cipreses, camelias, laranxos e buxo... O Pazo de Santa Cruz de Ribadulla e a súa estancia de Jovellanos, o pazo de Guimarás, o de Oca...continentes de sobranceiros contidos.

Ben merece collerse un día ou máis, para dende Compostela facer e enxergar ben estes camiños que arrancan dende a costiña do Castrón de Ouro, a carón do Patio de Madres, e que entran ou saen da cidade do Apóstolo polo Arco de Mazarelos... Por aquí entraba en Compostela o viño dos Ribeiros, seguindo devanditos camiños, segundo lembraba don Ramón de Trasalba, asiduo deles e destas paisaxes, como veciño nos anos composteláns deste mesmo barrio sobre o que asoma e emproa, como un barco de pedra, o vello e solemne edificio neoclásico da Universidade. Encostas que soben ou baixan a Santa María do Sar, que non é pouca cousa: mosteiro para o retiro dos coengos de San Agostiño, aqueles que polo 1170 animaron a constitución da Orde de Santiago, construído nos días gloriosos de Xelmirez para agradecer a lealdade do seu tesoureiro e colaborador Munio Alonso, servir de sepultura a seus mellores servidores e dar entrada e saída á cidade do Apóstolo. Co claustro no se que percibe a man dos canteiros de Máteo e a igrexa cos piares movidos no chan brañoso e a moi posterior solución dos arbozantes. Construción seguramente erguida sobre o solar dalgunha capeliña que cristianizaba na ribeira do

poético Sar algunha fonte sanadora con vellos cultos. Igrexario do Sar, baixo o monte Gaias, agora aberto e coroado pola Cidade da Cultura, e o monte Viso, siluetas que marcan os horizontes de Compostela. Otero Pedrayo couda Compostela *“Entre o Pedroso e o Viso”*, como lembra e subtitula en *“O espello no serán”*, nostálxica, barroca, persoal guía de Compostela para iniciados. A Compostela que nace dun sartego, cabo do mundo, faise para iniciados. Veciños montes con fondas cicatrices, pegadas de canteiras de pedra para construír Compostela, minas de ferro castrexo, aldeas que ate fai pouco gardaban as esencias de parada e fonda antigas, para facerse urbanizacións asépticas, Bando, Angrois... Baixo as que hoxe furan túneles de dúas xeracións de ferrocarril e novas vías de asfalto. Cara ó Forte Boqueixón e Cira, con montes nos que asoman vestixios de controladoras torres medievais. Proba das rivalidades entre a poderoso berce dos Trastámara, os Moscoso da Casa de Altamira e a mitra compostelán, como a devandita e famosa torre do Pico Sacro, as que souberon da xusticeira furia irmandiña, para reconstruíla Alonso de Fonseca e novamente volverse a perder, sen quedar pedra sobre pedra...

NA PROCURA DO “LOCUS AMOENUS”, O APACIBLE LUGAR ONDE SE RECOLLEN AS PANTASMAS DO PASADO

E sempre nos agarda Ponte de Ledesma e Gres, hoxe con boas casas de enxebre tradición culinaria, onde tomar un acougo e bo xantar, a carón das hortas, e



Neira Vilas no 85 aniversario de Laxeiro. Vigo, 1993.

dos lameiros que fecunda o río, ás que tamén asoma, como un faro, empoleirado, a casa da Fundación Neira Vilas, con tantas lembranzas da historia de Pepe e de Anisia. Construción nos anos oitenta rehabilitada baixo a dirección do arquitecto César Portela para facer da humilde casa e cortes un centro de tradición e de anovación. “*Locus amoenus*”, embigo, colo matricio, da obra de Xosé Neira Vilas. Dende esta universidade faise máis fácil enxergar paisaxes e paisaxes de noutrora.

Pero os camiños seguen, divídense en encrucilladas: nunha banda queda o igrexario románico do Salvador Camanzo, construído baixo o mecenado dos Condes de Deza, quizais sobre máis antigos altares, gardador aínda de moitas esencias do pasado e que ogallá caia en mans rehabilitadoras sensíbeis. Queremos dicir que saiban entendela como iso que foi e o que é, un vello mosteiro de monxas bieitas, hoxe casa reitoral, con patio empedrado ó xeito antigo e sobre del un emparrado de vellas, gastadas e gabeadoras vides, ó que abre a gran solaina, construída sobre sombrías de adegas, con prensa e pías de pedra, tres arcos, restos do claustro medieval, gótico... Unha porta baixo un arco que acolle un tímpano coa labra do Año de Deus e restos de cor, da acceso lateral á igrexa. Espazos que conservan o “*genius loci*”, o espírito, o respectado, invisible e ameazado fantasma do lugar, soamente perfectible por espíritos finos, poéticos e que moitas veces as “rehabilitacións” desterran.

Vellos e concorridos camiños da capital do Concello que é Vila de Cruces, os que no tempo de Entroido

serven para escenificar eses saberes populares e formulas parateatrais con liortas tribais, parroquiais entre “xerais” napoleónicos acabalo de lustroso e ben luídos facos, sable en mau dirixindo inxenuos e retranqueiros sermóns que sacan a relucir os vicios prendidos na sociedade. Así, denantes da Coresma, faise catarse, borrón e conta nova. Merza, as minas de volframio e o balneario da Brea. Escenarios para unha historia de estraperleo, outras acontecidas no Fontao, poboado mineiro, que tivo sala de cine para case catrocentas persoas, “aquí viñan a traballar as putas máis caras de España”, lembra alguén. Entre sobreiras e carballas, ensombrecedoras de tantas historias aínda por contar. Á forza por aquí temos que lembrar a novela, tamén histórica de Xosé Fariña Jamardo “*La Brea*”. Faremos detida parada en Carboeiro, para enxergar os restos daquel grande i espoliado mosteiro cisterciense. Na colección do escultor Federico Marés de Barcelona atópase algunha escultura provinte da porta da igrexa deste mosteiro galego, a sumar a moitas outras que se reparten por museos do mundo. Construción na que se percibe a man ou a inspiración románica dun mestre Máteo que se prepara para a apoteose compostelán do Pórtico da Gloria. Esa enigmática cripta baixo a solemne carola: a ascese que vai das sombras do Caos á luz do Cosmos. Ese Cosmos que está no oriente, que arrodea o altar... Continuamos cara á igrexa de Santiago de Breixa, sinxela á vista pero que no seu interior garda ese arco de triunfo e os capiteis románicos, labrados en suorosa pedra de toelo, con temas cultos, da mitoloxía clásica, a serea, o saxitario... O Igrexario de Ansemil coas dúas igrexas xuntas e moita arqueoloxía baixo delas...os camiños de Silleda, a ferverza do río Toxa deixando caer as súas guedellas de auga... As terras do Deza e do Santuario do Corpiño, en Santa María de Losón. Concorrido e respectado templo, onde se venera á Virxe, entre os arcanxos e os anxos bos, e ás imaxes dos sabios San Silvestre e do San Xerónimo, os que teorizaban sobre pautos co demo...

O ULLA E SAN XOAN DA COVA, GUNDIÁN... PAISAXES E PAISANAXES INSPIRADORAS

Xentes e feitos que inspiraron ó pintor Manuel Colmeiro, de Margaride de Silleda, e alí onde el an-

divera, polos camiños do mundo, voltaba e dignificaba aqueles temas que leva ós seus lenzos. A xente da feira, os labradores, as paisaxes mansas.... Laxeiro de Lalín fixo igual, ambos os dous dignos e apropiados ilustradores para a obra de Xosé Neira Vilas.

Paraxes onde por poñerse a maxinar poñeríamos tamén historias da gavilla da mítica Pepa Loba, desafiando muradas casas parroquias e pazos. Lameiros, fragas sobre as que asoman pazos, poderosas igrexas revestidas de barroco, con ergueitas espadanas que gaban ó ceo o poder do clero nun tempo. Hoxe compañeiras do paso do Ferrocarril, cada vez máis veloz e lonxe daquelas outras vías de ferro feitas para o vagar e o divagar do FF.CC, como se dicía Zamora-Coruña: montes furados por túneles que na posguerra criaron para moitos mozos obreiros daquel entón a tortura por vida da silicose, lanzais viaductos de pedra e formigón dentro das liñas ríxidas do seu tempo.... con estacións en Susana, Ribadulla, Bandeira, Silleda, Ponte Taboada, Lalín.... sólidas obras, inspiradas na tradición, caviladas para outro futuro que non foi, moitas delas hoxe abandonados. Pardiñeiros. O viaduto sobre o Ulla en San Xoán da Cova, entre o túnel que pasa baixo o Castro e Serrabal, que nos anos corenta sepultou baixo escombros os restos do antigo mosteiro altomedieval, que tamén soubo de riadas do Ulla e de todo tipo de invasións, onde incluso se refuxiaron reis e fidalgos, nun enigmático lugar que a tradición di ser un paso artificial do Ulla feito polos mouros, que alí tiñan saída túneles da Raíña Lupa, das covas do Pico Sagro. Sempre os mouros, os de noutrora, os que gardan memoria e dan consellos, sobre como respectar o pasado, a memoria... Lugar obrigado de paso sobre o Ulla, hoxe con outro máis atrevido viaduto, con gran arco parabólico para dar paso á serpe do AVE, sobre tanta historia. San Xoán da Cova é de sempre atractivo lugar, o que por algo trouxo a sensibilidades románticas, a Ovidio Murguía que pinta este misterioso paso, segundo podemos ollar no óleo que se expón na Casa-Museo de Rosalía na Matanza padronesa. Tampouco foron alleas estas terras ao historiador don Manuel Murguía, amigo da pescuda e a súa señora Rosalía Castro, que en Lestedo, na caída do Pico Sagro, pasou tempadas. Seguramente cada fin de maio, con empanada, viño e tortilla acudiría á Romaría de San Sebastián



Monolito que amigos e veciños lle dedicaron na súa casa natal, 1982.

[ARRIBA]: *Neira Vilas con Anisia, Emilia Colmeiro, Manuel Comeiro e Manuel Reimúndez (Silleda, 1986).*

do Pico Sagro, ou no setembro á de Santa María de Gundián, carballeira e templo que mira a este mítico lugar de San Xoán da Cova, erguido sobre a arqueta dunha fonte santa, curadora, a que verte nunha banda exterior do templo.

Sempre que enxergo estas paisaxes e paisaxes, tan en acelerado devalar, cavilo no que cavilará Pepe Neira Vilas, respecto ó pasado e ó porvir. El., que como Ulises, tanto ten vivido e andado na Odisea da súa vida.

Sempre é ben acompañarse dun mapa nas lecturas de Neira Vilas, métennos na historia de Nós, ábrennos e encadrilan moitas outras historias que se atopan nestes camiños gastados polo paso, feitos pra andalos e saber o que vale o que se deixa e o que se atopa. Algo moi propio da Cultura deste país que abriu encrucilladas e portos cara océanos infindos.




Ilustración para o capítulo Sacristán do “Gallego Posada” na edición cubana.

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Escritor, teólogo, pensador e profesor. Especialista en temas de cultura galega. Estudou Filosofía e Teoloxía en Santiago e doutorouse en Teoloxía na Universidade Pontificia de Salamanca. Autor máis dunha ducia de libros, ten publicado preto de mil artigos en revistas especializadas españolas e extranxeiras.

O Cura e o "Ludío",

DOUS PERSOEIROS DE MEMORIAS DUN
NENO LABREGO REPRESENTATIVOS
DA RELIXIOSIDADE NO MUNDO
RURAL DO SEU TEMPO



Victorino Pérez Prieto

*M*emorias dun neno labrego de Xosé Neira Vilas, ademais de ser unha magnífica novela e a obra máis coñecida e difundida da literatura galega contemporánea, é un bo texto para coñecer a relixión e a Igrexa na Galiza dos anos 40. A Igrexa de sempre, conservadora, tradicionalista e preconiliar, maiormente aliñada a carón dos poderosos e non do pobo ao que di servir; pero tamén unha perspectiva crítica na busca dunha experiencia humana e relixiosa máis auténtica.

1. RELIXIÓN E IGREXA EN MEMORIAS DUN NENO LABREGO

En *Memorias dun neno labrego* a Igrexa marca o ritmo da vida da aldea: “*A campá o mesmo val pra reloucar festeira na víspera das romarías como pra dar a nova dunha morte. Tanto anuncia unha queixa como chama pra malla*” (66) [As páxinas das citas corresponden á edición de Akal: Neira Vilas, *O ciclo do neno*, Madrid 1978]. Imos debullar no texto algúns dos aspectos máis salientables e repetidos.

a) Os rezos, a misa e a procesión

Un primeiro aspecto a salientar é o referente aos rezos, as misas e procesións. Das cousas que máis molestan a Balbino é a obriga de ter que facer diariamente uns rezos aos que non lles ve sentido, nin lle explican claramente por que debe facelo: “*Eu non teño gana de ir á misa, nin de rezar o rosario pola noite. Pero arre dos demos que debo face-lo*” (41). Balbino protesta que a súa nai e a tía Carme lle obriguen a rezar polas boas ou polas malas. A súa nai, muller moi devota, rezaba arreo; sobre todo en circunstancias dramáticas como a morte ou a viaxe dun fillo á América, como reflicte o autor nunha frase xenial: “[Cando morreu o padriño] *todas as horas do día eran iguales... horas de ‘padrenuestros’...*” (66).

Tampouco lle chistaba moito a Balbino ir a Misa; sobre todo polo que supuña aguantar o tostón do cura: “*Pola mañá fun a misa coa madriña... Todos os domingos acontece o mesmo. Parece coma se os pais e os padriños dun nascesen pra levarnos a onda non queremos*” (41). En troques, a procesión xa lle tiña algo máis de xeito; as páxinas do libro que falan da procesión do patrón, son un magnífico texto de antropoloxía rural.

“Diante iba un home coa crus. Seguía o outro co pendón. E dempois o estandarte, santos, o cura, vellas que rezaban, rapaces... Coma todos os anos.

Tocaban os gaiteiros unha marcha. A mesma de sempre. Cada tanto, un home arrimáballe o chisqueiro a un foguete de tres estalos. Os



*Eladía. Xaquín Marín.
Edición conmemorativa
de Galaxia.*

“A campá o mesmo val pra reloucar festeira na vispera das romarías como pra dar a nova dunha morte. Tanto anuncia unha queixa como chama pra malla”.

rapaces corrían tras da canavela... o sacristán repinicaba baixiño as campás. Baixiño pra que a xente aténdose á procesión; pra que as vellas rezadoras poidesen pasar as doas do rosario e escoitarse unhas ás outras, facendo o labor xuntas como se fai a sega ou a malla...

...A miña nai arretegábame contra sí. ‘Reza e mira pra os santos’...

Os santos arrodéábanse sobor das andas por riba da cabeza da xente. A Virxe do Carme ten un arco moi lucido que lle regalou Mosteiro dende Cuba... San Antonio co seu meniño no colo; San Roque co seu can pequerrecho, o San Ramón...” (15-16).

b) A morte e o loito, a Coresma e o inferno

O vello fatalismo do home a muller da aldea galega ante a morte, queda magnificamente reflectido nunha expresión popular: “*A xente morre cando está de Deus*” (8). Pero non se trata de algo dramático, senón

natural, marcado polo ritmo da vida. Mesmo ten algo de bo, “*é coma un vencello cordial*” porque “*dian-te dela sentímonos irmaos*” (66); vencello entre os vivos e os mortos que a tradición galega expresa coa Santa Compañía. Ante a morte dun veciño, a fraternidade dos seus paisanos maniféstase cunha forza meirande que ante ningún outro momento da vida. Así queda manifestado nas páxinas da morte do padriño;

Tampouco lle chistaba moito a Balbino ir a Misa; sobre todo polo que supuña aguantar o tostón do cura. En troques, a procesión xa lle tiña algo máis de xeito.

que reflicten magnificamente un velorio aldeán, cos seus choros e risas, rezos e enchentas:

“No cuarto de abaixo velaban ó padriño... Sentadas en cadanseu tallo, miña nai e maila madiña choraban... A tía pasaba as doas do rosario seguida de veciños e veciñas... Todas as horas do día eran igoales, dun día longo e teimoso coma un regueiro. Horas de ‘padrenuestros’ choroso... de ‘pésame’”. Eran futuros cadavres... Non se sabe a quen lle tocará dempois...

Pola noite veu máis xente. Botou o rosario Carmela de Lois, que vai a todos os velorios... Pouco a pouco foron vindo cuase todos pra cocina. Comeron a embute... Xogaron á baraxa... Contaron contos. Ríanse a cachón. Eran os mesmo que baobaban e rezaban pola tarde” (66-67).

O rigoroso loito que se levaba durante anos, dependendo do parentesco co defunto, é para Balbino coma *“un adibal que me atafega... Andrómenas que espernean nos miolos mentras un dorme” (41,43).*

“Meu tío Braulio morreu de disgracia... E houbo que poñer loito. Todos coma curas...

Encambáronme o loito fai tres anos e coel si-go, sin poder ir ás foliadas... Nunca quixen arrepoñerme por non ver chorar á madiña. Ela pensa que os betóns negros da miña camisa fan máis levadeiro o purgatorio que seguramente atura o tío Braulio” (21-22).

Algo semellante a ese loito tingue de cor griseira a parroquia na Coresma, xa desde o comezo co ritual do mércores de cinsa: *“Polvoeris et polvoreverteris”*. Pero O Balbino cavila moito e semella sentirse moi interpelado pola persoa de Xesús Cristo doente, pobre e sufrido coma os seus.

“Din algúns que a Coresma é tempo de poñerse tristes porque nos fai lembrar a morte. A nosa morte



O xudío. Xaquín Marín.
Edición conmemorativa de Galaxia.

e maila do Noso Señor. Paréceme que cavilar neso é bó para os vellos. Eu non quixera morrer novo, pero se o penso moito tanto me ten... Na morte do Noso Señor cavilo algunhas veces. Arrepíame velo sangrando, encoiro...” (22-23).

De novo, Balbino que gusta razoar as cousas, o que non entende é que ledicias e tristuras teñan que vir pautadas polo calendario anual que marca as primeiras para o Entroido e as segundas para a Coresma:

“Non sei por que bai xente que ten un tempo pra cada cousas. Tempo de tolear no entroido e logo facerse choróns na coresma... troca de carís segundo o almanaque” (23).

“Cando rematou o antroido, unha mañá foron todos á igrexa. Con caras de ferreiro... A xente por dentro debe andar triste ou leda por outras cousas, pero non cando llo manda o almanaque” (25-26).

Pola mesma, a Balbino non lle meten medo as andrómenas do inferno, que predicán o cura e as bea-



*A morte. Xaquín Marín.
Edición conmemorativa de Galaxia.*

tas: *“A madriña decote me fala do inferno, onde disque hai fornos que non se apagan endexa-mais, e rodas de coitelos que pasan tallando arreo, nas almas da xente ruín que vai parar alí. Alporízase cando reprico ríndome desas historias de meter medo”* (41).

2. DOUS PERSOEIROS REPRESENTATIVOS: O CURA E O XUDÍO

Hai dous tipos de persoeiros en *Memorias dun neno labrego* que son fundamentais con relación á relixión e á Igrexa. Persoeiros claramente contrapostos: por unha banda, o cura e o sancristán; e pola outra o Xudío, presuntamente descrido.

a) O Cura e o sancristán

O *Cura*, en lugar de ser un servidor dos pobres, como foi o Mestre Nazareno, Noso Señor Xesús Cristo,

é un máis da clase dos señores. En contraste cos labregos, os curas e os demais señores estes son os que viven ben, e hai que *“untar”* para poder vivir en paz. Uns destes señores que viven ben son os donos das terras dos labregos e case das súas vidas miserables, ao xeito dos antigos señores feudais. Os outros, coas súas prédicas márcanlle a moral e os modos de vida, acorde coa lei dos señores; e cos seus latíns, son donos da súa morte e da vida no alén. Por iso, compre cada ano levarlles a uns e outros o mellor do porco; quedando o lardo para os pobres labregos: *“... levar o raxo ó cura e outros señores”* (73).

***“A xente morre cando está de Deus”.
As páxinas da morte do padriño reflecten magnificamente un velorio aldeán, cos seus choros e risas, rezos e enchentas...***

O xuízo máis duro destes cregos que se fai nas páxinas de memorias son estas tremendas palabras do “Xudío”, un home libre: *“Cada quen deulle a súa alma ó cura, e o cura non fai máis ca estragala”* (18). Pero este home libre e crítico reconece tamén que *“non todos son así”*; por iso fala dun cura veciño que ensina aos seus fregueses algo máis que o monótono e inútil catecismo escolástico de verdades abstractas:

“O cura de Ribán es-prícalles ós rapaces algo de catecismo. Algo, porque senón xa o arcebispo o tiña mandado sementar fabas. Pero tamén lles adeprende xeografía, historia, costumes de xentes doutros tempos e doutros países. E ademais dilles como se prantan bacelo... Os feligreses quérenlle... Ese si que...” (19).

Á sombra do cura medra o *sancristán*; ocupándose dos *“trafegos da igrexa: tocar as campás, atender enterros, cabodanos, coidar o santos”* (77). Por iso, cando a Balbino a se lle presenta a oportunidade de axudarlle, non o dubida, pois sabe que é *“un bo choio”*; malia que *“as cousas boas duran pouco”* (80). Un dos momentos máis gratificantes para o cativo, nesa época na que fóra das festas había poucos días para que os rapaces do agro puideran satisfacer plenamente a súa fame, era os enterros. Os curas da

“*tabla*” os das parroquias veciñas, que facían enterros e festas xuntábanse para a función funeraria; e acababan comendo xuntos na sancristía da igrexa a comida que debía traerlle a familia do defunto: “*Viñeron moitos curas [para un enterro] e eu [Balbino] no remate axudeilles a comer a parva na sancristía. Larpei queixo e pantrigo a embute*” (79).

b) O Xudío

O *Xudío* é un home libre que vive en liberdade, sen aceptar as presións nin as pauliñas dos cregos (16-19) e é moi crítico coa maneira de vivir a relixión que predican estes. Puxéronlle o alcume de “Xudío” porque fala e actúa con liberdade. El está convencido de que a maioría do seus paisanos “*pro seu chaleque saben que teño razón*”, aínda que o aldraxen por fóra. El é un home libre e dálle igual; sínteo por eles, “*porque parecen ovelliñas*” que lle deron “*a súa alma ó cura*”, no canto de pensar por conta propia. O Xudío é moi crítico non só cos curas, senón tamén coa maneira de vivir a relixión que teñen os seus paisanos.

“*A xente que vai rezando [na procesión] non atende o que fai. Uns cavilan no hórreo valdeiro, na contribución... Se un zoqueiro non pon tino ó que fai... Rezar é como falar con Deus, que val moitísimo máis ca un par de zocos. E se Deus é como dín, xa debe ter arranxado un inferno pra todos os que lle fan bulra desa maneira...*”

Puxéronme o alcume de Xudío porque parolo sempre destas cousas. Todos pro seu chaleque saben que teño razón. Pero por fóra aldráxanme. A min tanto me ten; síntoo por eles, que parecen ovelliñas... Cada quen deulle a súa alma ó cura, e o cura non fai máis ca estragala. Ninguén pensa pola súa conta. Pensar é pecado. Pedir xusticia,



O riguroso loito que se levaba durante anos, dependendo do parentesco co defunto, é para Balbino coma un adibal que me atafega... Meu tío Braulio morreu de disgracia... E houbo que poñer loito. Todos coma curas... Encambáronme o loito fai tres anos e coel sigo, sin poder ir ás foliadas...

Loito. Xaquín Marín. Edición conmemorativa de Galaxia.

verdadeira xusticia, é pecado. E tamén é pecado ter ideas ou andar pola propia conta á percura da verdade...” (19).

En fin, o Xudío tamén é particularmente crítico co xeito de empregar os cartos nas cousas da relixión que teñen os que fixeron fortuna fóra: “*O Indiano faría mellor dando eses cartos [que se empregaron en facer máis lucida a imaxe dunha Virxe] ós probes da parroquia ou mercado libros pra escola*” (16).

“*Pedir verdadeira xusticia, é pecado*” –di o Xudío–, coma o é tamén, presuntamente, “*andar pola propia conta á percura da verdade*”. Pero o seu xeito de pensar e actuar, lonxe de ser contraposto ao de Xesús de Nazaré, cadra moi ben con el e cos vellos profetas bíblicos; mellor que o dos curas peseteiros e opreso-

res da xente humilde, que lle fan o caldo aos poderosos. Así o di o libro do profeta Isaías:

“Clama coa túa gorxa, non pares, levanta a túa voz coma unha trompeta.

Denúncialle ao meu pobo a súa rebeldía...

Día tras día din que me buscan a min e se compracen no coñecemento dos meus vieiros, coma se fosen un pobo que practicase a xustiza e non abandonase a lei do seu Deus...

[Pero isto é o que eu quero]: Rompe-las cadeas sin xustas, deslea-las sogas do xugo, mandar libres os oprimidos e romper todo xugo.

Reparti-lo teu pan co famento e acoller na túa casa aos pobres sen pobo” (Is 58, 1-7).

3. DOUS PERSOEIROS SEMELLANTES A ESTES EN AQUELES ANOS DO MONCHO

Noutra magnífica obra de Xosé Neira Vilas, que ten un paralelo con *Memorias dun neno labrego* (e que mesmo el ten considerado máis autobiográfica...): *Aqueles anos do Moncho*, atopamos dous persoeiros significativos que camiñan a cotío polas súas páxinas e son semellantes ao Cura e o Xudío dos que acabamos de falar: Don Anselmo e Daniel, o ateo. O primeiro está claramente aliñado na relixiosidade máis tradicional; e o segundo, coma o Xudío, representa non tanto o ateísmo, canto unha visión da fe cristiá en moitos aspectos máis preto da concepción relixiosa e social de Xesús de Nazaré. [As páxinas pertencen e edición da obra citada *O ciclo do neno*].

a) Don Anselmo, o cura

Don Anselmo, un home “groso, roufeño, sotana lordeira, xestos de brután”, é un cura tosco e ultraconservador, que predica un Deus cacique e un cristianismo amedrentador. Apoia claramente o bando fascista, e non dubida en dicir na mesma igrexa que “o enemigo está tamén alí, entre os feligreses, acobrado”, coma Xudas Iscariote, “o roxo traidor” (254). Coma os seus colegas, o cura fai as misas “con rosmar de latín e casullas de saco” (268), con máis ritualismo baleiro que convicción.

A súa catequese as tardes dos domingos na lóbriga igrexa, mete o medo no corpo a Moncho e aos

demais nenos: “*Domingos tristesiros, de catecismos na igrexa. Enriba de preguntas e respostas... repetido días e meses, ano tras ano... veña de cho-ver sobor do mollado coa mesma requinaterna de mandamentos e pecador*”(258). Con verba tristeira e aceda, Moncho cavila en que “*se Don Anselmo poidese ver a carraxe que levan os rapaces nos ollos, nos os obrigaría a ese encerro na sancristía escura, con cheiro a roupa encartada, a cera, a ratos mortos que apodrecen nalgún recanto*” (id.). Moncho non acepta acriticamente a prédica do cura, e cavila en que Don Anselmo “*falaba na doutrina do ben e do mal ás tolas, e quedaría por ver se esas dúas palabras lle canxaban ben a todos da maneira que el dicía*” (261). O cura falaba “*de Xesucristo coma dun cacique fero, intransixente*” (259); no canto da historia do Noso Señor que contaba a mestra: un home bo que falaba de que “*os ricos desen o que tiñan e os tendeiros non armasen feira no templo, e por andar neso acabou espetado nunha cruz*” (283).

Para máis inri, Don Anselmo falaba sempre, non na lingua da casa de Moncho e da xente que o rodeaba, senón na estraña lingua da escola; unha lingua que era tamén a “*fala dos rezos, da xente da contribución e do señor Fernando, o albeite*” (226). Moncho non comprende por que, aparte dos incomprendibles latíns da misa, a fala dos sermóns da igrexa era a mesma que a dos xulgados e os libros da escola: “*xa fose en lerios deste mundo ou do outro, toda finura, poder e atafego viñan nesa fala*” (282).

b) Daniel, o ateo

A clara contraposición de don Anselmo é Daniel, un xornaleiro de longo pasado, militante de esquerdas e ateo. Daniel “*non entraba na igrexa, nin quitaba a pucha diante do cruceiro, nin tiña o Corazón de Xesús na porta da casa*”; por todo iso, Pilara, a beata oficial da parroquia, andaba sempre enfrontada con el, chamándolle “*berexe e fillo de Satán*” (277). Pero a Moncho, cheo de dúbidas polas cousas que lle din tanto o cura coma os seus pais, cáelle ben este “*berexe*” e semella facer máis caso do que el di verbo do inferno, como “*unha trola argallada polo medo dalgúns*”; el fala tamén con humor co

Á sombra do cura medra o *san cristán*; ocupándose dos “trafechos da igrexa: tocar as campás, atender enterros, cabodanos, coidar o santos”. Por iso, cando a Balbino se lle presenta a oportunidade de axudarlle, non o dubida, pois sabe que é “un bo choio”.

seu amigo Nemesio dos “retrincos de folla de lata coa imaxe do ‘Sagrado Corazón de Jesús’ chantada nas portas para impedir que Satanás brinque na soleira” (285).

Parece claro que, moitas veces ocorre que “Cando ti dis Deus... eu chéirome outra cousa”... como di o título da obra do teólogo católico Martin Valmaseda, a respeito do deus burgués opresor; “*cacique fero, intransixente*”, que di Moncho, unha mentira argallada para xustificar un sistema clasista, inxusto e esmagador dos dereitos civís. Un sistema demasiadas veces apoiado pola mesma Igrexa que di seguir a Xesús Cristo -asasinado por esta clase dirixente-, que lle fornece a superestrutura que necesita a oligarquía para manterse no poder.

Pero este deus opresor -a quen ademais non se lle pode falar en galego!- é falso; contrario ao Deus da xustiza e da tolerancia, Misterio de amor insondable que buscan tódolos bos e xenerosos, dentro e fóra da Galiza.



*San cristán. Xaquín Marín.
Edición conmemorativa de Galaxia.*

Xosé Neira Vilas

MEMORIAS DUN NENO LABREGO



EDICIÓ DO CASTRO narrativa

*Portada de "Memorias
dun neno labrego".
Edición do Castro.*

XOSÉ L. RIVAS CRUZ. MINI

Pacios - Begonte, xuño 1951.

Mestre. Cofundador de "Fuxan os Ventos".

Cofundador e membro de "A Quenlla".

Ten publicados dous libros en colaboración
con Baldomero Iglesias Dobarrio: "Contos de
vellos para nenos" e "Somos lenda viva".

BALBINO

Xosé L. Rivas Cruz. Mini

Tal vez hoxe os tempos teñan mudado. Tal vez non soubemos labrar o futuro para todos partindo da verdade descuberta nos anos mozos. Tal vez xa non teñamos a razón do sangue. Tal vez...

Pero ninguén me poderá facer mudar do que vivín cos meus propios sentidos. Hoxe poderanme razoar canto queiran para agacharen a súa culpa e vestila de claridade. Mais ese tempo vivido en primeira persoa canda milleiros e milleiros de xentes non foi así, non sucederon as cousas como din. Évos un conto chino de moito ver, diría Balbino.

Eu coñecín a Balbino na miña infancia. Nesa época non o identifiquei coma tal. Eramos moitos Balbinos e moi poucos Manolitos. Algúns tivemos a sorte de estudar co esforzo e sacrificio dos nosos humildes pais que acadaron os seus soños en nós. Fixéronnos homes con carreira e arredáronnos da miseria polo único camiño que había, loterías aparte.

Ben instalados no castelán posuíamos iso, a clave do éxito e do desclasamento: falar con certa fluidez e con moito aquel o idioma dos podentes: a lingua allea ó noso País. Claro que todo nos dicía que con iso non abundaba, era só a pelica de ovella posta no lombo de lobos montaraces. Pero campaba ben.

De todos xeitos a procesión ía por dentro pois a pelica producía un proído incómodo, sobre de todo cando nos xuntabamos ós nosos iguais e sentiamos a vergoña do desclasado, do esquiro, do renegado.

Eu coñecín a Balbino na miña infancia. Nesa época non o identifiquei coma tal. Eramos moitos Balbinos e moi poucos Manolitos. Algúns tivemos a sorte de estudar co esforzo e sacrificio dos nosos humildes pais que acadaron os seus soños en nós.

E cando chegamos á primeira escola e nos vimos espellados naqueles nosos alumnos, que na nosa presenza enmudecían e falaban tateantes, sentimos que algo fallaba, coma se os nosos nenos non fosen normais. Nada que ver co balbordo e a fluidez do recreo onde libres da imposición se comportaban tal e como eran: individuos pertencentes a unha cultura de seu e a un pobo sabio e culto con rancia procedencia.

Tamén recoñecín ós Balbinos que corrían polo patio do meu colexio, da miña escoliña despois, e tentei reparar o mal feito e tentar de que se recoñecesen a si mesmos.

Nós non eramos conscientes de nada. Viñamos da noite do fascismo, viviamos aínda a miseria do franquismo e así seguiríamos colectivamente por bastante tempo. Tamén hoxe nos inundan con sisudas e documentadas reportaxes sobre aquilo chamado Transición Democrática, tentando reconverter e "recortar" a nosa memoria, mais isto é outro tema. Ou se cadra non...

Pois ben, eu por esas épocas lin Memorias dun Neno Labrego e sentín que un aire de liberdade me batía na alma. Alí estabamos nós, coa claridade da fonte, coas mesmas ansias do Balbino por coñecer a verdade, coa



Balbino. Ilustración de Isaac Díaz Pardo.

carraxe ós Manolitos, cos tonos grises que envolvían os relatos. Pero sobre todo, nós que andabamos á procura dun galego útil e lucido tiñámolo alí naquela lingua popular e compacta que enche os relatos das Memorias.

Certas forzas vivas comezaban a pedir o galego na escola. Poucos matados esixiamos a escola en galego.

Ese era o primeiro paso necesario, o recoñecernos a nós mesmos, cada un a si propio. Recuperar o orgullo do noso, dos próximos, dos queridos. Posuír unha razón para encarar a vida e o futuro. Argumentos para a afirmación no mundo. Explicacións, por ques... era

o principio, o primeiro capítulo na recuperación da saúde: eu estou aquí, en Galicia, con pleno dereito de individuo e a miña sociedade ten razón de ser, as súas doenzas, a súa miseria, a súa prostración ten lóxica e buscaremos entre todos o remedio.

Pero tamén recoñecín ós Balbinos que corrían polo patio do meu colexio, da miña escoliña despois, e tentei reparar o mal feito e tentar de que se recoñecesen a si mesmos.

Hoxe as reportaxes das que falei antes mostránnos que naquela tempo xa había centos e centos de mestres respectuosos co idioma noso. ¡Mentira! Eramos catro gatos, fabas contadas e moi vixiadas cando non reprimidas. Algún día teremos que reescribir esta historia, meu Leliño da canción.

Memorias, Cartas a Lelo, Aqueles anos do Moncho e "O Espantallo Amigo", o meu conto preferido para a escola, foron as primeiras lecturas que eu adaptei ó galego da Terra de Montes para os meus alumnos. Do 78 ó 83. Non estaba nada "regulado". Todo isto era ilegal.

Certas forzas vivas comezaban a pedir o galego na escola. Poucos matados esixiamos a escola en galego. ¡Que temeridade!

Tiñamos un País case monolingüe. Era o momento da reflexión e da normalización. ¡Chapuceiros! Os Manolitos tamén se fixeran adultos e tamén tiñan carreira e poder, sobre de todo: poder. E mandaron. Primeiro calaron á espreita do que acontecería. Ningún deles rebatía os razoamentos científicos. Poñían zancadillas, *trocaban a perna* como dicían os meus alumnos de Forcarei, puñan atrancos. Logo puxéronse determinadamente en fronte.

E nós fixemos de Espantалlos. Puxemos paz, propiciamos a paz. O tempo debería darnos a razón e a lóxica democrática, (aínda estábamos bébedos de ilusións democráticas), acabaría por normalizarnos, por convencer

ós non convencidos... O dereito natural que os merlos teñen a comer figos foi pisoteado polas boas intencións de paz do Espantallo. E os merlos tiveron que renunciar á dozura dos figos lampos para seren politicamente correctos e propiciar a paz. Comían no río e abandonaron a lei natural. Fixérono así porque utilizaron a lóxica. A do Espantallo que servía os intereses dun amo que cobizaba os figos para vendelos.

Desculpa, Pepe Neira, por utilizar ó Espantallo deste xeito, ti que tanto o queres e eu que tanto o amo.

Non eran tempos aínda de normativas, eu aspiraba á normalizar, en toda a dimensión da palabra. Dúas ou tres persoas de Forcarei axudábanme a versionar ó galego da Terra de Montes os capítulos dos teus libros. Tempo despois pedínche perdón, Pepe, e ti, na túa xenerosidade, disimulaches os feitos. E eu no fondo sei que así o fixeches porque eras e es consciente que Balbino non che pertence. Balbino é noso, é un libro que pasou ó acerbo popular, é un anónimo tradicional que non ten dono. ¡Velaí o teu éxito! ¡Velaquí o noso éxito!

E funcionou. As mans e a roupa cheas de tinta, dándolle á manivela daquela ciclostil para hoxe rudimentaria pero sempre efectiva en moitos campos. O libro inexistente de galego feito nun portafolios, dado a capítulos, cheo de lendas e contos tradicionais e de Balbino, cartas de Moncho, o Espantallo coa xenerosidade extrema de entregar o seu corazón de pexego, Pachín ladrando desde os gromos da cerdeira... Cousas de nós...

E ameazante o temor dos galeguiños que eramos. O temor de que igual estaba a meter a pata e que co galego como lingua escolar fixese que os nosos alumnos non acadasen carreira, non saísen ben formados. Anos despois atopei a un deles en Lugo rematando veterinaria e ó saudalo foi o primeiro que lle preguntei, aínda temeroso. A súa resposta tranquilizoume de vez. Non podería ser dou-

tra maneira. Pero aínda a síndrome do prohibido, do pecado, camiñaba canda min.

Balbino é noso, é un libro que pasou ó acerbo popular, é un anónimo tradicional que non ten dono. ¡Velaí o teu éxito! ¡Velaquí o noso éxito!

En fin, Balbino, fuches para os galegos coma o Espantallo. Serviches de espertador da conciencia dos galegos ó idioma, á conciencia de clase e á recuperación do concepto de nación, ese concepto que non se razoa, que se sente bulir coma un agurgullo de auga limpa e fresca cando deita maina desde o fondo das pedras.

E aínda máis, cumprido este teu cometido fixeches de lecturas de urxencia nos tempos de fame de libros de texto e material escolar.

¿Sabes o que máis me doe? Pois que non conseguises que algúns Balbinos non te lesen ou non te comprendesen e hoxe anden no labor de esnaquizar o País e destruírnos. Pero niso tamén temos nós moita culpa por termos baixado a garda e sermos tan tolerantes; tanto que nos chaman impositores e intolerantes. Mais iso dá para outro escrito e non son horas.

Balbino, fuches para os galegos coma o Espantallo. Serviches de espertador da conciencia dos galegos ó idioma, á conciencia de clase e á recuperación do concepto de nación

Noraboa polos cincuenta anos de existencia e aínda que os nenos de hoxe non se recoñezan en ti, porque os tempos mudan e a aldea tamén mudou, non sempre para ben, nós, os que peiteamos canas levámoste no corazón e no sentimento e recoñecemos galegos en grande medida gracias a ti.

Mil primaveras máis...



*Neira Vilas nos xardíns
Méndez Núñez
en A Coruña.*

**BALDOMERO IGLESIAS
DOBARRIO. MERO**

Vilalba, xuño 1951.

Mestre. Cofundador de “Fuxan os Ventos”.
Cofundador e membro de “A Quenlla”. Ten
publicados, entre outros, dous libros en
colaboración con Xosé L. Rivas Cruz: *Contos
de vellos para nenos* e *Somos lenda viva*.

Pepe Neira, amigo

Baldomero Iglesias Doburrio. Mero

Chegados aos cincuenta anos das “Memorias dun neno labrego” coa relevancia e notoriedade evidentes dun libro extraordinario, ademais de recoñecer a enorme importancia que o libro tivo para nós e os da miña xeración –por nos ver nel retratados– e para Galiza –por nel colocar no mapa, coa nosa lingua e coa nosa personalidade, esta que tamén ao propio mundo enriquece,... ademais diso, quixera destacar a enorme importancia que tivo para todos os que, a posteriori, souberon apreciálo e saben que supón un fito encomiable. Pois ben, eu quero engadir que se o libro é así de bonito e de contundente, é porque foi escrito precisamente por Neira Vilas. Porque aí nese libro, confluíron moreas de circunstancias máxicas que deron como resultado este feixe de follas entrañable e cheas de afectos. Déronse cita tamén outras circunstancias que abundaron, aínda máis, nesas tesituras impredecibles das cordas sensibles que temos no interior. Coma se vibrasen por simpatía e que xuntan tamén con outras sensacións que, naquel momento, el soubo apreixar para nós, e foron por el escritas e enchéronse da nosa común paixón pola terra, polas xentes, polo noso!



Ilustración de Isaac Díaz Pardo para a primeira edición de "Memorias dun neno labrego" en Edicións do Castro.

Sei que moitos falarán da obra que cumpre anos. Serán moitos, por iso sobre todo quero aportar algúns datos do autor, que moitas veces non se din nin se coñecen e que fan deleitarse aínda máis na súa obra. Vou polo tanto, apartar de Balbino para referir algo sobre

o seu creador. E por iso, dicir que Don Xosé Neira Vilas é un gran escritor, non é dicir nada novo porque é ben sabido, anque debemos abundar que se fixo a forza de endereitar camiños que lle viñan tortos e non sen ter que dar moitas voltas no sarillo do destino e que,

despois de moito trotar por eles, de canear –como el mesmo di– tivo a ben relatar desde as súas andainas e angueiras, nas tantas follas de silencio e concentración, para evocar e facernos partícipes desa gran ilusión de facer país, coa palabra, cos trazos da terra e da paisaxe, coa voz poderosa que marca a nosa procedencia, o paraíso dunha fachenda colectiva, un orgullo natural e social co que sentirse sempre enchidos e satisfeitos. Contounos pola escrita e na propia voz –esta, a única natural, nativa, a única posible do aloumiño, a única que nos reconece posuidores de nós– cales eran os paraxos que cantaban nos espazos que habitamos os breves días, desde o nacemento deica o acordo, cales eran as árbores que enchían de verdor as imaxes e a luz deste crisol definitivo da nosa ollada, cales as pedras que erguen poderosas os muros dos abeiros e que eses si, marcan a distancia que miden os momentos. Tamén nos di cales os ríos que tecen as voltas deica o mar, facendo ribeiras, levando as follas outonizas con melodías cantareiras de amenceres soñados en calquera primavera. Cóntanos cales son as estrelas maduras na noite, e os luceiros que marcan as distancias inauditas do segredo, cales e como son as noites longas de invernia feitas frías laxes de medos e desexos, cales as cores e os recendos da luz e a primavera, do verán e da fartura, procurando cumprir tantos soños e devezos. Camiñou por camiños de seu e tamén marchou polos camiños de lonxe. Naqueles onde atopou novas imaxes para os seus ollos galegos, novas flores, novos recendos, novas paisaxes, novas falas,

novos seres. Tamén alí non esqueceu aqueles que foran os seus primeiros camiños e as referencias nativas, nadas nunha Galicia rural e esquecida entre néboas de desconsideración e miserias. Pepe Neira desde lonxe aloumiñou recordos e soubo reconfortar a tanta xente que aquí quedou. Eu fun un deles. Pepe é desa caste de persoas que camiñan mirando adiante, mais que non perden o tempo en dixomedixomes dos que sacan do amor, do falso amor, talladas de beneficio. Non, Neira coa súa escrita aliviounos as mancheas de dor en sufrimento que os aconteceres nos traían gratuítos. Non, ese non era o caso, pola mesma razón de sempre: a traizón do noso amor arreda, porque sabe que é máis forte, invencible.

De Pepe Neira, amigo, eu quixera destacar dúas características importantísimas que case nunca se din e que sempre me sorprenderon. En primeiro lugar a súa prodixiosa memoria. Sempre me pasou así, cando destecemos algún tema perdido nos acordos, e sempre quedei admirado do seu poder para reflectir escenas e momentos, para rescatalos do esquecemento. Ademais da arte natural e ben pulida para relatar, a arte de lembrar e recadar elementos imprescindibles que nos fan ver, mesmamente, os momentos diante os nosos ollos, dos que dá cumprida conta. As persoas anteriores a nós, posúen e posuían un memoriación enorme, capaz de traer á actualidade aspectos importantísimos que a nós, se nos coaron entre os dedos da evocación mentres estaban sendo tamén percibidos,... pero que non pousaban

debidamente e collían camiño de seren perdidos. Lembro, porque tamén facía o mesmo, ao Manuel María. Tamén tiña o don de colocar imaxes e persoas –coma se tiñese diante a fotografía– dalgunha reunión acontecida xa na noite dos tempos, lembrando tamén as súas verbas, as características envolventes dos momentos con tal perfección que eu, mesmo non daba creto. Sabía a data exacta quen eran, o lugar, os participantes, o tempo que facía, de onde viñan,... todos os datos. Sentíame –diantes das persoas– un tanto acomplejado coa miña pobre e fugaz memoria que, constantemente, tiña e ten que preguntar e acudir a eles e ás fontes onde prevalecen, para saír das miñas tantas dúbidas. Pensei moitas veces se os que viñemos atrás deles, tivemos quizais unha memoria menos densa e máis volátil. É posible que eles sexan máis fortes para fixar detalles que logo reforzan o acordo, son dunha xeración que gardaban máis ca nós no disco duro da memoria persoal. E Pepe Neira tamén ten ese gran memoriación, un deses de acomplejar,... ás veces fala de tantas cousas e tantos recordos pero con tal madurez de datos, con tanta mesura e excelencia que eu quedo pampo coa tal precisión, pois semella ter diante aquilo que con luxo de detalles describe.

Outra das partes ou artes importantes de Neira Vilas, eu considéroa moi importante, é a capacidade que ten para facer pasar ben os comúns momentos ás persoas que acompaña. Non só cando son actos públicos ou literarios, actos de certo rigor, non, non,... fallo cando na distancia curta toma-



Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda en Sargadelos, con Reimúndez Portela, Díaz Pardo e as súas esposas (1976).

Ilustración de Isaac Díaz Pardo para a primeira edición de "Memorias dun neno labrego" en Edicións do Castro.

mos un descanso, collemos vagar para tomar un refresco, ou un doce –é moi larpeiro– ou xantamos e tomamos xuntos unha gaseosa –por dicir algo. É aí onde Pepe se volve captador das nosas atencións e dos nosos risos. Gústalle facer rir e caer na ledicia do encontro. Porque é un gran contador de anécdotas, relatos e contos, sobre todo de chistes. Eu non sei cantos sabe, pero son moitos. E ademais renova frecuentemente o repertorio. Cando pasan uns días xa sabe máis e de temas moito máis diversos. Con el as sobremesas son sempre ledas e enxeñosas. Ten tamén esa arte especial, que non todos teñen, de contalos ben, no momento oportuno e coas verbas exactas,... gústalle deixar sempre algún tempo para saborealos e para que a imaxinación de quen escoita percorra as fantasías. Así

consigue levarnos por onde quere para logo dar volta e sorprenden cun final inesperado. Canta, conta e ri, rimos todos e el de novo, porque se sente compracido da graza que o conto ten en si. E tamén ri do riso que provoca en todos nós. Ese riso espontáneo e sorprendido. Sabe moitos chistes e moi agudos,... sabe contalos e moi ben. Nalgúns deles ponlles nome aos personaxes ou mesmo localízaos en lugares coñecidos por todos. E por riba fainos pasar momentos inesquecibles. Despois cando queremos contalos nós,... sempre botamos en falta aquela estrutura precisa que el empregou e que, no noso caso, estraga dalgún xeito a versión orixinal que el conta. E aí onde temos que ir de volta a Neira e preguntarlle como dicía, como acababa o chiste nomeándolle o tema e que falaba de tal sitio

e de tal acontecemento. Pepe fai acordos, e volve a relatar coa súa precisión exacta. Nós intentamos gravar e lembrar para despois dar conta tamén coa mesma graza, pero –sabemos de antemán– que con moita menos arte.

Destas dúas calidades persoais, que destaquei, e doutras máis, propias xa da arte literaria do autor das “Memorias dun neno labrego”, procede a obra que hoxe é merecente da homenaxe que lle tributamos. Sabendo que no autor conflúen tantas e tantas circunstancias máxicas que deron como resultado este libro entrañable e cheo de afectos e que demostran a enorme valía do autor. Tamén así se demostra noutros tantos libros, tamén por el escritos, e cheos da nosa común paixón pola terra, polas xentes, polo noso!

Xosé Neira Vilas

..... *literaria*

MEMORIAS
DUN NENO LABREGO



*Portada de "Memorias
dun neno labrego".
Editorial Galaxia.
Biblioteca Neira Vilas.*

XOSÉ MARÍA DOBARRO PAZ

Ferrol, 1950.

Doutor en Filosofía e Letras pola

Universidade de Santiago de Compostela.

Catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa


da Universidade de A Coruña.

AS MEMORIAS PARA UN NENO DE CIDADE

Xosé María Dobarro Paz

Xesús Alonso Montero, no último dos prólogos que lle puxo ás *Memorias dun neno labrego* –a vixésimo primeira, de 1999– declaraba que se consideraba un lector privilexiado da novela porque como Balbino, o autor das *Memorias* –en moi boa medida trasunto do propio Neira Vilas– fora un neno de aldea “con zocos e pantalón remendado”, mais cunha importante diferenza: as terras que el e seus irmáns traballaran no Ribeiro eran propias, polo que, ó contrario que Balbino e seus pais, non tiveran amo. Os Alonso non houberon de padecer as impertinencias de ningún Manolito. Nese aspecto eu non puiden ser lector privilexiado. Eu sempre fun urbano, fillo, neto, bisneto e... que residíu moi temporalmente no rural. Toda a familia que coñe-

cín e da que teño noticia fidedigna naceu nas terras da ría de Ferrol: na propia capital ou nos concellos de Neda –os antepasados paternos– e de Mugarodos –os devanceiros maternos. En todo caso entidades de poboación de carácter vilego e vinculados a ocupacións que nada tiñan que ver co mundo agrario. Os meus primeiros contactos –físicos, mais non reais, porque tiña meses e non recordo nada– co mundo campesiño tiveron lugar a pouco de nacer nunha das rúas do porto de Ferrol. Miña nai gañara unhas oposicións de mestra na provincia de Ourense e tocáralle nunha escola unitaria en Matamá, en Laza. Hai algunha foto que me sitúa alí moi abrigado por aquilo do frío invernal. Axiña opositou na provincia da Coruña e aló fomos para



Capa de Edición da Biblioteca Galega.

terras de Cedeira, mais non na zona mariñeira senón na labrega. De aí, do Porto de Cabo, no esteiro do río Ferrerías, zona da que, ademais do que din as instantáneas fotográficas, xa conservo certos recordos. A casa, malia as precarias comunicacións, xa estaba moito máis perto. Logo viría Cabalar, no concello das Somozas, do que si xa teño moitos recordos, daqueles longuísimos, mollados e fríos días de inverno. Viviamos a cinco quilómetros da capital municipal –onde nos deixaba o autobús da liña– e tiñamos que andalos por camiños de carro. Non había estrada nin de terra. Cos vellos aprendín a xogar ás cartas e a xurar. Tamén moito vocabulario e algo

de labores da terra. Sempre andaba con xente grande, porque nenos do meu tempo non lembro ningún. Das Somozas pasei a Ferrol, cando comecei os estudos regrados. A mai trasladárase a outro Cabalar, o do municipio da Capela, a onde viaxaba as fins de semana e onde pasabamos semanas do verán. Lembro que alí calcei as primeiras e únicas zocas que usei na miña vida. ¡Como mancaban! Pero os zapatos eran caros, había que levalos limpos á escola e aquilo era un auténtico lamazal. A estrada mesma era de pedra e terra e estaba moi estragada polo continuo tránsito de camións que levaban cemento para a construción da presa do río Eume. Deseta etapa todas as lembranzas xa son nítidas. Aínda hoxe manteño relacións con amigos daquela, se ben, como dixer, non residía diariamente alí.

Eu, todo o contrario, non podería dicir “nacín e creime na aldea”, como fai Balbino. Tampouco que fun “un rapaz da aldea. Un ninguén”, se cadra o de “ninguén” puido e podería ser tal, pero o de “rapaz da aldea” para nada. Case sempre era un rapaz “moi limpiño”, que comía “pantrigo” e bebía “leite” –non con café, pero si con Colacao– e que non me tiña que “erguer cedo para levar o gando a pacer”. As veces que fun coas vacas sempre foi por lecer e nunca a horas intempestivas. Pero esas regalías que me daba a vida non me fixeron unha caste de Manolito. As miñas relacións coa rapazada eran de igual a igual. Como as de meus pais e avós cos habitantes da zona. Non tiñamos gado, non tiñamos terras, non tiñamos outra casa que a da escola... pero non tiñamos conflito ningún e formabamos parte da paisaxe humana como todos. É por iso que, como Balbino, vivín o “inverno frío” e as “ganas de estar arreo ó pé do lume”. Vivín, así mesmo, as procesións das festas patronais e corrín “tras da canavela” dos foguetes para me sentir, como os outros rapaces, un triunfador cando pillaba algunha, que

non era doado, porque a competencia era dura. Como nos conta Balbino os rapaces “sentíanse trunfadores, coma si tivesen atopado un tesouro”. Mais as penurias e os esforzos que pasaron tantos Balbinos non foron os meus. Eu fun un neno de cidade con mar, comedor de peixe, que viviu con certas estreiteces, como a inmensa maioría dos galegos dos anos cincuenta e sesenta pero non padecín nunca opresións e represións semellantes ás que se viu sometido o autor das *Memorias dun neno labrego*. Meus pais nunca me zorregaron, nadiña de nada. E algunha falcatruada que outra –se cadra maiores que as do Balbino– fixen. Pero xa había violencia de abondo no ambiente como para tela que padecer tamén na casa. Iso debíanos ter ben claro os meus proxenitores. E actuaban en consecuencia.

Ter un avó mariñeiro, que, por outro lado, como Balbino, seu irmán Miguel ou o amigo Lelo de Cidre, viviu longos anos na emigración –na da Casablanca habaneira– non fixo preciso que tivese que vir unha mestra como Eladía –filla de pescador que afogara– para me contar, como esta lle fixo a Balbino “como vive e traballa a xente do mar”. Súbveno de ben cativiño. Como o de remar e nadar.

Lin as *Memorias dun neno labrego* cando xa era grande. Posiblemente, que non me acorda, na segunda edición, a de 1968, a primeira que se publicou entre nós. Volvina ler nalgunha que outra ocasión e agora mesmo. Nunca me pareceu que tivese nada que ver co que se chama literatura infantil ou xuvenil. O contador da historia é un adulto e diríxese a adultos. Mais o feito que determinados ensinantes considerasen que era unha novela que podía ser atractiva para estudantes adolescentes motivou que se convertese nunha das obras máis editadas e vendidas da literatura galega de sempre. O meu parecer é que se confunde quen isto pensa. En calquera caso,

penso que como documento histórico-sociolóxico, que o é, e importante, ten máis valor hoxe en día para xentes do mundo urbano que para os do rural. Os espazos nos que se desenvolve a novela hai tempo que deixaron de existir e as novas xentes do rural xa non se identifican con eles. Mesmo nin queren. Os outros descoñecen a realidade do diario no rural, desa altura e da de hoxe, e séntense atraídos por ese descoñecemento. Penso que na actualidade ningún podería dicir, como Alonso Montero

***Memorias dun Neno Labrego* penso que como documento histórico-sociolóxico, ten máis valor hoxe en día para xentes do mundo urbano que para os do rural. Os espazos nos que se desenvolve a novela hai tempo que deixaron de existir e as novas xentes do rural xa non se identifican con eles.**

no seu día, que as *Memorias* foran “para min un catón literario que me axudou a entender-la aldea, a miña aldea, e, polo tanto, a miña nenez”. Xente urbana de sempre, coma min, aprende moito da nosa historia lendo memorias tan reais como estas, porque, coñecéndoas mesmo *in situ*, nunca tivo que vivilas en profundidade.



Ilustración de Xaquín Marín para a edición de Galaxia conmemorativa do 50 aniversario de "Memorias dun neno labrego".

As Memorias dun neno labrego guindan cara a nós unha pedra como a que guindou Balbino contra o túzaro do Manolito, o fillo do señor.

MARÍA PILAR JIMÉNEZ ALEIXANDRE

Madrid, 1947.

Narradora, poeta e tradutora. Da súa obra podemos destacar: *A formiga coxa*, *A expedición do Pacífico* (Premio da Crítica

de Galicia 1995) *Lobos nas illas* (Xerais 1996, en castelán Lumen 2001), *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade* (Premio Álvaro Cunqueiro 1998), *A Banda sen futuro* premio Lazarillo de novela xuvenil en 1999 e o premio Lecturas.

MEMORIAS CON R DE REBELDÍA


Marilar Aleixandre

As *Memorias dun neno labrego* guindan cara a nós unha pedra como a que guindou Balbino contra o túzaro do Manolito, o fillo do señor. Unha pedra *como un paxaro mouro* capaz de atravesar a distancia de cincuenta anos para berrar a súa mensaxe. Bate na nosa fronte para dicir que non podemos resignarnos, que hoxe, como hai cincuenta anos, é tempo de rebeldía.

Di Balbino que el non vai ficar calado. Aínda que arrepoñerse custe caro e o señor tome vinganza nun rapaciño. Por moi perigoso que sexa non calar a tempo. Que el non vai ser como eses que, segundo o Xudío, mais parecen un rabaño de ovellas que persoas, pois non pensan pola súa conta. Iso é o que distingue ao Balbino doutros rapaces da aldea, e mesmo de moitos adultos: é quen de pensar pola súa conta. Atrévese a facer cousas que os outros non fan, porén o máis importante é que se atreve a pensar cousas distintas. É moi difícil ser distinto dos que están arredor, saír do rabaño. Máis difícil que lle enfarruscar a cara con feluxe ao Manolito, que fuxir da casa, que falar co Xudío ou con Serafín o enterrador. É difícil cavilar mais, como di Balbino, os que non pensan non merecen ser persoas.

Talvez sexa por iso que Balbino non ten moitos amigos, fóra do Pachín e de Lelo. Ficou fóra da calor do rabaño, do insípido consolo da mansedume. Pois teima en soñar. Soña con ser mestre de escola ou cando menos ferreiro. Con voar por derriba das nubes. Con traballar e vivir sen ter que baixar a vista.

A historia de Balbino que nos entregou Neira Vilas non é unha ollada compracente sobre a vida no agro. Distínguese niso deses relatos dunha suposta idade de prata na que os labregos obterían colleitas abondosas vivindo en harmonía. Balbino non nos aforra a fame, os pés descalzos, as frieiras e, o peor para un rapaz con tanta sede de coñecemento, a falta de libros, de escola, de alguén que responda ás súas preguntas. É o don de facer boas preguntas, a curiosidade por procurar a resposta o que debía haber dentro da caixiña de pau que encontrou Balbino despois da festa do Carne. Mesmo se a enchente levou a caixiña río abaixo, non puido levar a curiosidade e a rebeldía.



"Galegos no Golfo de México" (Edicións do Castro, 1980).

***Galegos no Golfo de México* (Edicións do Castro, 1980), Premio da Crítica Galega e que Manuel Rivas considerou "un dos mellores libros de novo xornalismo feito en Galicia". O propósito desta serie de reportaxes biográficas explicitao Neira Vilas no prólogo: "darlle voz ó silencio destes homes, e amosstrar unha das tantas guicholas da diáspora galega".**

BELÉN REGUEIRA LEAL

A Coruña, 1977.

Foi nena de cidade con pais da aldea. Agora é xornalista e traballa na Radio Galega.

ALÉN DO MAR E DE BALBIÑO

Belen Regueira

Ben antes de *Galeguidade*, *Encontros*, *Galegos no mundo* e as franquicias sobre “emigración chic” que se emiten na TDT, Xosé Neira Vilas fixera por contar parte desoutra historia de Galicia que transcorre (e transcorre) alén do Padornelo. O éxito de *Memorias dun neno labrego* escureceu o resto da obra literaria do de Gres e tamén o seu labor de cronista da diáspora: os artigos recollidos nos volumes de *Memoria da emigración* e das *Crónicas galegas de América*, os estudos que realizou sobre a presenza galega en Cuba, e entre eles, *Galegos no Golfo de México* (Edicións do Castro, 1980), Premio da Crítica Galega e que Manuel Rivas considerou “un dos mellores libros de novo xornalismo feito en Galicia”. O propósito desta serie de reportaxes biográficas explícitao Neira Vilas no prólogo: “darlle voz ó silencio destes homes, e amosstrar unha das tantas guicholas da diáspora galega”.

O Golfo de México é unha enorme boca de mar co estado de Florida como beizo superior, o queixo da mexicana península de Yucatán e a illa de Cuba sacando a lingua por oriente. As súas augas son cálidas, un espectáculo de biodiversi-

dade e unha zona de pesca abundante. É tamén unha área con importantes reservas petrolíferas que viviu en 2010 a peor catástrofe ambiental da historia de Norteamérica cando o pozo Macondo 252 verteu ó océano o equivalente a cinco millóns de barrís de cru. Para o Golfo miran as cidades de Tampa, Nova Orleans, Veracruz, Campeche ou La Habana. Limitan os seus confíns Miami e Cancún. Polo Golfo entrou no continente en 2005 o devastador Katrina, como o fan cada ano furacáns e tormentas tropicais. E do Golfo vén a corrente que quece a auga nesta beira do Atlántico e que fornece a Europa e a Galicia de condicións climáticas máis benignas das que nos corresponderían por latitude.

Nestas augas ricas e perigosas traballaron desde finais do século XIX ata ben avanzado o XX moitos galegos, procedentes en boa parte das Mariñas coruñesas. Un dos seus principais enclaves foi o barrio habaneiro de Casa Blanca, na outra beira da bahía da capital cubana. Aínda antes residiran nun desaparecido arrabalde de nome galego, Peixiño, e co tempo espalláranse por toda a costa cubana como principal tripulación de pesqueiros e



Ramón Rodríguez
Maceira.
Xosé Pena,
Capitán Maravillas.



mercantes. Ían á procura da cherna (me-ro) en “viveros”, barcos nos que o peixe se mantiña vivo ata chegar a porto en tanques alimentados con auga de mar. No 1925, o da folga que paralizou a pesca durante dous meses, andaban nestas embarcacións uns mil mariñeiros. A meirande parte naceran en Galicia. Os máis deles chegaran a Cuba sendo adolescentes e foran de contado traballar no Golfo. A finais dos 70, cando moitos xa se retiraran, Neira Vilas entrevistou un feixe de vellos pescadores para compoñer este mosaico de vidas “verdadeiras, latexantes, co seu cunco de heroísmo cotidián e anónimo”.

“Galegos no Golfo de México” é en primeiro lugar unha galería de retratos proletarios. Descríbense polo miúdo as extremas condicións de traballo, “esa vida en bambeo Golfo adiante, xogándolla á cherna e ós furacáns”, o medo e os naufraxios, os abusos dos armadores. Son tamén historias de emigración nas que a recordación da infancia en Galicia ten un papel estelar. É inevitable lembrarmos a Balbino nos recordos de nenez de cada un dos entrevistados, que en moitos casos asistiran ás escolas laicas financiadas por emigrantes galegos en Cuba a través das Sociedades de Instrución. 22 delas estaban na comarca de Ferrol.

Tamén queren ser retratos de homes cunha dimensión moral moi explícita. Neira fai un esforzo manifesto por afirmar a súa dignidade con benevolencia algo puritana “son hospitalarios, francos, honrados no decir e no facer (...) Non se embebedan (...) Souperon crear familias certamente exemplares”, e certifica a súa adecuación ás características do *bombre nuevo* cubano, “asumen con entusiasmo e responsabilidade os radicais cambios sociopolíticos que se producen en Cuba dende 1959” (...) “practican desde sempre unha auténtica solidariedade”, “son ateos de modo natural, sin estridencia”. Asemade o cronista combate con vigor o estereotipo do emigrante abaixado e servil. Moitos destes galegos participaron activamente, e algúns mesmo lideraran, a loita pola mellora das condicións de traballo. Encabezaron sindicatos, convocaron folgas, foron acosados por Machado e Batista, sufriron cadea ou foron deportados, como Juan Prieto Balsa, despois alcalde de Mugarodos e asasinado no 36. Trala revolución, algúns pescadores propietarios entregaron voluntariamente os seus barcos ao estado. “As súas inquedanzas de moitos anos tiveron resposta coa Revolución. Non atopéi un soio desafecto”, asegura Neira Vilas. Sería difícil atopalos nun grupo de historial políti-

camente intachable, formado maioritariamente por membros do partido comunista, dirixentes sindicais, homes que recibiron condecoracións do estado ou formaron parte de comités de defensa da revolución. O novo goberno cubano entrevistou todos os barcos de pesca e os armadores e tripulacións pasaron a integrarse en cooperativas de pesca primeiro e despois na Flota do Golfo creada polo Estado con novos barcos, os Lambda.

Quen eran estes homes? Xaquín Yáñez *Mourela*, nado en Mugardos en 1905, cun retrato de Lenin na casa e ao que unha onda devolveu á cuberta do barco despois de outra o rispara dela; *Caseiro*, nado en Caamouco en 1908, con outros catro irmáns pescando no Golfo; Evaristo *Melitón* Cabalo, nado en san Xoán de Río en 1897, preso en varias ocasións polo seu protagonismo sindical; Xoán Lago, *Badanas*, que chegou a Cuba con doce anos e pasou mil trafegos para gañar o “pan que amasou o demo”; Pedro Lamas, das Neves, que viviu seis meses nun cayó coma un *robinson* para agacharse da policía; Manuel Varela Casteleiro, nado en Redes en 1911, lector de Verne, Salgari e Jack London, sobrevivente do gran ciclón do 26; o *capitán Marabilla*, nado en Limodre en 1901, á fronte dun barco co nome da nai de Al Capone, cociñeiro de Mussolini e coidador das fillas de Afonso XIII... *Galegos...* retrata 16 vidas que explican outras moitas. Como pano de fondo desfila boa parte da historia contemporánea: a guerra da Independencia cubana, a guerra civil española, as guerras mundiais... pero tamén poder lerse como un relato de aventuras, coas súas ondas como penedos, tabeiróns, ciclóns e furacáns, tatuaxes, contrabando de ron e opio (como conta a novela *Contrabando* do cubano Enrique Serpa) e tráfico de inmigrantes chineses.

Galegos no Golfo de México constitúe un dos poucos testemuños directos da-



*Leopoldo Blanco Caseiro.
Xosé Prego,
na cuberta do
Lambda 37.*

queles aos que Galicia expulsou, non só na gran vaga da emigración americana. A historia da diáspora galega segue pexada entre nós polo descoñecemento, os tópicos e un achegamento basicamente sentimental. Entendela, agora que volvemos vivir tempos de sangría demográfica, non só é unha homenaxe necesaria senón unha reflexión imprescindible para comprendermos o que Galicia puido ou pode ser e as razóns que o impiden. Neira Vilas preguntalle a Ramón Rodríguez, *Maceira*, un dos galegos do Golfo, se algunha vez pensa en Galicia. *Maceira* responde: “Home, en Galicia toda poida que non, que nin a conozo”.



FUNDACIÓN XOSÉ NEIRA VILAS
36587 Gres - Vila de Cruces (Pontevedra)

Anagrama Fundación.

MARGA DO VAL

Escritora. Tradutora.

Obras: *O prognóstico da lúa* (Novela, 1997), *Entre Dunas* (Poemario, 2000, conxuntamente con Paula de Lemos), *Carolina Otero* (Ensaio, 2001). *Belle Otero*. *O Corpo que fala* (Teatro, 2002), *Aurora Rodríguez e a súa Boneca de Carne* (Teatro, 2002), *Lorca e as flores de Venus*. *Drama epéptico*. (2011) obras representadas pola Compañía Teatro Arte Livre.

Poemas recollidos en diferentes antoloxías como: *20 Gedichte aus galicien / 20 poemas galegos* (2007) e *Poetes gallecs d'avui* (2008).

A cidade sen roupa ao sol (2010), Premio da Crítica Española 2011 (poesía).

Tradución do alemán ao galego de *Randea do Alento* de Herta Müller (2010), Premio da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega á mellor tradución (2011).

PALABRAS DENDE GRES.

PALABRAS DE PANTRIGO E ACEIRO.

P

alabras-sempre-xene-
rosas, habería que di-
cir, querido Pepe.

Palabras-terra, puntos verme-
llos na cartografía dos afectos,
o penedo da Zanca do Quinto,
a Xesteira, os montes de Cire-
la, o areeiro, Ledesma, formigas
brancas a agatuñar polo monte.
Castro, Añobre, Veuvas, Caman-
zo, raiolas penduradas nunha
meniña.

SEMPRE GRES.

Palabras-terra. Saramago, cadu-
llo, canle derradeira. Gicholas.
Na restreba o avó Santiago dálle
a man a Avilés de Taramancos pa-
ra aprendermos máis nomes de
paxaros.

Palabras-man. Esmagoar, esfare-
lar, estercar. Escintilantes fouci-
ños. Carros cantareiros.




Neira Vilas con Anisia e seus pais na casa paterna en 1972.

Palabras-castro acougo de ve-
llos deuses e guerreiros. Envolvi-
das nunha “tenza de vizosos la-

bradíos”. Castromouzo. Palabras-
aventura.
SEMPRE GRES.

Marga do Val



Capa de "Nai". Akal Editor. Madrid, 1980.

Palabras-pedra. Croio, laxe, seixo, lousa, rocha, con. Moa, lareira, arco da ponte.

Palabras-auga onde xoga a vida entre nenos, troitas e escalos, onde batuxa escoltada por freixos, ameneiros, fentas e bachelos.

Palabras-árbore, Tío Laureano e abonda para enxertar maceiras e bachelos. Sabedoría.

Palabras-infancia. Ulla. Escuma, pedra, raíces. Ulla. Corda, trasmallo, lavadoiro, salmón,

liño, cangalleira, porrales, anguía, desova, chumbeira. Palabras-río.

Palabras-escola, celebrar vitorias dos traidores. Desandar. SEMPRE GRES.

Palabras-lar, con fome de lar, de quen marchou, palabras desde a casa portátil que é o corpo. Casa Nova, o soño nos calos das mans do pai. Un ramo de loureiro en cada pinche. Palabras-compa-

ña, Gumersindo. Palabras-pergrinas, palabras-romeiras-impenitentes para contar a historia. Saúdo do latexo das campás. Palabras-volta.

Palabras-berce, mamadas e levadas arriba por Palabras-nai, abrete, equinoccio, sementeira, ceifa. Nai, "cada dúas voltas da terra tras do sol" na Casa do Romano, "o anarquista que chegou de Roma". Palabras-herdanza da avoa Maripepa, mancadura, bocha, carafuncho, do avó Santiago, músico, labrego e zoqueiro que naceu, viviu e morreu en Gres.

SEMPRE GRES.

Palabras-festa. Magostar. Entroido. Muíño. Bicos do Deza e mais do Ulla. O laio do violín na feira. A Avoa Maripepa.

SEMPRE GRES.

Palabras-ponte. Ponte Ledesma. As insuas. A illa. Mar de ida e volta. Ponte de auga. Palabras-emigración. Curros e Basilio e Chané e Abelardo e Villar Ponte e Cabanillas e Blanco Torres e Lugrís e Xan de Masma e María Araujo e os Galegos no Golfo de México. E as mulleres de ferro. E Lelo e máis Tomas. O camiño Bretemoso e un remuíño de sombras. Tempo Novo. De Rosalía a Castelao.

SEMPRE GRES.

Palabras-Anisia, Anisia-compañeira, palma-piñeiro, aquí-alá, sinsonte-rula, gaita-bongó. Man eterna a regar acevros e camelias. Palabras-flores. Cuba e Galiza. Palabra-compromiso-lealdade.

SEMPRE ANISIA. SEMPRE GRES.

Palabras-memoria. Manuel Ponte. Che. SEMPRE EN GALIZA. Memoria-intemporal.

Palabras de Nós, de ti, de min, de todos vosoutros, de todas nosoutras.

SEMPRE GRES. SEMPRE EN GALIZA.

SEMPRE GRES. Forno milenario. Resumo de esperanzas, de leiras florecidas. Leiriñas brancas sementadas de palabras.

Xosé Neira Vilas. Palabras xenerosas. Palabras de pantrigo e aceiro. SEMPRE GRES. SEMPRE EN GALIZA.

Querido Pepe, en ti todas as palabras do mundo, do que somos e seremos. Na túa poesía. Dende Gres, daquel rapaz que un día soñou ser escritor e andar mundo.... como aquel capitán.
DENDE GRES SEMPRE EN GALIZA.



Neira Vilas con Anisia en Gres na primeira viaxe de retorno, 1972.

Datos para a historia

Xosé Neira Vilas

Naceu en Gres, Pontevedra, en 1928. É membro numerario da Real Academia Galega, Doutor Honoris Causa polas universidades da Coruña e da Habana, e Fillo Predilecto do Concello de Vila de Cruces. Entre outros galardóns recibiu a Medalla Castelao, o Pedrón de Honra, o Premio Trasalba, o Premio Xornalístico M. Reimúndez Portela. Premio da Crítica Española (novela en galego) e Premio da Crítica Galega (ensaio).

Emigrou a Arxentina en 1949, onde fixo a carreira de Xornalismo. Foi Secretario Xeral das Mocidades Galeguistas, e Secretario da Comisión Organizadora do histórico Primeiro Congreso da Emigración Galega. Casou coa escritora cubana, de ascendencia galega, Anisia Miranda, en 1957. Xuntos fundaron ese mesmo ano "Follas Novas", editorial e distribuidora do libro galego no continente americano.

Colaborou na prensa galega de Buenos Aires e publicou nesa cidade o pemario *Dende lonxe*, en 1960, e a novela *Memorias dun neno labrego*, en 1961, ano en que Neira e Anisia van vivir a Cuba. Alí funda e dirixe a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística que atendeu durante 22 anos. Desempeña diversos traballos na administración, fai xornalismo literario, e exerce durante seis anos a xefatura de redacción da revista infantil *Zunzún*. Dende 1992 reside na súa parroquia natal, onde preside a fundación que leva o seu nome. (A súa compañeira Anisia faleceu en 2009).

Libros publicados (entre 1960 e 2011)

Narrativa

Xente do rodicio (1965)
Camiño bretemoso (1967)
Historias de emigrantes (1968)
A muller de ferro (1969)
Remuíño de sombras (1973)
Aqueles anos do Moncho (1977)
Querido Tomás (1980)
Tempo novo (1987)
O home de pau (1999)
Relatos mariñeiros (2003)

Narrativa para nenos

Memorias dun neno labrego (1961)
Cartas a Lelo (1971)
O cabaliño de buxo (1971)
Espantallo amigo (1971)
A marela taravela (1976)

Contos vellos para rapaces novos (1983)
De cando o Suso foi carteiro (1988)
Chegan forasteiros (1993)

Poesía

Dende lonxe (1960)
Inquedo latexar (1969)
Poesía recadada (1994)
Cantarolas (1995)
Dende Gres (2004)

Testemuños

Galegos no Golfo de México (1980)
Guerrilleiros (1991)
Eduardo Blanco Amor, dende Buenos Aires (1995)

Investigacións

Castelao en Cuba (1983)
A prensa galega de Cuba (1985)
Rosalía de Castro e Cuba (1992)
A lingua galega en Cuba (1995)
Memoria da emigración, I (1994)
Memoria da emigración, II (1995)
Memoria da emigración, III (1996)
Galegos que loitaron pola independencia de Cuba (1998)
Manuel Murguía e os galegos da Habana (2000)
Crónicas galegas de América (rolda primeira) (1999)
Crónicas galegas de América (rolda segunda) (2000)
Crónicas galegas de América (rolda terceira) (2001)
O sarillo do tempo (2004)
Prosas varias (2004)
Xentes e camiños (2005)
Vinte anos retornando (2006)
Arredor do mundo (2007)
Lóstregos (2009)
Encontros con Laxeiro (2009)
Cartas de vellos amigos (2010)
Presenza galega en Cuba (2010)
Penúltimo dietario (2011)
Cancela aberta (2011)

Lembranzas

Lar (1974)
Nai (1980)
Pan (1991)

Traducións ó galego

Itinerario galego, de Víctor Luis Molineri (1958)
Trintenove poemas, de Nicolás Guillén (1977)
Xornal de prisión, de Ho Chi Minh (1983)
Contos vellos para rapaces novos (1983)
Mitos e lendas da vella Grecia, de Anisia Miranda (1983)

A historia absolverame, de Fidel Castro (1990)
A idade de Ouro, de José Martí (1991)
O camiño de Santiago, de Alejo Carpentier (1993)

Algunhas traducións do galego ó castelán (publicadas en diferentes revistas)

Seis poemas galegos de Federico García Lorcas (1964)
Veintiún poemas de Uxío Novoneyra (1966)
El poema comunitario de A. Machado de Xesús Alonso Montero (1972)

Ademais, 476 refráns galegos, algúns contos populares e coplas de tema mariñeiro.

Por outra parte, autotraduciu varios libros da súa autoría para publicar en castelán en editoriais cubanas. Son *Memorias de un niño campesino*, *Aquellos años de Moncho*, *Querido Tomás*, *Camino nebuloso*, *Pescadores gallegos de La Habana* e *Los días cubanos de Alfonso Castelao*.

Finalmente, traduciu páxinas de doce obras súas de narrativa para unha antoloxía que se publicou na Habana (1982).

A obra narrativa e poética de Neira aparece en diversas antoloxías. Varios libros seus foron traducidos a outras linguas (sobre todo *Memorias dun neno labrego*), e sete delas publicáronse no sistema braille para cegos. Moitos traballos da súa autoría aparecen en textos didácticos.

Libros sobre Xosé Neira Vilas

La visión de Galicia en Xosé Neiras, Vilas por María Lucas (1977)
A recepción inmanente na obra de Neira Vilas, por Dolores Vilavedra (1990)
Xosé Neira Vilas e "Xente do rodicio", por Xesús Rábade Paredes (1992)
Xosé Neira Vilas e Rachel de Queiroz, fabuladores artífices, por Cleudene de Oliveira (2000)
Xosé Neira Vilas y "Memorias dun neno labrego", por Corinne Son (2001)
Xosé Neira Vilas (biografía), por Ramón Regueira (2003)
Buenos Aires na obra de Neira Vilas, por Nora Longhini (2003)
Neira Vilas na Arxentina, por Nora Longhini (2008)